



Clasificación das emendas ao Proxecto de lei do clima de Galicia



PROXECTO DE LEI DO CLIMA DE GALICIA

Lei do Clima de Galicia

NON SE PRESENTARON EMENDAS

TÍTULO PRELIMINAR

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.

REXEITADA	-Do G.P Bloque Nacionalista Galego Emenda nº 1, de Modificación
TRANSACC.	-Do G.P Socialistas de Galicia Emenda nº 1, ao apartado 1. k bis), de Adición
ACEPTADA	-Do G.P Popular de Galicia Emenda nº 1, ao apartado 2. a), de Modificación
TRANSACC.	-Do G.P Socialistas de Galicia Emenda nº 2, ao apartado 2. a), de Modificación



Artigo 2.

ACEPTADA PARCIAL

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 2, de Modificación

ACEPTADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 3, ao apartado a), de Modificación

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 4, ao apartado c), de Modificación

ACEPTADA

-Do G.P Popular de Galicia

Emenda nº 2, ao apartado g bis), de Adición

TRANSACC.

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 5, ao apartado g bis), de Adición

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 6, ao apartado g ter), de Adición

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 7, ao apartado g quater), de Adición

Artigo 3.

REXEITADA

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 3, ao apartado 2. c bis), de Adición



Artigo 4.

REXEITADA	-Do G.P Socialistas de Galicia Emenda nº 8, ao apartado b), de Adición
TRANSACC. PARCIAL	-Do G.P Bloque Nacionalista Galego Emenda nº 4, ao apartado n bis), de Adición
REXEITADA	-Do G.P Socialistas de Galicia Emenda nº 9, ao apartado n bis), de Adición
ACEPTADA	-Do G.P Socialistas de Galicia Emenda nº 10, ao apartado n ter), de Adición
REXEITADA	-Do G.P Socialistas de Galicia Emenda nº 11, ao apartado n quater), de Adición
ACEPTADA	-Do G.P Socialistas de Galicia Emenda nº 12, ao apartado n quinquies), de Adición
REXEITADA	-Do G.P Socialistas de Galicia Emenda nº 13, ao apartado n sexies), de Adición
ACEPTADA	-Do G.P Socialistas de Galicia Emenda nº 14, ao apartado n septies), de Adición
ACEPTADA	-Do G.P Socialistas de Galicia Emenda nº 15, ao apartado n octies), de Adición
REXEITADA	-Do G.P Socialistas de Galicia



Emenda nº 16, ao apartado n nonies), de Adición

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 17, ao apartado n decies), de Adición

Artigo 4 bis.

TRANSACC. -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 6, de Adición

Artigo 4 bis.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 5, de Adición

Artigo 4 quater.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 7, de Adición

Artigo 4 quinquies.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 8, de Adición



Artigo 4 sexies.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 9, de Adición

TÍTULO I

NON SE PRESENTARON EMENDAS

CAPÍTULO I

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 5.

ACEPTADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 10, ao apartado b bis), de Adición

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia
Emenda nº 18, ao apartado b bis), de Adición

Artigo 6.

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia
Emenda nº 19, ao apartado e bis), de Adición



CAPÍTULO II

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 7.

REXEITADA

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 11, ao apartado 1, de Adición

REXEITADA

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 12, ao apartado 3, de Adición

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 20, ao apartado 3. p bis), de Adición

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 21, ao apartado 3. p ter), de Adición

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 22, ao apartado 3 bis), de Adición

Artigo 8.

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 23, ao apartado 3, de Adición

Artigo 8 bis.



REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 13, de Adición

Artigo 8 ter.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 14, de Adición

CAPÍTULO III

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 9.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 15, ao apartado 3 bis), de Adición

Artigo 10.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

CAPÍTULO IV

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 16, de Modificación

**Artigo 11.**

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 17, de Modificación

Artigo 11 bis.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 18, de Adición

Artigo 11 ter.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 19, de Adición

Artigo 11 quater.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 20, de Adición

Artigo 11 quinquies.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 21, de Adición



Artigo 11 sexies.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 22, de Adición

Artigo 11 septies.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 23, de Adición

CAPÍTULO V

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 12.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 13.

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 24, ao apartado 3, de Adición

Artigo 14.



REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia
Emenda nº 25, ao apartado 3. g bis), de Adición

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 24, ao apartado 4 bis), de Adición

Artigo 15.

**TRANSACC.
PARCIAL** -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 25, ao apartado 2, de Adición

Artigo 15 bis.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 26, de Adición

TÍTULO II

NON SE PRESENTARON EMENDAS

CAPÍTULO I

NON SE PRESENTARON EMENDAS



Artigo 16.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 17.

REXEITADA

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 27, ao apartado 2 bis), de Adición

Artigo 18.

REXEITADA

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 28, ao apartado 4, de Modificación

REXEITADA

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 29, ao apartado 4 bis), de Adición

Artigo 19.

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 26, ao apartado 3. d), de Modificación

REXEITADA

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 30, ao apartado 6, de Modificación

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 27, ao apartado 8, de Modificación



REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 31, ao apartado 9, de Modificación

Artigo 19 bis.

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia
Emenda nº 28, de Adición

Artigo 20.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

CAPÍTULO II

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 21.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 21 bis.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 32, de Adición

**Artigo 22.****REXEITADA**

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 29, ao apartado 1, de Modificación

Artigo 23.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 24.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

CAPÍTULO II BIS

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 30, de Adición

Sección 1ª.

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 31, de Adición

Artigo 24 bis.**REXEITADA**

-Do G.P Socialistas de Galicia



Emenda nº 32, de Adición

Artigo 24 ter.

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 33, de Adición

Artigo 24 quater.

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 34, de Adición

Artigo 24 quinquies.

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 35, de Adición

Artigo 24 sextus.

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 36, de Adición

Artigo 24 septimus.

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia



Emenda nº 37, de Adición

Artigo 24 octavus.

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 38, de Adición

Artigo 24 nonus.

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 39, de Adición

Artigo 24 decimus.

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 40, de Adición

Artigo 24 undecimus.

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 41, de Adición

Sección 2ª.

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia



Emenda nº 42, de Adición

Artigo 24 duodecimus.

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 43, de Adición

Artigo 24 tertius decimus.

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 44, de Adición

Artigo 24 quartus decimus.

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 45, de Adición

Artigo 24 quintus decimus.

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 46, de Adición

Artigo 24 sextus decimus.

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia



Emenda nº 47, de Adición

Artigo 24 septimus decimus.

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 48, de Adición

Artigo 24 duodevicesimus.

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 49, de Adición

Artigo 24 undevicesimus.

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 50, de Adición

Artigo 24 vicesimus.

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 51, de Adición

TÍTULO III

NON SE PRESENTARON EMENDAS



CAPÍTULO I

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 25.

ACEPTADA

-Do G.P Popular de Galicia

Emenda nº 3, ao apartado 4 bis), de Adición

Artigo 25 bis.

REXEITADA

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 33, de Adición

Artigo 25 ter.

REXEITADA

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 34, de Adición

Artigo 25 quater.

REXEITADA

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 35, de Adición

**Artigo 25 quinquies.**

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 36, de Adición

Artigo 25 sexties.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 37, de Adición

Artigo 26.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 26 bis.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 38, de Adición

Artigo 27.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 39, ao apartado 3, de Modificación

Artigo 28.

**REXEITADA**

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 40, ao apartado 3, de Modificación

Artigo 29.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 30.**REXEITADA**

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 41, de Supresión

CAPÍTULO II

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 31.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 32.**REXEITADA**

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 42, de Modificación

**Artigo 33.****ACEPTADA**

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 43, ao apartado 1. b bis), de Adición

REXEITADA

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 44, ao apartado 3 bis), de Adición

Artigo 34.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 34 bis.**REXEITADA**

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 52, de Adición

Artigo 35.**REXEITADA**

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 45, de Supresión

Artigo 36.**REXEITADA**

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 46, ao apartado 2 bis), de Adición

**Artigo 36 bis.**

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 53, de Adición

Artigo 37.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 47, de Supresión

TÍTULO IV**NON SE PRESENTARON EMENDAS****CAPÍTULO I****NON SE PRESENTARON EMENDAS****Artigo 38.**

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 48, de Adición

CAPÍTULO II



NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 39.

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 54, de Modificación

REXEITADA

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 49, ao apartado 1, de Modificación

Artigo 40.

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 55, de Modificación

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 56, ao apartado j bis), de Adición

TÍTULO V

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 41.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

**Artigo 42.**

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 43.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 44.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 44 bis.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 50, de Adición

Disposición adicional primeira.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 51, de Supresión

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia
Emenda nº 57, de Adición

Disposición adicional primeira bis.



TRANSACC. -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 55, de Adición

Disposición adicional primeira bis.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 52, de Adición

Disposición adicional primeira ter.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 53, de Adición

Disposición adicional primeira quater.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 54, de Adición

Disposición adicional segunda.

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego
Emenda nº 56, de Supresión

Disposición adicional segunda bis.



ACEPTADA -Do G.P Popular de Galicia
Emenda nº 4, de Adición

Disposición derogatoria única.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Disposición derradeira primeira.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Disposición derradeira segunda.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Exposición de motivos.

ACEPTADA -Do G.P Popular de Galicia
Emenda nº 5, de Modificación

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia
Emenda nº 58, ao apartado I, de Adición

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia
Emenda nº 59, ao apartado II, de Adición

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia



Emenda nº 60, ao apartado II, de Adición

ACEPTADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 61, ao apartado II, de Adición

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 62, ao apartado II, de Adición



Texto para Comisión

PROXECTO DE LEI DO CLIMA DE GALICIA

Proxecto de lei : BOPG núm. 256, do 17/09/2025

Emendas ao articulado: BOPG núm. 275, do 28/10/2025

Informe da Ponencia: BOPG núm. 296, do 04/12/2025



TEXTO DO PROXECTO:

Lei do clima de Galicia

INFORME DE PONENCIA:

Lei do Clima de Galicia

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



TEXTO DO PROXECTO:

TÍTULO PRELIMINAR

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. *Obxectivos*

1. Esta lei ten os seguintes obxectivos xerais:

a) Contribuír para o cumprimento dos compromisos internacionais sobre redución de emisións de gases de efecto invernadoiro e para a implantación de medidas de adaptación aos efectos do cambio climático.

b) Facilitar a descarbonización de todos os sectores da economía galega e a súa transición para un modelo circular, de modo que se garanta o uso racional e solidario dos recursos.

c) Promover a adaptación aos impactos do cambio climático e a implantación dun modelo de desenvolvemento sustentable que xere un emprego de calidade e que contribúa para reducir as desigualdades.

d) Aumentar a resiliencia do territorio ao cambio climático e aproveitar as oportunidades sociais, empresariais e económicas que ofrece a transición climática.

e) Impulsar a investigación e a innovación na materia de cambio climático para tornar Galicia unha rexión exportadora de solucións fronte a este.

f) Mellorar a preparación, a xestión, a coordinación e a resposta ante fenómenos meteorolóxicos extremos.

g) Impulsar ferramentas de protección para a cidadanía coa identificación de illas de calor e co deseño de refuxios climáticos.



h) Contribuír para mellorar a calidade do aire ata alcanzar niveis que non foren considerados nocivos para a saúde humana, para os ecosistemas naturais e para a biodiversidade.

i) Conservar, restaurar e usar de forma sustentable os ecosistemas, de maneira que manteñan os servizos ambientais que proporcionan.

j) Integrar a perspectiva climática na organización e no desenvolvemento das políticas sectoriais e da actividade e dos servizos das administracións públicas de Galicia.

k) Profesionalizar e reforzar o coñecemento e as capacidades técnicas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para afrontar, de forma transversal, os obxectivos xerais e os específicos definidos neste artigo.

2. Esta lei ten os seguintes obxectivos específicos:

a) Acadar a neutralidade climática en Galicia no horizonte do ano 2040, empregando para iso todas as actuacións de descarbonización recollidas nesta lei, xunto cos mecanismos de financiamento que soporten as actuacións mencionadas.

b) Reducir as emisións netas de gases de efecto invernadoiro, cando menos, nun 75 por cento no ano 2030 con respecto aos niveis de 1990, e dar cumprimento aos obxectivos que se definan para o 2040 no marco do Acordo de París.

3. Os obxectivos climáticos do punto 2 serán revisados, no marco da actualización da Estratexia galega de cambio climático, para dar cumprimento á evolución dos compromisos asumidos internacionalmente e definidos pola Unión Europea.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 1. *Obxectivos*

1. Esta lei ten os seguintes obxectivos xerais:



- a) Contribuír para o cumprimento dos compromisos internacionais sobre redución de emisións de gases de efecto invernadoiro e para a implantación de medidas de adaptación aos efectos do cambio climático.
- b) Facilitar a descarbonización de todos os sectores da economía galega e a súa transición para un modelo circular, de modo que se garanta o uso racional e solidario dos recursos.
- c) Promover a adaptación aos impactos do cambio climático e a implantación dun modelo de desenvolvemento sustentable que xere un emprego de calidade e que contribúa para reducir as desigualdades.
- d) Aumentar a resiliencia do territorio ao cambio climático e aproveitar as oportunidades sociais, empresariais e económicas que ofrece a transición climática.
- e) Impulsar a investigación e a innovación na materia de cambio climático para tornar Galicia unha rexión exportadora de solucións fronte a este.
- f) Mellorar a preparación, a xestión, a coordinación e a resposta ante fenómenos meteorolóxicos extremos.
- g) Impulsar ferramentas de protección para a cidadanía coa identificación de illas de calor e co deseño de refuxios climáticos.
- h) Contribuír para mellorar a calidade do aire ata alcanzar niveis que non foren considerados nocivos para a saúde humana, para os ecosistemas naturais e para a biodiversidade.
- i) Conservar, restaurar e usar de forma sustentable os ecosistemas, de maneira que manteñan os servizos ambientais que proporcionan.
- j) Integrar a perspectiva climática na organización e no desenvolvemento das políticas sectoriais e da actividade e dos servizos das administracións públicas de Galicia.



k) Profesionalizar e reforzar o coñecemento e as capacidades técnicas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para afrontar, de forma transversal, os obxectivos xerais e os específicos definidos neste artigo.

k *bis*) Orientar o proceso de transición enerxética cara a un modelo baseado no aforro e na eficiencia no uso da enerxía, promovendo a incorporación progresiva de fontes renovables e de solucións enerxéticas que contribúan para descarbonizar o sistema actual. Esta transformación deberá asegurar, en todo o momento, a seguranza da subministración, a competitividade económica e aproveitar a transición enerxética como motor para un desenvolvemento sustentable que reforce a economía, que mellore a calidade de emprego e que contribúa para o benestar do conxunto da sociedade.

2. Esta lei ten os seguintes obxectivos específicos:

a) Acadar a neutralidade climática en Galicia no horizonte do ano 2040, empregando para iso todas as actuacións de descarbonización recollidas nesta lei, xunto cos mecanismos de financiamento que soporten as actuacións mencionadas e as medidas de compensación que foren necesarias.

b) Reducir as emisións netas de gases de efecto invernadoiro, cando menos, nun 75 por cento no ano 2030 con respecto aos niveis de 1990, e dar cumprimento aos obxectivos que se definiren para 2040 no marco do Acordo de París.

3. Os obxectivos climáticos do punto 2 serán revisados, no marco da actualización da Estratexia galega de cambio climático, para dar cumprimento á evolución dos compromisos asumidos internacionalmente e definidos pola Unión Europea.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego



Emenda nº 1, de Modificación

- Débese substituír o texto do artigo 1 polo que segue a continuación:

«Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. Esta lei ten como obxecto establecer un marco normativo, institucional e instrumental para desenvolver o compromiso coa acción climática na Comunidade Autónoma de Galicia, promovendo a transición cara a un novo modelo socioeconómico e enerxético, cunha economía baixa en carbono, cun uso racional dos recursos naturais e cunha actuación integral fronte ás alteracións climáticas.

2. Esta lei ten os seguintes fins:

a) Garantir a xustiza social no proceso de transición ecolóxica, reducindo a vulnerabilidade daqueles sectores sociais máis sensibles aos impactos do cambio climático e daqueles outros aos cales esta transición pode afectar en maior medida.

b) Converter Galicia nun referente de territorio sustentable, ambientalmente responsable, eficiente no uso de recursos e resiliente na materia de adaptación ao cambio climático.

c) Cumpir os compromisos internacionais en relación co cambio climático, coa redución das emisións e coa descarbonización da economía, garantindo unha transición ecolóxico-enerxética xusta e que responda aos intereses de Galicia e da maioría social.



- d) Impulsar a iniciativa pública nas políticas de transición enerxética xusta e de transición ecolóxica equitativa.
- e) Estabilizar e reducir a demanda enerxética, dando prioridade ao aforro enerxético, á eficiencia enerxética e á xeración con enerxías renovables.
- f) Incrementar a capacidade de adaptación do territorio e da economía.
- g) Impulsar un sistema enerxético renovable baseado na iniciativa pública e na democratización do acceso equitativo a esta.
- h) Democratizar o acceso á enerxía, entendido como o dereito da cidadanía ao acceso equitativo á enerxía, como persoas produtoras e consumidoras, e garantir que o despregamento das enerxías renovables respecte os servizos ecosistémicos, o patrimonio natural e as actividades socioeconómicas propias dos territorios.
- i) Preparar o territorio, as infraestruturas, os bens e as actividades fronte aos riscos derivados da emerxencia e do cambio climático.
- j) Adaptar os sectores produtivos e introducir a perspectiva climática na ordenación do territorio, nas infraestruturas e nos servizos.
- k) Promover a participación da cidadanía, do ámbito académico e dos axentes sociais na elaboración, no desenvolvemento e na avaliación das políticas climáticas.



l) Incluír a acción exterior e a cooperación internacional nas políticas climáticas.

m) Fomentar a educación ambiental, a educación formal e informal, a formación permanente da cidadanía e a investigación en relación co cambio climático.

n) Aprobar e aplicar, de maneira efectiva e realista, os obxectivos climáticos de Galicia para os anos 2030, 2035 e 2040, para garantir a neutralidade climática no ano 2040.».

TRANSACC.

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 1, ao apartado 1. k bis), de Adición

Débese engadir unha nova alínea k *bis*) no punto 1 do artigo 1, que terá o seguinte contido:

«k *bis*) Orientar o proceso de transición enerxética cara a un modelo baseado no aforro e na eficiencia no uso da enerxía, promovendo a incorporación progresiva de fontes renovables e de solucións enerxéticas que contribúan para descarbonizar o sistema actual. Esta transformación deberá asegurar, en todo o momento, a seguranza da subministración e a competitividade económica.».

ACEPTADA

-Do G.P Popular de Galicia

Emenda nº 1, ao apartado 2. a), de Modificación

Débese modificar a aínea a) do punto 2 do artigo 1, que quedará redactada como segue:



«a) Alcanzar a neutralidade climática en Galicia no horizonte do ano 2040, empregando para iso todas as actuacións de descarbonización recollidas nesta lei, xunto cos mecanismos de financiamento que soporten as actuacións mencionadas **e as medidas de compensación que foren necesarias.**».

TRANSACC.

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 2, ao apartado 2. a), de Modificación

Débese substituír, no punto 2 do artigo 1, o contido da alínea a) polo que segue a continuación:

«a) Alcanzar a neutralidade climática en Galicia no horizonte do ano 2040, mediante a aceleración da descarbonización en todos os sectores socioeconómicos, aproveitando a transición enerxética como motor para un desenvolvemento sustentable que reforce a economía, mellore a calidade do emprego e contribúa para o benestar do conxunto da sociedade galega.».



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 2. Principios

Os principios que deben guiar a aplicación e a interpretación desta lei para conseguir un alto nivel de protección do ambiente son os seguintes:

a) De integración da perspectiva climática na actividade administrativa, coa finalidade de cumprir co obxectivo da Unión Europea dun desenvolvemento económico climaticamente neutro e circular.

b) De non-regresión ambiental, de modo que se garanta o mantemento dos estándares de protección establecidos pola lexislación da Unión Europea, pola lexislación básica do Estado e polas leis sectoriais ambientais da Comunidade Autónoma.

c) De prevención e de cautela dos danos ao ambiente e á saúde das persoas derivados do cambio climático.

d) De non causar danos significativos aos obxectivos ambientais de mitigación e de adaptación climática, e de contribuír substancialmente para estes obxectivos, a través do fomento de investimentos ambientalmente sustentables.

e) De «primeiro, a eficiencia enerxética», e de uso eficiente da auga, das materias primas e doutros recursos indispensables para desenvolver as actividades sociais e económicas.

f) De corrección dos danos ao ambiente na súa orixe e de autosuficiencia e proximidade na xestión de residuos.

g) De «quen contamina, paga», mediante a internalización dos custos ambientais por parte dos responsables da xeración dos riscos e dos impactos climáticos .

INFORME DE PONENCIA:



Artigo 2. *Principios*

Os principios que deben guiar a aplicación e a interpretación desta lei para conseguir un alto nivel de protección do ambiente son os seguintes:

- a) De actuación exemplar e coordinada das administracións públicas galegas para impulsar a transformación enerxética do país, exercendo un papel de liderado activo na transición cara a unha sociedade neutra en carbono e adaptada aos efectos do cambio climático, cumprindo os obxectivos da Unión Europea.
- b) De non-regresión ambiental, de modo que se garanta o mantemento dos estándares de protección establecidos pola lexislación da Unión Europea, pola lexislación básica do Estado e polas leis sectoriais ambientais da Comunidade Autónoma.
- c) De prevención e de cautela dos danos ao ambiente e á saúde das persoas derivados do cambio climático.
- d) De non causar danos significativos aos obxectivos ambientais de mitigación e de adaptación climática, contribuíndo substancialmente para estes obxectivos, a través do fomento de investimentos ambientalmente sustentables.
- e) De «primeiro, a eficiencia enerxética», e de uso eficiente da auga, das materias primas e doutros recursos indispensables para desenvolver as actividades sociais e económicas.
- f) De corrección dos danos ao ambiente na súa orixe e de autosuficiencia e proximidade na xestión de residuos.
- g) De «quen contamina, paga», mediante a internalización dos custos ambientais por parte dos responsables da xeración dos riscos e dos impactos climáticos .



g *bis*) De neutralidade tecnolóxica, permitindo a contribución de todas as tecnoloxías e das solucións dispoñibles que acrediten ser compatibles cos obxectivos desta lei.

g *ter*) De transversalidade, de maneira que se garanta que a mitigación e a adaptación ás alteracións climáticas fan parte das políticas globais e sectoriais.

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA

PARCIAL

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 2, de Modificación

Débase substituír o texto do artigo 2 polo que segue a continuación:

«Artigo 2. *Principios*

ACEPT.

PARCIAL

- De transversalidade, de maneira que se garanta que a mitigación e a adaptación ás alteracións climáticas fan parte das políticas globais e sectoriais.

REXEITAM.

- De precaución e de acción preventiva diante dos efectos potencialmente perigosos de fenómenos e de procesos derivados das alteracións climáticas.

- De anticipación e de preparación, mediante a investigación e o coñecemento dos procesos e dos escenarios climáticos.

-De enfoque de xénero, que se aplicará a todos os ámbitos de actuación previstos nesta lei.

- De equidade social, territorial e interxeracional.



- De transparencia, de acceso á información e de participación pública.
- De coñecemento científico e de innovación tecnolóxica e social.
- De “quen conserva, benefíciase”, para establecer sistemas de compensación dos servizos ecosistémicos.».

ACEPTADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 3, ao apartado a), de Modificación

Débese substituír a alínea a) do artigo 2 polo que segue a continuación:

«a) De actuación exemplar e coordinada das administracións públicas galegas para impulsar a transformación enerxética do país, exercendo un papel de liderado activo na transición cara a unha sociedade neutra en carbono e adaptada aos efectos do cambio climático, cumprindo os obxectivos da Unión Europea.».

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 4, ao apartado c), de Modificación

Débese substituír o contido da alínea c) do artigo 2 polo que segue a continuación:

«c) A aplicación do principio de precaución para anticipar e minimizar riscos asociados ao cambio climático, promovendo a preparación fronte a fenómenos extremos e fortalecendo a resiliencia dos sistemas naturais, económicos e sociais.».

**ACEPTADA**

-Do G.P Popular de Galicia

Emenda nº 2, ao apartado g bis), de Adición

No artigo 2, débese engadir unha nova alínea, g *bis*), co seguinte contido:

«g *bis*) De neutralidade tecnolóxica, permitindo a contribución de todas as tecnoloxías e das solucións dispoñibles que acrediten ser compatibles cos obxectivos desta lei.».

TRANSACC.

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 5, ao apartado g bis), de Adición

Débese engadir unha nova letra g *bis*) no artigo 2, que terá o seguinte contido:

«g *bis*) Promoción da igualdade efectiva entre mulleres e homes, así como da integración da perspectiva de xénero e da mocidade nas políticas de transición ecolóxica. Garantirase a participación activa das mulleres na toma de decisións e na planificación climática, fomentando o seu protagonismo nos ámbitos científico, tecnolóxico e investigador vencellados á acción climática e enerxética.».

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 6, ao apartado g ter), de Adición

Débese engadir unha nova alínea g *ter*) no artigo 2, que terá o seguinte contido:



«g *ter*) Garantía de que a transición enerxética se realice protexendo a competitividade das empresas e o equilibrio territorial, atendendo as necesidades específicas do medio rural, dos sectores produtivos estratéxicos e das economías locais.».

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 7, ao apartado g *quater*), de Adición

Débese engadir unha nova aínea g *quarter*) no artigo 2, que terá o seguinte contido:

«g *quarter*) Incorporación do principio de xustiza climática como guía transversal, nas súas dimensións social, económica e ambiental, tanto no ámbito interno como no global e tanto en chave intraxeracional como interxeracional, asegurando unha transición xusta que non deixe ningún atrás.».



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 3. Ámbito de aplicación

1. Esta lei é aplicable ás administracións públicas de Galicia, no ámbito das súas respectivas competencias, e ás persoas físicas e xurídicas de natureza privada, en relación coas actividades que desenvolven no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Para os efectos desta lei, entenderase por administracións públicas de Galicia:

a) A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o resto de entidades do sector público autonómico, de acordo coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como as corporacións de dereito público.

b) No ámbito das súas respectivas competencias, as entidades locais de Galicia, consonte a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

c) As universidades públicas do Sistema universitario de Galicia, incluíndo as súas entidades vinculadas ou dependentes.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 3. Ámbito de aplicación

1. Esta lei é aplicable ás administracións públicas de Galicia, no ámbito das súas respectivas competencias, e ás persoas físicas e xurídicas de natureza privada, en relación coas actividades que desenvolven no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Para os efectos desta lei, entenderase por administracións públicas de Galicia:



a) A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o resto de entidades do sector público autonómico, de acordo coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como as corporacións de dereito público.

b) No ámbito das súas respectivas competencias, as entidades locais de Galicia, consonte a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

c) As universidades públicas do Sistema universitario de Galicia, incluíndo as súas entidades vinculadas ou dependentes.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 3, ao apartado 2. c bis), de Adición

Débese engadir unha nova aínea c *bis*) ao final do punto 2 do artigo 3, que terá o seguinte texto:

«c *bis*) As sociedades mercantís con participación da Xunta ou das entidades do sector público autonómico.».



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 4. Definicións

Para os efectos do disposto nesta lei, entenderase por:

a) Adaptación: nos sistemas humanos, é o proceso de axuste ao clima actual ou esperado e os seus efectos para reducir danos e para aproveitar oportunidades beneficiosas. Nos sistemas naturais, é o proceso de axuste ao clima actual ou esperado. A intervención humana pode facilitar o axuste.

b) Áreas estratéxicas: teñen esta consideración as seguintes funcións desenvolvidas polas administracións públicas en Galicia no seu marco competencial: ambiente; enerxía; mobilidade e transporte; sectores industriais; sector servizos e turismo; ordenación do territorio e urbanismo; vivenda; augas; litoral; sanidade; protección civil e emerxencias; saúde; xestión de residuos; forestal; agricultura e gandería; pesca, marisqueo e acuicultura; medio natural; observación e investigación e desenvolvemento; educación. Terán esta consideración aquelas que, de xeito complementario, determine como tal o Plan rexional integrado de acción climática en vigor.

c) Compensación de emisións: en relación cun servizo, cun proceso ou cun produto cuxa prestación ou elaboración der lugar unha emisión limpa de gases de efecto invernadoiro (GEI) durante o seu ciclo de vida, a compensación baséase noutro proceso ou mecanismo, alleo a este ciclo de vida, que der lugar unha absorción de carbono, que for posible avaliar e certificar, en cantidade equivalente ás emisións de GEI producidas polo primeiro.

d) Escenarios de emisións: son unha descrición verosímil do tipo de desenvolvemento futuro, baseada nun conxunto coherente e internamente consistente de hipóteses sobre a evolución demográfica, económica, tecnolóxica, social e ambiental que dan lugar a posibles vías de desenvolvemento futuro das emisións humanas de gases de



efecto invernadoiro e de aerosois que, por súa vez, afectan o balance de radiación global da terra.

e) Eventos: son espectáculos públicos e actividades recreativas, no sentido da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

f) Gases de efecto invernadoiro (GEI) : son os compoñentes gasosos da atmosfera, tanto de orixe natural como xerados a partir de actividades humanas, que provocan o efecto invernadoiro ao absorberen e remitiren radiación infravermella. Os recoñecidos pola Convención das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático como contribuíntes para o cambio climático son, nestes momentos: o dióxido de carbono (CO_2), o gas metano (CH_4), o óxido nitroso (N_2O), o hexafluoruro de xofre (SF_6), o trifluoruro de nitróxeno (NF_3), o perfluorocarbonos (PFC) e os hidrofluorocarbonos (HFC).

g) Mitigación: é a diminución da cantidade de emisións á atmosfera e a redución da concentración actual de gases de efecto invernadoiro mediante a mellora dos sumidoiros.

h) Orzamentos climáticos: é o proceso orzamentario en que as contribucións para os obxectivos de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro das partidas orzamentarias se clasifican e se avalían segundo uns indicadores de rendemento específicos, co obxectivo de adaptar mellor as políticas orzamentarias aos obxectivos climáticos desta lei.

i) Pegada de carbono: é a totalidade das emisións de gases de efecto invernadoiro asociada a unha organización, a un evento ou a unha actividade, ou ao ciclo de vida dun produto ou servizo cuantificada para avaliar a súa contribución para o cambio climático. É expresada en toneladas equivalentes de CO_2 .

j) Perspectiva climática: é a consideración do impacto directo e indirecto de plans, de programas e de proxectos sobre as emisións de



gases de efecto invernadoiro ou a vulnerabilidade ao cambio climático e as medidas posibles de adaptación.

k) Plans e programas sectoriais: son o conxunto de estratexias, de directrices e de propostas das administracións públicas de Galicia previstas na lexislación sectorial destinadas a satisfacer necesidades sociais que tiveren un impacto na xeración de emisións de gases de efecto invernadoiro e aquelas que recollan accións de adaptación ao cambio climático.

l) Proxeccións climáticas: é a resposta simulada, mediante modelos matemáticos, do sistema climático a diversos escenarios de emisións de gases de efecto invernadoiro.

m) Rendemento climático: é o impacto dunha oferta no marco dunha licitación pública referido exclusivamente á xeración de emisións de gases de efecto invernadoiro na execución do contrato concreto.

n) Vulnerabilidade: é o grao de susceptibilidade ou de incapacidade dun sistema para encarar os efectos adversos do cambio climático e, en particular, a variabilidade do clima e dos fenómenos extremos.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 4. Definicións

Para os efectos do disposto nesta lei, entenderase por:

a') Absorción de dióxido de carbono: é o proceso de extracción activa do dióxido de carbono (CO₂) da atmosfera.

a) Adaptación: nos sistemas humanos, é o proceso de axuste ao clima actual ou esperado e os seus efectos para reducir danos e para aproveitar oportunidades beneficiosas. Nos sistemas naturais, é o proceso de axuste ao clima actual ou esperado. A intervención humana pode facilitar o axuste.



b) Áreas estratéxicas: teñen esta consideración as seguintes funcións desenvolvidas polas administracións públicas en Galicia no seu marco competencial: ambiente; enerxía; mobilidade e transporte; sectores industriais; sector servizos e turismo; ordenación do territorio e urbanismo; vivenda; augas; litoral; sanidade; protección civil e emerxencias; saúde; xestión de residuos; forestal; agricultura e gandería; pesca, marisqueo e acuicultura; medio natural; observación e investigación e desenvolvemento; educación. Terán esta consideración aquelas que, de xeito complementario, determine como tal o Plan rexional integrado de acción climática en vigor.

b *bis*) Cambio climático: fai referencia a unha variación do estado do clima que se pode identificar (por exemplo, mediante probas estatísticas) por mudanzas na medida e/ou na variabilidade das súas propiedades, que persiste por períodos prolongados, xeralmente décadas, ou por períodos máis longos. Pódese deber a procesos internos naturais ou a forzamentos externos, tales como as modulacións dos ciclos solares, as erupcións volcánicas e as mudanzas antropoxénicas persistentes na composición da atmosfera ou do uso do solo.

c) Compensación de emisións: en relación cun servizo, cun proceso ou cun produto cuxa prestación ou elaboración der lugar a unha emisión limpa de gases de efecto invernadoiro (GEI) durante o seu ciclo de vida, a compensación baséase noutro proceso ou mecanismo, alleo a este ciclo de vida, que der lugar a unha absorción de carbono, que for posible avaliar e certificar, en cantidade equivalente ás emisións de GEI producidas polo primeiro.

c *bis*) Economía circular: é o modelo económico orientado cara á optimización no uso dos recursos, co fin de alcanzar un nivel alto de sustentabilidade, estendendo a vida útil de produtos e de servizos. Promóvese a redución do consumo de materias primas e a minimización da xeración de residuos mediante accións, como o ecodeseño, a reutilización, a reparación, a remanufactura, a reciclaxe e a prevención.



c *ter*) Eficiencia enerxética: é a relación entre a enerxía empregada e os resultados obtidos na produción dun ben, dun servizo ou dun proceso, de forma que se procura o menor consumo posible de recursos enerxéticos, mantendo ou mellorando a calidade e a utilidade do resultado final.

d) Escenarios de emisións: son unha descrición verosímil do tipo de desenvolvemento futuro, baseada nun conxunto coherente e internamente consistente de hipóteses sobre a evolución demográfica, económica, tecnolóxica, social e ambiental que dan lugar a posibles vías de desenvolvemento futuro das emisións humanas de gases de efecto invernadoiro e de aerosois que, por súa vez, afectan o balance de radiación global da terra.

e) Eventos: son espectáculos públicos e actividades recreativas, no sentido da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

f) Gases de efecto invernadoiro (GEI) : son os compoñentes gasosos da atmosfera, tanto de orixe natural como xerados a partir de actividades humanas, que provocan o efecto invernadoiro ao absorberen e remitiren radiación infravermella. Os recoñecidos pola Convención das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático como contribuíntes para o cambio climático son, nestes momentos: o dióxido de carbono (CO₂), o gas metano (CH₄), o óxido nitroso (N₂O), o hexafluoruro de xofre (SF₆), o trifluoruro de nitróxeno (NF₃), os perfluorocarbonos (PFC) e os hidrofluorocarbonos (HFC).

f *bis*) Gobernanza climática: é o conxunto de políticas, de estruturas institucionais e de mecanismos de coordinación encamiñados a orientar e a facilitar a acción colectiva para a prevención, a mitigación e a adaptación fronte ao cambio climático, integrando os distintos niveis de goberno, de sectores económicos e da sociedade civil.

g) Mitigación: é a diminución da cantidade de emisións á atmosfera e a redución da concentración actual de gases de efecto invernadoiro mediante a mellora dos sumidoiros.



g *bis*) Neutralidade climática: é o equilibrio entre as emisións de gases de efecto invernadoiro e as absorcións.

h) Orzamentos climáticos: é o proceso orzamentario en que as contribucións para os obxectivos de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro das partidas orzamentarias se clasifican e se avalían segundo uns indicadores de rendemento específicos, co obxectivo de adaptar mellor as políticas orzamentarias aos obxectivos climáticos desta lei.

i) Pegada de carbono: é a totalidade das emisións de gases de efecto invernadoiro asociada a unha organización, a un evento ou a unha actividade, ou ao ciclo de vida dun produto ou servizo cuantificada para avaliar a súa contribución para o cambio climático. É expresada en toneladas equivalentes de CO₂.

j) Perspectiva climática: é a consideración do impacto directo e indirecto de plans, de programas e de proxectos sobre as emisións de gases de efecto invernadoiro ou a vulnerabilidade ao cambio climático e as medidas posibles de adaptación.

k) Plans e programas sectoriais: son o conxunto de estratexias, de directrices e de propostas das administracións públicas de Galicia previstas na lexislación sectorial destinadas a satisfacer necesidades sociais que tiveren un impacto na xeración de emisións de gases de efecto invernadoiro e aquelas que recollan accións de adaptación ao cambio climático.

l) Proxeccións climáticas: son a resposta simulada, mediante modelos matemáticos, do sistema climático a diversos escenarios de emisións de gases de efecto invernadoiro.

m) Rendemento climático: é o impacto dunha oferta no marco dunha licitación pública referido exclusivamente á xeración de emisións de gases de efecto invernadoiro na execución do contrato concreto.



m *bis*) Resiliencia: é a capacidade dun sistema natural, social ou económico para se anticipar, resistir, absorber e se recuperar dos efectos adversos do cambio climático ou doutros riscos, mantendo ou restablecendo as súas funcións, estruturas e identidade esencial, de maneira eficaz e oportuna.

n) Vulnerabilidade: é o grao de susceptibilidade ou de incapacidade dun sistema para encarar os efectos adversos do cambio climático e, en particular, a variabilidade do clima e dos fenómenos extremos.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 8, ao apartado b), de Adición

Débese incluír tamén, na alínea b) do artigo 4, dentro de "Áreas estratéxicas": «...acción exterior...».

TRANSACC.

PARCIAL

(Os que se detallan e

rex. dos demais) -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 4, ao apartado n bis), de Adición

Débense engadir no artigo 4, n bis) de definicións, os seguintes conceptos:

a') «Absorción de CO₂.

Análise do ciclo de vida.

Autoconsumo.



Balance de carbono neutro.

b bis) Cambio climático.

Combustibles alternativos.

Compensación voluntaria de emisións de CO₂.

Comunidade cidadá de enerxía / comunidades enerxéticas.

Contaminación lumínica. Economía circular.

Economía hipocarbónica / economía neutra en carbono.

Edificios de enerxía neta ou case nula (NZEB).

Emisións difusas.

Escenarios climáticos.

Pagamento por servizos ecosistémicos.

Impactos do cambio climático.

Mitigación do cambio climático.

Mobilidade sustentable.

g bis) Neutralidade climática.

Pobreza enerxética.

Orzamento de carbono.

Solucións baseadas na natureza.

Sumidoiros de carbono.



Transición xusta. Vulnerabilidade.

Xustiza climática.».

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 9, ao apartado n bis), de Adición

Débese engadir unha nova alínea n *bis*) no artigo 4, que terá o seguinte contido:

«n *bis*) Comunidades enerxéticas: son entidades xurídicas constituídas sobre a base da participación aberta, voluntaria e non-discriminatoria, nas cales o control efectivo é exercido polos seus membros — que poden ser persoas físicas, pequenas e medianas empresas ou administracións locais— co fin de xerar, de xestionar ou de consumir enerxía de forma colaborativa e sustentable, en beneficio dos propios participantes ou da comunidade local.».

ACEPTADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 10, ao apartado c bis), de Adición

Débese engadir unha nova alínea c bis) no artigo 4, que terá o seguinte contido:

«c *bis*) Economía circular: é o modelo económico orientado cara á optimización no uso dos recursos, co fin de alcanzar un nivel alto de sustentabilidade, estendendo a vida útil de produtos e servizos. Promóvese a redución do consumo de materias primas e a minimización da xeración de residuos mediante accións, como o ecodeseño, a reutilización, a reparación, a remanufactura, a reciclaxe e a prevención.»

**REXEITADA**

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 11, ao apartado n quater), de Adición

Débese engadir unha nova alínea n *quater*) no artigo 4, que terá o seguinte contido:

«n *quater*) Economía neutra en carbono: é o sistema económico cuxo balance neto de emisións de gases de efecto invernadoiro é igual a cero. Isto é conseguido mediante a progresiva eliminación do uso de combustibles fósiles e doutras fontes emisoras, combinada con accións de mitigación e de compensación para neutralizar as emisións residuais.».

ACEPTADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 12, ao apartado c ter), de Adición

Débese engadir unha nova alínea c ter) no artigo 4, que terá o seguinte contido:

«c ter) Eficiencia enerxética: é a relación entre a enerxía empregada e os resultados obtidos na produción dun ben, dun servizo ou dun proceso, de forma que se procura o menor consumo posible de recursos enerxéticos, mantendo ou mellorando a calidade e a utilidade do resultado final.».

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 13, ao apartado n sexies), de Adición

Débese engadir una nova alínea n *sexies*) no artigo 4, que terá o seguinte contido:



«n *sexies*) Infraestrutura verde e azul: é a rede planificada de espazos naturais ou seminaturais, incluíndo corpos de auga de calidade e outros elementos ecolóxicos, deseñada e xestionada para conservar a biodiversidade, para ofrecer servizos ecosistémicos e para contribuír para a resiliencia climática, tanto en contornos rurais como urbanos.».

ACEPTADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 14, ao apartado f bis), de Adición

Débese engadir unha nova alínea f bis) no artigo 4, que terá o seguinte contido:

«f bis) Gobernanza climática: é o conxunto de políticas, de estruturas institucionais e de mecanismos de coordinación encamiñados a orientar e a facilitar a acción colectiva para a prevención, a mitigación e a adaptación fronte ao cambio climático, integrando os distintos niveis de goberno, de sectores económicos e da sociedade civil.».

ACEPTADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 15, ao apartado m bis), de Adición

Débese engadir unha nova alínea m bis) no artigo 4, que terá o seguinte contido:

«m bis) Resiliencia: é a capacidade dun sistema natural, social ou económico para se anticipar, resistir, absorber e se recuperar dos efectos adversos do cambio climático ou doutros riscos, mantendo ou restablecendo as súas funcións, estruturas e identidade esencial, de maneira eficaz e oportuna.»

**REXEITADA**

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 16, ao apartado n *nonies*), de Adición

Débese engadir unha nova alínea n *nonies*) no artigo 4, que terá o seguinte contido:

«n *nonies*) Transición enerxética: é o proceso de transformación dos sistemas de produción e de consumo de enerxía, ben como das estruturas sociais e económicas, cara a un modelo sustentable e libre de emisións, baseado na progresiva redución e substitución dos combustibles fósiles por fontes renovables e limpas.».

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 17, ao apartado n *decies*), de Adición

Débese engadir unha nova alínea n *decies*) no artigo 4, que terá o seguinte contido:

«n *decies*) Transición xusta: é o enfoque da transición ecolóxica que busca garantir que os custos e os beneficios do proceso de descarbonización se distribúan de maneira equitativa, protexendo os dereitos laborais, fomentando o emprego digno e asegurando a inclusión social de todos os colectivos, especialmente dos máis vulnerables.».



INFORME DE PONENCIA:

Artigo 4 bis. *Perspectiva de xénero na acción climática*

- 1. A política climática e ambiental de Galicia incorporará de maneira transversal a perspectiva de xénero garantindo que o deseño, execución e avaliación das actuacións públicas teña en conta as diferentes realidades e necesidades de mulleres e homes fronte aos impactos do cambio climático.**
- 2. As administracións públicas garantirán a participación activa das mulleres na toma de decisións, así como a aplicación da perspectiva de xénero nas políticas de acción polo clima.**
- 3. As actuacións desenvolvidas ao abeiro desta lei promoverán a igualdade entre mulleres e homes, favorecendo a eliminación das desigualdades existentes e garantindo que a protección ambiental e a acción climática contribúan a unha sociedade máis xusta, inclusiva e sostible.**

EMENDAS PRESENTADAS:

TRANSACC. -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 6, de Adición

Débese engadir un novo artigo 4 *ter*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 4 *ter*. *Perspectiva de xénero na acción climática*



1. As administracións públicas de Galicia garantirán a participación activa das mulleres na toma de decisións, e tamén a aplicación da perspectiva de xénero nas políticas de acción polo clima.
2. Para garantir a aplicación efectiva da perspectiva de xénero, será deseñado un sistema de indicadores para facer o seguimento e a avaliación da presenza e da participación das mulleres nas liñas de actuación fronte ao cambio climático.».



INFORME DE PONENCIA:

Artigo 4 bis. *Artigo 4 bis. Declaración de emerxencia ambiental e climática*

1. Declárase a emerxencia ambiental e climática como o maior reto colectivo do planeta e da humanidade, co fin de lle facer fronte de maneira transversal e como un compromiso colectivo e continuado no tempo dos gobernos e da sociedade galega.

2. A declaración de emerxencia ambiental e climática debe ser tida en conta no deseño, no desenvolvemento, na aplicación e na avaliación das políticas públicas globais e sectoriais, con especial atención ás que atinxen á ordenación do territorio, o urbanismo, a industria, a enerxía, o transporte, a vivenda, a biodiversidade, o sector primario, o sector dos servizos, a saúde, as emerxencias e protección civil, a educación, a investigación e a xustiza social.».

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 5, de Adición

Débase engadir un novo artigo 4 *bis* co seguinte texto:

«Artigo 4 *bis*. *Declaración de emerxencia ambiental e climática*

1. Declárase a emerxencia ambiental e climática como o maior reto colectivo do planeta e da humanidade, co fin de lle facer fronte de maneira transversal e como un compromiso colectivo e continuado no tempo dos gobernos e da sociedade galega.

2. A declaración de emerxencia ambiental e climática debe ser tida en conta no deseño, no



desenvolvemento, na aplicación e na avaliación das políticas públicas globais e sectoriais, con especial atención ás que atinxen á ordenación do territorio, o urbanismo, a industria, a enerxía, o transporte, a vivenda, a biodiversidade, o sector primario, o sector dos servizos, a saúde, as emerxencias e protección civil, a educación, a investigación e a xustiza social.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 7, de Adición

Débese engadir un novo artigo 4 *quater*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 4 *quater*. *Xustiza climática*

1. Todas as actuacións das administracións públicas galegas en relación coa crise ambiental e do clima réxense polo principio de xustiza climática.

2. A xustiza climática é o enfoque que considera o cambio climático non só como unha cuestión ambiental, senón tamén como unha cuestión de dereitos humanos e de equidade social.

3. As institucións e a sociedade galega comprométense a garantir que as políticas contra o cambio climático respecten os principios de equidade e de xustiza social.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 8, de Adición

Débese engadir un novo artigo 4 *quinquies*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 4 *quinquies*. *Dereitos e deberes en relación co cambio climático*

1. Dereitos na materia climática.

O dereito a un clima seguro fai parte do dereito a un ambiente san e saudable. Este dereito é particularmente necesario no caso das persoas e dos grupos vulnerables ao cambio climático, á contaminación atmosférica e á degradación dos ecosistemas.

As administracións públicas galegas velarán polo exercicio do dereito á xustiza climática, á saúde e á seguranza con relación ao cambio climático, e desenvolverán todas as medidas necesarias para garantir estes dereitos.

2. Deberes na materia de acción polo clima.

As administracións públicas, autonómica e local, teñen o deber de protexer, de conservar, de restaurar e de utilizar, de forma sustentable, a natureza e os ecosistemas.



A acción polo clima consiste no deber de contribuír para a salvagarda do equilibrio climático, polo que todos os suxeitos da acción a respecto do clima teñen o deber de o promover nos planos técnico, político, xurídico, económico, social, educativo e cultural.»



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 9, de Adición

Débese engadir un novo artigo 4 *sexies*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 4 *sexies*. *Suxeitos da acción polo clima*

Son suxeitos da acción polo clima:

a) A administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) As entidades públicas instrumentais, os organismos autónomos, as axencias autonómicas, as entidades públicas empresariais, as sociedades mercantís nas cales participe a Administración autonómica, as fundacións e os consorcios.

c) As entidades locais.

d) Os axentes económicos, as empresas, os *clusteres* e outras entidades de dereito privado.

e) As organizacións sindicais.

f) As organizacións sociais relacionadas cos ámbitos estratéxicos determinados nesta lei.

g) As universidades galegas.



h) Os centros educativos de ensino primario, secundario, bacharelato, formación profesional e formación para persoas adultas.

i) As organizacións non gobernamentais (ONG) do ámbito ambiental.

j) Os centros tecnolóxicos e de investigación.»



TEXTO DO PROXECTO:

TÍTULO I

Gobernanza climática

INFORME DE PONENCIA:

TÍTULO I

Gobernanza climática

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



TEXTO DO PROXECTO:

CAPÍTULO I

Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia

INFORME DE PONENCIA:

CAPÍTULO I

Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 5. Funcións do Consello da Xunta de Galicia

Corresponde ao Consello da Xunta de Galicia exercer as seguintes funcións:

a) Aprobar os instrumentos de acción climática previstos nesta lei.

b) Aprobar a revisión e a actualización dos instrumentos de acción climática, tendo en conta o informe bianual de seguimento da execución dos obxectivos e das medidas do Plan rexional integrado de acción climática, aprobados pola Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 5. Funcións do Consello da Xunta de Galicia

Corresponde ao Consello da Xunta de Galicia exercer as seguintes funcións:

a) Aprobar os instrumentos de acción climática previstos nesta lei.

b) Aprobar a revisión e a actualización dos instrumentos de acción climática, tendo en conta o Informe bianual de seguimento da execución dos obxectivos e das medidas do Plan rexional integrado de acción climática, aprobados pola Comisión Interdepartamental para o Impulso e a Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático.

b *bis*) Enviar ao Parlamento os instrumentos de acción climática e o Informe bianual de seguimento para a súa análise, debate e formulación de propostas.

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego



Emenda nº 10, ao apartado b bis), de Adición

Débese engadir unha nova alínea b *bis*) no artigo 5, que terá o seguinte contido:

«b *bis*) Enviar ao Parlamento os instrumentos de acción climática e o informe bianual de seguimento para a súa análise, debate e formulación de propostas.».

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 18, ao apartado b bis), de Adición

Débese engadir unha nova alínea b *bis*) no artigo 5, que terá o seguinte contido:

«b *bis*) Aprobar as liñas de incentivos económicos dirixidos ás entidades locais, co obxecto de favorecer o cumprimento dos obxectivos, dos principios e das obrigas establecidos nesta lei.».



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 6. Funcións da consellaría competente na materia de cambio climático

As funcións que corresponden á consellaría competente na materia de cambio climático da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia son:

a) Propor a revisión e a actualización da Estratexia galega de cambio climático e realizar o seu seguimento, a través da Oficina de Cambio Climático de Galicia.

b) Elaborar os proxectos de regulamento desta lei.

c) Propor a aprobación e supervisar a execución do Plan rexional integrado de acción climática, de acordo co coñecemento científico e cos compromisos internacionais, mediante o labor da Oficina de Cambio Climático de Galicia.

d) Impulsar o desenvolvemento e a aplicación dos instrumentos económicos, de fomento, de sensibilización, de educación e de investigación, no marco das súas competencias propias ou en colaboración con outras consellarías e entes instrumentais competentes en áreas estratéxicas, no marco da Comisión Interdepartamental, e reguladas no artigo 9 desta lei.

e) Outorgar as autorizacións de emisión de gases de efecto invernadoiro ás actividades suxeitas á normativa sobre o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro , valorar os informes verificados correspondentes a estas emisións e exercer a potestade sancionadora nas materias da súa competencia .

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 6. Funcións da consellaría competente na materia de cambio climático



As funcións que corresponden á consellaría competente na materia de cambio climático da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia son:

- a) Propor a revisión e a actualización da Estratexia galega de cambio climático e realizar o seu seguimento, a través da Oficina de Cambio Climático de Galicia.
- b) Elaborar os proxectos de regulamento desta lei.
- c) Propor a aprobación e supervisar a execución do Plan rexional integrado de acción climática, de acordo co coñecemento científico e cos compromisos internacionais, mediante o labor da Oficina de Cambio Climático de Galicia.
- d) Impulsar o desenvolvemento e a aplicación dos instrumentos económicos, de fomento, de sensibilización, de educación e de investigación, no marco das súas competencias propias ou en colaboración con outras consellarías e entes instrumentais competentes en áreas estratéxicas, no marco da Comisión Interdepartamental regulada no artigo 9 desta lei.
- e) Outorgar as autorizacións de emisión de gases de efecto invernadoiro ás actividades suxeitas á normativa sobre o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro , valorar os informes verificados correspondentes a estas emisións e exercer a potestade sancionadora nas materias da súa competencia.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 19, ao apartado e bis), de Adición

Débese engadir unha nova alínea e *bis*) no artigo 6, que terá o seguinte contido:



«e *bis*) En virtude dos principios de transparencia e de bo goberno, é preciso presentar anualmente un informe ante o Parlamento de Galicia no cal se dea conta do grao de cumprimento dos obxectivos climáticos recollidos nesta lei e nos instrumentos de planificación derivados dela, ben como das medidas adoptadas para conseguilos.».



TEXTO DO PROXECTO:

CAPÍTULO II

**Órganos administrativos de xestión, de participación e de
consulta**

INFORME DE PONENCIA:

CAPÍTULO II

**Órganos administrativos de xestión, de participación e de
consulta**

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 7. Oficina de Cambio Climático de Galicia

1. A Oficina de Cambio Climático de Galicia é o órgano técnico, con natureza de unidade administrativa, para xestionar e fomentar as políticas de mitigación, de adaptación e de comunicación na materia de cambio climático. Está adscrita á consellaría competente na materia de cambio climático.

2. Para desenvolver as súas funcións, a Oficina de Cambio Climático de Galicia poderá contar coa asistencia doutros órganos con coñecemento técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público con funcións nas materias vinculadas a áreas estratéxicas definidas nesta lei, por medio, se for o caso, das vías da autoprovisión dos artigos 8 e 9 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

3. A Oficina de Cambio Climático de Galicia terá as seguintes funcións:

a) O seguimento da Estratexia galega de cambio climático, a colaboración e o apoio na implementación das estratexias internacionais e nacionais fronte ao cambio climático.

b) A xestión administrativa do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro e a elaboración e o seguimento dos seus inventarios.

c) A participación en proxectos e en iniciativas nacionais e internacionais na materia de cambio climático.

d) As funcións vinculadas ás accións de mitigación e de adaptación dos efectos do cambio climático, previstas na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

e) O apoio e o asesoramento técnico ás consellarías con competencias nas áreas estratéxicas indicadas no artigo 9.c), no que



atinxe á integración da perspectiva climática na elaboración dos plans ou dos programas sectoriais sometidos a avaliación ambiental estratéxica, para o cal terá que se dotar de medios e de recursos suficientes para levar a cabo as súas funcións transversais.

f) A elaboración dos informes da perspectiva climática nas fases de consultas ás administracións afectadas para a elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico e sobre a versión inicial dun plan ou programa, acompañado do estudo ambiental estratéxico, sometido a avaliación ambiental estratéxica.

g) A elaboración da proposta de revisión da Estratexia galega de cambio climático e de aprobación e revisión dos plans rexionais integrados de acción climática, que serán remitidas á Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático.

h) A elaboración da proposta de informes bianuais de seguimento da execución dos obxectivos e das medidas do Plan rexional integrado de acción climática, que serán aprobados pola Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático.

i) O impulso e apoio técnico e administrativo á Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático.

j) O informe sobre a elaboración dos documentos técnicos de referencia para integrar a perspectiva climática no proceso de elaboración dos plans e dos programas autonómicos sectoriais sometidos a avaliación ambiental estratéxica, e na fase de deseño de proxectos sometidos a avaliación de impacto ambiental de proxectos, tendo en conta, de ser o caso, as orientacións técnicas da Unión Europea nesta materia.

k) A definición da proposta de indicadores cuantitativos e cualitativos de mitigación e de adaptación ao cambio climático, de



gobernanza e de impacto na economía, e o establecemento do seu seguimento, sobre a base dos procedementos e das metodoloxías adoptadas internacionalmente.

l) A promoción de medidas de formación, de sensibilización, de concienciación, de divulgación e de capacitación da cidadanía na materia de cambio climático, no marco dos obxectivos e das medidas da Estratexia galega de cambio climático e do Plan rexional integrado de acción climática.

m) O facilitamento da relación entre as políticas de cambio climático e as políticas de investigación e de innovación, en xeral, e, en particular, co Plan galego de investigación e innovación.

n) O apoio administrativo e organizativo e o asesoramento aos actores da Alianza Galega polo Clima para promover iniciativas de mellora nas prácticas de resiliencia e de minimización do impacto climático.

ñ) O asesoramento aos concellos galegos, a través da Rede Local polo Clima, sobre accións específicas que axudaren a elaborar e a implementar as medidas reflectidas nos plans de acción local polo clima e o cumprimento dos compromisos establecidos neles.

o) A xestión do Portal de acción climática de Galicia.

p) Calquera outra función que lle puiden ser encomendada para dar cumprimento aos obxectivos da lei.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 7. Oficina de Cambio Climático de Galicia

1. A Oficina de Cambio Climático de Galicia é o órgano técnico, con natureza de unidade administrativa, para xestionar e fomentar as políticas de mitigación, de adaptación e de comunicación na materia de cambio climático. Está adscrita á consellaría competente na materia de cambio climático.



2. Para desenvolver as súas funcións, a Oficina de Cambio Climático de Galicia poderá contar coa asistencia doutros órganos con coñecemento técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público con funcións nas materias vinculadas a áreas estratéxicas definidas nesta lei, por medio, se for o caso, das vías da autoprovisión dos artigos 8 e 9 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

3. A Oficina de Cambio Climático de Galicia terá as seguintes funcións:

a) O seguimento da Estratexia galega de cambio climático, a colaboración e o apoio na implementación das estratexias internacionais e nacionais fronte ao cambio climático.

b) A xestión administrativa do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro e a elaboración e o seguimento dos seus inventarios.

c) A participación en proxectos e en iniciativas nacionais e internacionais na materia de cambio climático.

d) As funcións vinculadas ás accións de mitigación e de adaptación dos efectos do cambio climático, previstas na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

e) O apoio e o asesoramento técnico ás consellarías con competencias nas áreas estratéxicas indicadas no artigo 9.c), no que atinxe á integración da perspectiva climática na elaboración dos plans ou dos programas sectoriais sometidos a avaliación ambiental estratéxica, para o cal terá que se dotar de medios e de recursos suficientes para levar a cabo as súas funcións transversais.

f) A elaboración dos informes da perspectiva climática nas fases de consultas ás administracións afectadas para a elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico e sobre a versión inicial dun plan ou programa, acompañado do estudo ambiental estratéxico, sometido a avaliación ambiental estratéxica.



g) A elaboración da proposta de revisión da Estratexia galega de cambio climático e de aprobación e revisión dos plans rexionais integrados de acción climática, que serán remitidas á Comisión Interdepartamental para o Impulso e a Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático.

h) A elaboración da proposta de informes bianuais de seguimento da execución dos obxectivos e das medidas do Plan rexional integrado de acción climática, que serán aprobados pola Comisión Interdepartamental para o Impulso e a Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático.

i) O impulso e apoio técnico e administrativo á Comisión Interdepartamental para o Impulso e a Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático.

j) O informe sobre a elaboración dos documentos técnicos de referencia para integrar a perspectiva climática no proceso de elaboración dos plans e dos programas autonómicos sectoriais sometidos a avaliación ambiental estratéxica, e na fase de deseño de proxectos sometidos a avaliación de impacto ambiental de proxectos, tendo en conta, de ser o caso, as orientacións técnicas da Unión Europea nesta materia.

k) A definición da proposta de indicadores cuantitativos e cualitativos de mitigación e de adaptación ao cambio climático, de gobernanza e de impacto na economía, e o establecemento do seu seguimento, sobre a base dos procedementos e das metodoloxías adoptadas internacionalmente.

l) A promoción de medidas de formación, de sensibilización, de concienciación, de divulgación e de capacitación da cidadanía na materia de cambio climático, no marco dos obxectivos e das medidas da Estratexia galega de cambio climático e do Plan rexional integrado de acción climática.



m) O facilitamento da relación entre as políticas de cambio climático e as políticas de investigación e de innovación, en xeral, e, en particular, co Plan galego de investigación e innovación.

n) O apoio administrativo e organizativo e o asesoramento aos actores da Alianza Galega polo Clima para promover iniciativas de mellora nas prácticas de resiliencia e de minimización do impacto climático.

ñ) O asesoramento aos concellos galegos, a través da Rede Local polo Clima, sobre accións específicas que axudaren a elaborar e a implementar as medidas reflectidas nos plans de acción local polo clima e o cumprimento dos compromisos establecidos neles.

o) A xestión do Portal de acción climática de Galicia.

p) Calquera outra función que lle puiden ser encomendada para dar cumprimento aos obxectivos da lei.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 11, ao apartado 1, de Adición

Débase engadir, ao final do punto 1 do artigo 7, o seguinte texto:

«Actuará como órgano colexiado técnico, dotado de persoal da Administración pública e contará cos medios humanos e materiais necesarios para desenvolver o seu labor e tamén cunha partida orzamentaria diferenciada, con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma.».

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 12, ao apartado 3, de Adición



Débese engadir no punto 3 do artigo 7, *in fine*, seis novas alíneas, que terán o seguinte contido:

«p bis) A elaboración do inventario e das proxecións de gases de efecto invernadoiro.

p ter) O establecemento dos escenarios climáticos de Galicia que se tomarán como referencia para os instrumentos de planificación.

p quarter) O seguimento e a avaliación dos indicadores cuantitativos e cualitativos de mitigación e de adaptación ao cambio climático e de impacto nos sectores económicos.

p quinquies) A análise de riscos do cambio climático por sectores e zonas do territorio.

p sexies) O apoio ao Comité Científico para o Cambio Climático.

p septies) O apoio á Asemblea da Cidadanía Galega pola Acción Climática.».

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 20, ao apartado 3. p bis), de Adición

Débese engadir unha nova alínea p *bis*) no punto 3 do artigo 7, que terá o seguinte contido:

«p *bis*) A avaliación dos textos normativos e dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia desde a perspectiva da transición enerxética e climática, e tamén das medidas que deben ser tidas en conta neles.».

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia



Emenda nº 21, ao apartado 3. p *ter*), de Adición

Débesse engadir, no punto 3 do artigo 7, unha nova alínea p *ter*), que terá o seguinte contido.

p *ter*) O apoio á coordinación e ao impulso de actuacións de carácter transversal entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia e as administracións locais dirixidas á descarbonización, á adaptación e á resiliencia fronte ao cambio climático.

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 22, ao apartado 3 bis), de Adición

Débesse crear un novo punto 3 *bis*), no artigo 7, que terá o seguinte contido:

«3 *bis*). Para o exercicio das súas funcións, a Oficina de Cambio Climático poderá contar coa colaboración das universidades galegas, ben como das entidades e das asociacións sen ánimo de lucro que desenvolveren a súa actividade no ámbito da protección ambiental e da acción climática, co fin de garantir unha actuación baseada na evidencia científica e na participación da sociedade civil especializada.».



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 8. Foro de Acción Climática de Galicia

1. Créase o Foro de Acción Climática de Galicia como o órgano colexiado de participación, de asesoramento e de consulta na materia de cambio climático, co obxectivo de:

a) Impulsar e coordinar accións de mitigación e de adaptación ao cambio climático en Galicia.

b) Favorecer a colaboración entre administracións, universidades, organismos científicos, organizacións ambientais e demais axentes sociais e económicos implicados.

c) Calquera outro que lle for atribuído regulamentariamente.

2. O Foro de Acción Climática estará adscrito á consellaría competente na materia de cambio climático e actuará con total independencia no desenvolvemento das súas funcións.

3. As súas funcións, a composición, os criterios para designar as persoas integrantes, a organización e o réxime de funcionamento serán determinados regulamentariamente.

4. O Foro adecuará o seu funcionamento ao previsto nesta lei, ao regulamento polo que se determina a súa composición e o seu réxime de funcionamento, ao establecido para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, ben como, se for o caso, ao seu regulamento interno.

5. A Oficina de Cambio Climático de Galicia facilitará os medios necesarios para desenvolver as súas funcións e actuará como secretaría técnica e administrativa.

INFORME DE PONENCIA:



Artigo 8. *Foro de Acción Climática de Galicia*

1. Créase o Foro de Acción Climática de Galicia como un órgano colexiado de participación, de asesoramento e de consulta na materia de cambio climático, co obxectivo de:

a) Impulsar e coordinar accións de mitigación e de adaptación ao cambio climático en Galicia.

b) Favorecer a colaboración entre administracións, universidades, organismos científicos, organizacións ambientais e demais axentes sociais e económicos implicados.

c) Calquera outro que lle for atribuído regulamentariamente.

2. O Foro de Acción Climática estará adscrito á consellaría competente na materia de cambio climático e actuará con total independencia no desenvolvemento das súas funcións.

3. As súas funcións, a composición, os criterios para designar as persoas integrantes, a organización e o réxime de funcionamento serán determinados regulamentariamente.

4. O Foro adecuará o seu funcionamento ao previsto nesta lei, ao regulamento polo que se determina a súa composición e o seu réxime de funcionamento, ao establecido para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, ben como, se for o caso, ao seu regulamento interno.

5. A Oficina de Cambio Climático de Galicia facilitará os medios necesarios para desenvolver as súas funcións e actuará como secretaría técnica e administrativa.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia



Emenda nº 23, ao apartado 3, de Adición

No punto 3 do artigo 8, débese engadir, *in fine*, a seguinte frase: «...podendo participar persoas técnicas alleas á Consellería.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 13, de Adición

Débese engadir un novo artigo 8 *bis*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 8 bis. Asemblea da Cidadanía Galega pola Acción Climática.

1. Créase a Asemblea da Cidadanía Galega pola Acción Climática, como exercicio de democracia participativa e como canle de participación social nas políticas contra o cambio climático.
2. A Asemblea ten como obxectivo emitir recomendacións e propostas de política pública ao Goberno, ao Parlamento e ao conxunto dos axentes sociais.
3. A Asemblea estará formada por un número máximo de sesenta persoas maiores de dezaseis anos elixidas mediante un sorteo entre as persoas inscritas para faceren parte deste órgano. Na súa composición será garantido o equilibrio de xénero, social, territorial e xeracional.
4. A Oficina do Cambio Climático prestará un apoio cos medios necesarios para o bo desenvolvemento das actividades da Asemblea.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 14, de Adición

Débase engadir un novo artigo 8 *ter*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 8 ter. Comité Científico na Materia de Cambio Climático

1.Créase o Comité Científico na Materia de Cambio Climático, que estará integrado por persoas expertas na materia elixidas polos grupos parlamentarios de maneira proporcional. Na conformación do Comité, será garantido a equilibrio entre homes e mulleres e a representación dos diferentes ámbitos relacionados co cambio climático.

2. O Comité Científico actuará con autonomía orgánica e con plena independencia funcional. Elaborará un informe anual, que será presentado no Parlamento, no cal se incluírá unha proposta de medidas para incluír na programación do ano seguinte. Este informe será publicado no Portal de Acción Climática.

3. As persoas integrantes do Comité Científico asinarán anualmente unha declaración de posible conflito de intereses que se fará pública no Portal de Acción Climática.».



TEXTO DO PROXECTO:

CAPÍTULO III

Coordinación e cooperación

INFORME DE PONENCIA:

CAPÍTULO III

Coordinación e cooperación

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 9. Natureza, composición e funcionamento da Comisión Interdepartamental

1. A Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático, creada e regulada polo Decreto 130/2019, do 3 de outubro, é un órgano colexiado adscrito á consellaría competente na materia de cambio climático para garantir a coordinación necesaria nas accións administrativas e de goberno, derivada da necesidade de dar cumprimento aos compromisos adquiridos na Estratexia referida e co fin de impulsar a execución das políticas climáticas por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do sector público autonómico.

2. A súa composición e o seu funcionamento terán en conta os seguintes criterios:

a) A Presidencia da Comisión Interdepartamental recaerá na persoa titular da consellaría que teña atribuídas as competencias na materia de cambio climático ou na persoa en quen delegar.

b) A Vicepresidencia recaerá na persoa titular da dirección xeral que teña atribuídas as competencias na materia de cambio climático ou na persoa en quen delegar.

c) Estarán representadas as persoas con rango de secretario ou secretaria xeral e de director ou directora xeral ou equivalente, designadas mediante unha resolución da persoa titular da consellaría competente nas áreas estratéxicas que se indican a seguir, ou pola Secretaría Xeral da Presidencia cando as materias referidas foren competencia dos órganos superiores e de dirección no ámbito da Presidencia: cambio climático; calidade ambiental; medio natural; auga; agricultura; gandería; ordenación forestal; industria forestal; administración local; ordenación do territorio; economía; facenda; industria; enerxía; saúde pública; vivenda; infraestruturas; mobilidade; protección civil; xestión de emerxencias; turismo; educación; litoral;



pesca, marisqueo, acuicultura; portos; I+D; comunicación; e patrimonio cultural.

Estará presente, en calquera caso, con voz mais sen voto, a persoa que ocupar a unidade administrativa da Oficina de Cambio Climático de Galicia.

d) Deberán ser garantidas a presenza e a representación equilibrada de mulleres e de homes.

3. Para impulsar o funcionamento da Comisión Interdepartamental será creado un grupo de traballo de carácter permanente, integrado por representantes das entidades e dos centros directivos que fan parte desta, coa categoría de subdirector ou subdirectora ou equivalente. Este grupo técnico será o encargado de realizar o estudo das iniciativas, das propostas e dos proxectos concretos na materia de cambio climático, que, posteriormente, serán sometidos ao Pleno da Comisión Interdepartamental.

O grupo de traballo de carácter permanente poderá constituír grupos técnicos especializados, co fin de estes desenvolveren propostas que requiran un nivel de especialización elevado. En calquera caso, os integrantes destes grupos deberán ter un perfil técnico que reflicta o mellor coñecemento científico-técnico dispoñible nos departamentos e nas entidades do sector público implicados para realizaren o obxectivo concreto do grupo.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 9. Natureza, composición e funcionamento da Comisión Interdepartamental

1. A Comisión Interdepartamental para o Impulso e a Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático, creada e regulada polo Decreto 130/2019, do 3 de outubro, é un órgano colexiado adscrito á consellaría competente na materia de cambio climático para garantir a coordinación necesaria nas accións administrativas e de goberno,



derivada da necesidade de dar cumprimento aos compromisos adquiridos na Estratexia referida e co fin de impulsar a execución das políticas climáticas por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do sector público autonómico.

2. A súa composición e o seu funcionamento terán en conta os seguintes criterios:

a) A Presidencia da Comisión Interdepartamental recaerá na persoa titular da consellaría que teña atribuídas as competencias na materia de cambio climático ou na persoa en quen delegar.

b) A Vicepresidencia recaerá na persoa titular da dirección xeral que teña atribuídas as competencias na materia de cambio climático ou na persoa en quen delegar.

c) Estarán representadas as persoas con rango de secretario ou secretaria xeral e de director ou directora xeral ou equivalente, designadas mediante unha resolución da persoa titular da consellaría competente nas áreas estratéxicas que se indican a seguir ou pola Secretaría Xeral da Presidencia, cando as materias referidas foren competencia dos órganos superiores e de dirección, no ámbito da Presidencia: cambio climático; calidade ambiental; medio natural; auga; agricultura; gandería; ordenación forestal; industria forestal; administración local; ordenación do territorio; economía; facenda; industria; enerxía; saúde pública; vivenda; infraestruturas; mobilidade; protección civil; xestión de emerxencias; turismo; educación; litoral; pesca, marisqueo, acuicultura; portos; I+D; comunicación; e patrimonio cultural.

Estará presente, en calquera caso, con voz mais sen voto, a persoa que ocupar a unidade administrativa da Oficina de Cambio Climático de Galicia.

d) Deberán ser garantidas a presenza e a representación equilibrada de mulleres e de homes.



3. Para impulsar o funcionamento da Comisión Interdepartamental será creado un grupo de traballo de carácter permanente, integrado por representantes das entidades e dos centros directivos que fan parte desta, coa categoría de subdirector ou subdirectora ou equivalente. Este grupo técnico será o encargado de realizar o estudo das iniciativas, das propostas e dos proxectos concretos na materia de cambio climático, que, posteriormente, serán sometidos ao Pleno da Comisión Interdepartamental.

O grupo de traballo de carácter permanente poderá constituír grupos técnicos especializados, co fin de estes desenvolveren propostas que requiran un nivel de especialización elevado. En calquera caso, os integrantes destes grupos deberán ter un perfil técnico que reflicta o mellor coñecemento científico-técnico dispoñible nos departamentos e nas entidades do sector público implicados para realizaren o obxectivo concreto do grupo.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 15, ao apartado 3 bis), de Adición

Débese engadir un novo punto 3 *bis*) no artigo 9, que terá o seguinte contido:

«3 *bis*). Para garantir a coordinación e a cooperación na materia de acción climática, establecerase un mecanismo de coordinación e de participación das entidades locais na Comisión Interdepartamental.».



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 10. Funcións da Comisión interdepartamental

Son funcións da Comisión Interdepartamental:

1. Impulsar e coordinar a posta en marcha das medidas de mitigación e de adaptación que corresponderen aos distintos ámbitos sectoriais.

2. Analizar as medidas derivadas das estratexias de cambio climático establecidas a nivel europeo e nacional que afectaren a Comunidade Autónoma de Galicia, e igualmente a súa posta en marcha e o seu cumprimento.

3. Estudar, coordinar e programar as propostas interdepartamentais en relación coa mitigación das emisións de gases de efecto invernadoiro e coa adaptación ao cambio climático.

4. Informar o Consello da Xunta de Galicia, por pedimento deste ou por iniciativa propia, en todos os asuntos relacionados co cambio climático na Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de que sexan tidos en consideración nas diferentes políticas e programas sectoriais.

5. Coordinar a execución interdepartamental da Estratexia galega de cambio climático e dos plans rexionais integrados de acción climática.

6. Integrar sistematicamente os obxectivos desta lei no deseño das convocatorias de axudas públicas e na súa aplicación e na preparación dos contratos públicos das consellarías con competencia nas áreas estratéxicas definidas nesta lei.

7. Elaborar un programa de contratación pública verde, que planifique o desenvolvemento do proceso para elaborar e actualizar o catálogo de cláusulas climáticas e circulares e que defina os medios de asesoramento e de apoio técnico aos órganos de contratación do sector público autonómico.



8. Velar pola coordinación entre as actuacións na materia de investigación, de desenvolvemento e de innovación e as restantes actuacións do sector público autonómico na acción fronte ao cambio climático e a transición enerxética.

9. Establecer as prioridades de actuación dos fondos para a transición climática e circular de Galicia, tendo en conta o cumprimento dos obxectivos desta lei e do resto da regulamentación sectorial autonómica vinculada ao cumprimento de obxectivos climáticos, e de acordo cos criterios que se estableceren regulamentariamente.

10. Aprobar, cada dous anos e por proposta da Oficina de Cambio Climático de Galicia, un informe de seguimento sobre o cumprimento dos obxectivos e das medidas do Plan rexional integrado de acción climática.

11. Facilitar o intercambio harmonizado de datos e de información relevante para a xestión e o seguimento da Estratexia galega de cambio climático.

12. Fomentar a investigación e o estudo na materia de mitigación e de adaptación ao cambio climático.

13. Coordinar a política de sensibilización e de comunicación da Xunta de Galicia sobre o cambio climático.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 10. Funcións da Comisión Interdepartamental

Son funcións da Comisión Interdepartamental:

1. Impulsar e coordinar a posta en marcha das medidas de mitigación e de adaptación que corresponderen aos distintos ámbitos sectoriais.
2. Analizar as medidas derivadas das estratexias de cambio climático establecidas a nivel europeo e nacional que afectaren a Comunidade



Autónoma de Galicia, e igualmente a súa posta en marcha e o seu cumprimento.

3. Estudar, coordinar e programar as propostas interdepartamentais en relación coa mitigación das emisións de gases de efecto invernadoiro e coa adaptación ao cambio climático.

4. Informar o Consello da Xunta de Galicia, por pedimento deste ou por iniciativa propia, en todos os asuntos relacionados co cambio climático na Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de que sexan tidos en consideración nas diferentes políticas e programas sectoriais.

5. Coordinar a execución interdepartamental da Estratexia galega de cambio climático e dos plans rexionais integrados de acción climática.

6. Integrar sistematicamente os obxectivos desta lei no deseño das convocatorias de axudas públicas e na súa aplicación e na preparación dos contratos públicos das consellarías con competencias nas áreas estratéxicas definidas nesta lei.

7. Elaborar un programa de contratación pública verde, que planifique o desenvolvemento do proceso para elaborar e actualizar o catálogo de cláusulas climáticas e circulares e que defina os medios de asesoramento e de apoio técnico aos órganos de contratación do sector público autonómico.

8. Velar pola coordinación entre as actuacións na materia de investigación, de desenvolvemento e de innovación e as restantes actuacións do sector público autonómico na acción fronte ao cambio climático e a transición enerxética.

9. Establecer as prioridades de actuación dos fondos para a transición climática e circular de Galicia, tendo en conta o cumprimento dos obxectivos desta lei e do resto da regulamentación sectorial autonómica vinculada ao cumprimento de obxectivos climáticos, e de acordo cos criterios que se estableceren regulamentariamente.



10. Aprobar, cada dous anos e por proposta da Oficina de Cambio Climático de Galicia, un informe de seguimento sobre o cumprimento dos obxectivos e das medidas do Plan rexional integrado de acción climática.

11. Facilitar o intercambio harmonizado de datos e de información relevante para a xestión e o seguimento da Estratexia galega de cambio climático.

12. Fomentar a investigación e o estudo na materia de mitigación e de adaptación ao cambio climático.

13. Coordinar a política de sensibilización e de comunicación da Xunta de Galicia sobre o cambio climático.

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

**TEXTO DO PROXECTO:****CAPÍTULO IV**

Integración da perspectiva climática na xestión administrativa

INFORME DE PONENCIA:**CAPÍTULO IV**

Integración da perspectiva climática na xestión administrativa

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 16, de Modificación

Débese substituír o título do capítulo IV polo que segue a continuación:

«CAPÍTULO IV

Administración sustentable»

**TEXTO DO PROXECTO:**

Artigo 11. Obrigas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do sector público autonómico

As consellarías con competencias en áreas estratéxicas deben integrar os obxectivos climáticos desta lei e dos seus instrumentos de acción climática no desenvolvemento das súas funcións, particularmente a través das seguintes medidas:

a) Integrar a perspectiva climática no proceso de elaboración e aprobación dos plans e dos programas sectoriais, de acordo co previsto no capítulo II do título II.

b) Integrar a perspectiva climática no proceso de elaboración e aprobación das bases reguladoras das axudas públicas con impacto na descarbonización e outras medidas de fomento e no proceso de preparación dos contratos públicos, de acordo co previsto no título III.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 11. Obrigas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do sector público autonómico

As consellarías con competencias en áreas estratéxicas deben integrar os obxectivos climáticos desta lei e dos seus instrumentos de acción climática no desenvolvemento das súas funcións, particularmente a través das seguintes medidas:

a) Integrar a perspectiva climática no proceso de elaboración e aprobación dos plans e dos programas sectoriais, de acordo co previsto no capítulo II do título II.

b) Integrar a perspectiva climática no proceso de elaboración e aprobación das bases reguladoras das axudas públicas con impacto na descarbonización e outras medidas de fomento e no proceso de preparación dos contratos públicos, de acordo co previsto no título III.



EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 17, de Modificación

Débese substituír o artigo 11 polo seguinte texto:

«Artigo 11. *Administración pública exemplarizante na loita contra o cambio climático*

1. As administracións públicas de Galicia desenvolverán o seu compromiso e o seu liderado en resposta ao cambio climático e integrarán a perspectiva climática en todos os ámbitos do Goberno.

2. As administracións públicas de Galicia adoptarán todas as medidas necesarias para descarbonizar e reducir a pegada de carbono.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 18, de Adición

Débese engadir un novo artigo 11 *bis*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 11 *bis*. *Orzamentos de carbono*

1. Os orzamentos de carbono comprenderán a cantidade total de emisións permitidas para o conxunto de Galicia por períodos de cinco anos.
2. Para os efectos desta lei, determinaranse os orzamentos de carbono como un instrumento de planificación e de seguimento dos obxectivos.
3. Corresponde ao Parlamento aprobar os orzamentos de carbono, por proposta do Consello da Xunta e con base nas recomendacións do Comité Científico.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 19, de Adición

Débase engadir un novo artigo 11 *ter*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 11 *ter*. *Inventario galego de emisións e de sumidoiros de carbono*

O departamento competente na materia de cambio climático deberá elaborar, con periodicidade anual, o Inventario de emisións á atmosfera e de sumidoiros de carbono de Galicia. Este inventario recollerá as emisións á atmosfera de substancias procedentes de fontes naturais e antropoxénicas que poden incidir na saúde das persoas e no funcionamento dos ecosistemas.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 20, de Adición

Débese engadir un novo artigo 11 *quater*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 11 *quater*. *Inventario e pegada de carbono*

1. A Administración autonómica realizará un inventario de edificios, de parque móbil e de infraestruturas públicas das cales son titulares, e tamén un rexistro do seu consumo enerxético e das emisións de gases de efecto invernadoiro asociadas.

2. O departamento con competencias na materia de cambio climático porá á disposición das administracións públicas de Galicia, no prazo máximo dun ano, unha plataforma de xestión enerxética e climática.»



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 21, de Adición

Débese engadir un novo artigo 11 *quinquies*, que terá seguinte contido:

«Artigo 11 *quinquies*. *Auditorías enerxéticas das administracións públicas*

1. A Administración autonómica deberá realizar auditorías enerxéticas dos edificios, dos equipamentos, das infraestruturas e dos alumeados públicos.
2. Estas auditorías deberán propor medidas de seguimento, de avaliación e de mellora.
3. A Administración autonómica desenvolverá, no prazo máximo dun ano, unha proposta para crear a figura da persoa xestora enerxética, co fin de facer un seguimento do consumo enerxético e de propor melloras no ámbito da eficiencia enerxética e do autoconsumo de enerxías renovables.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 22, de Adición

Débase engadir un novo artigo 11 *sexies*, que terá seguinte contido:

«Artigo 11 *sexies*. *Acción exterior e cooperación ao desenvolvemento*

1. Os plans de acción exterior e de cooperación ao desenvolvemento das institucións públicas galegas incorporarán a perspectiva e a xustiza climáticas.

2. As administracións públicas galegas participarán en redes e en proxectos de actuación fronte ao cambio climático.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 23, de Adición

Débese engadir un novo artigo 11 *septies*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 11 *septies*. *Áreas estratéxicas da acción polo clima*

1. A Administración pública autonómica establece para os efectos desta lei as seguintes áreas estratéxicas da acción polo clima:

- a) O ambiente, a biodiversidade e o medio natural.
- b) O medio mariño e costeiro.
- c) A pesca, o marisqueo e a acuicultura.
- d) A agricultura, a gandería, os montes e a silvicultura.
- e) As infraestruturas verdes no medio natural e urbano.
- f) O ciclo da auga e os recursos hídricos.
- g) A xeración e a xestión de residuos.
- h) A mobilidade e o transporte.
- i) A ordenación do territorio e os usos do solo.



j) A edificación, a rehabilitación e a rexeneración urbana.

k) A alimentación.

l) A saúde.

m) A seguranza cidadá e as emerxencias.

n) A industria.

o) A enerxía.

p) O comercio e os servizos.

q) O turismo.

r) Os servizos ecosistémicos.

s) Os servizos meteorolóxicos.

t) A educación, a investigación e a innovación.

u) A estatística.

v) Os eventos culturais, festivos e deportivos.

w) A acción exterior e a cooperación.

2. As áreas estratéxicas comportan a obriga de elaborar plans e de aprobar compromisos anuais e plurianuais na materia de mitigación e de adaptación ao cambio climático.».



TEXTO DO PROXECTO:

CAPÍTULO V

Dimensión social e transparencia

INFORME DE PONENCIA:

CAPÍTULO V

Dimensión social e transparencia

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

**TEXTO DO PROXECTO:***Artigo 12. Participación social*

As administracións públicas de Galicia fomentarán, no ámbito das súas competencias, a participación efectiva das persoas en condicións de igualdade, sen discriminación por razón de sexo, de renda, de cualificación profesional ou doutra natureza, e, especialmente da mocidade, no ámbito da información, da formación e da sensibilización sobre as accións polo clima.

INFORME DE PONENCIA:*Artigo 12. Participación social*

As administracións públicas de Galicia fomentarán, no ámbito das súas competencias, a participación efectiva das persoas en condicións de igualdade, sen discriminación por razón de sexo, de renda, de cualificación profesional ou doutra natureza, e, especialmente da mocidade, no ámbito da información, da formación e da sensibilización sobre as accións polo clima.

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 13. Rede Local polo Clima

1. A Rede Local polo Clima é unha iniciativa da consellaría con competencias na materia de cambio climático para fortalecer a colaboración e a acción climática a nivel local, que busca coordinar os esforzos dos concellos cos obxectivos de loita contra o cambio climático da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A Rede Local polo Clima promoverá a adhesión de todos os concellos de Galicia ao Pacto das alcaldías para o clima e a enerxía e actuará como oficina de coordinación, de intercambio de coñecementos e boas prácticas e de apoio técnico e económico ás entidades locais para elaborar os plans de acción local polo clima e para os aplicar.

3. Fan parte da Rede Local polo Clima aqueles concellos que teñan aprobado o instrumento de acción climática regulado no artigo 16.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 13. Rede Local polo Clima

1. A Rede Local polo Clima é unha iniciativa da consellaría con competencias na materia de cambio climático para fortalecer a colaboración e a acción climática a nivel local, que busca coordinar os esforzos dos concellos cos obxectivos de loita contra o cambio climático da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A Rede Local polo Clima promoverá a adhesión de todos os concellos de Galicia ao Pacto das alcaldías para o clima e a enerxía e actuará como oficina de coordinación, de intercambio de coñecementos e boas prácticas e de apoio técnico e económico ás



entidades locais para elaborar os plans de acción local polo clima e para os aplicar.

3. Fan parte da Rede Local polo Clima aqueles concellos que teñan aprobado o instrumento de acción climática regulado no artigo 16.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 24, ao apartado 3, de Adición

Débase engadir, no punto 3 do artigo 13, *in fine*, o seguinte texto: «...Fan parte da Rede Local polo Clima a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e aqueles concellos que aprobasen o instrumento de acción climática aprobado no artigo 16.».



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 14. Alianza Galega polo Clima

1. A Alianza Galega polo Clima constitúe o instrumento de fomento e de colaboración constituído por axentes sociais e económicos implicados na loita contra o cambio climático e no impulso dunha economía circular e sustentable.

2. Son obxectivos da Alianza Galega polo Clima:

a) Fomentar o compromiso ambiental das diferentes organizacións que a integren.

b) Dar visibilidade ao compromiso das organizacións galegas cos obxectivos de mitigación e de adaptación desta lei.

c) Buscar a sinerxía e a colaboración entre as organizacións da sociedade civil na materia de cambio climático.

d) Impulsar iniciativas para mellorar o rendemento ambiental das organizacións e para compartir boas prácticas climáticas.

e) Outorgar premios e recoñecementos públicos por proxectos innovadores e de referencia na materia de mitigación e de adaptación climática, de acordo co previsto no artigo 37.

f) Identificar os factores e as brechas de coñecemento e de xestión que obstaculizan que as organizacións asuman compromisos na materia de mitigación e de adaptación climática.

g) Ofrecer ferramentas ás pequenas e ás medianas empresas para a súa incorporación activa á Alianza, para elas eliminaren ou, se é o caso, para reduciren as emisións de gases de efecto invernadoiro dos seus procesos ou para planificaren as necesidades de adaptación ao cambio climático.

3. Poderán facer parte da Alianza:



- a) As empresas e as asociacións profesionais ou empresariais.
- b) As organizacións sindicais.
- c) As organizacións non gobernamentais ambientais (ONG) e outras organizacións da sociedade civil.
- d) As organizacións científicas e académicas.
- e) As administracións públicas e os entes do sector público con competencias na materia ambiental.
- f) Os colexios profesionais.
- g) Calquera outra organización que estiver disposta a asumir un compromiso para avanzar na loita contra o cambio climático e na mellora do ambiente.

A pertenza á Alianza será formalizada mediante a sinatura dun memorando de entendemento.

4. A Oficina de Cambio Climático de Galicia prestará o apoio organizativo ao desenvolvemento das iniciativas e encontros da Alianza Galega polo Clima .

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 14. Alianza Galega polo Clima

1. A Alianza Galega polo Clima constitúe o instrumento de fomento e de colaboración constituído por axentes sociais e económicos implicados na loita contra o cambio climático e no impulso dunha economía circular e sustentable.

2. Son obxectivos da Alianza Galega polo Clima:

- a) Fomentar o compromiso ambiental das diferentes organizacións que a integren.



- b) Dar visibilidade ao compromiso das organizacións galegas cos obxectivos de mitigación e de adaptación desta lei.
- c) Buscar a sinerxía e a colaboración entre as organizacións da sociedade civil na materia de cambio climático.
- d) Impulsar iniciativas para mellorar o rendemento ambiental das organizacións e para compartir boas prácticas climáticas.
- e) Outorgar premios e recoñecementos públicos por proxectos innovadores e de referencia na materia de mitigación e de adaptación climática, de acordo co previsto no artigo 37.
- f) Identificar os factores e as brechas de coñecemento e de xestión que obstaculizan que as organizacións asuman compromisos na materia de mitigación e de adaptación climática.
- g) Ofrecer ferramentas ás pequenas e ás medianas empresas para a súa incorporación activa á Alianza, para elas eliminaren ou, se é o caso, para reduciren as emisións de gases de efecto invernadoiro dos seus procesos ou para planificaren as necesidades de adaptación ao cambio climático.

3. Poderán facer parte da Alianza:

- a) As empresas e as asociacións profesionais ou empresariais.
- b) As organizacións sindicais.
- c) As organizacións non gobernamentais (ONG) ambientais e outras organizacións da sociedade civil.
- d) As organizacións científicas e académicas.
- e) As administracións públicas e os entes do sector público con competencias na materia ambiental.
- f) Os colexios profesionais.



g) Calquera outra organización que estiver disposta a asumir un compromiso para avanzar na loita contra o cambio climático e na mellora do ambiente.

A pertenza á Alianza será formalizada mediante a sinatura dun memorando de entendemento.

4. A Oficina de Cambio Climático de Galicia prestará o apoio organizativo ao desenvolvemento das iniciativas e encontros da Alianza Galega polo Clima.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 25, ao apartado 3. g bis), de Adición

Débese engadir unha nova letra g *bis*) no punto 3 do artigo 14, que terá o seguinte contido:

«g *bis*) A Federación Galega de Municipios e Provincias.».

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 24, ao apartado 4 bis), de Adición

Débese engadir no artigo 14, *in fine*, o seguinte texto:

«A participación na Alianza Galega polo Clima non poderá supor unha estratexia de *greenwashing* empresarial. As empresas contaminantes e contribuíntes para o cambio climático non poderán utilizar a Alianza Galega polo Clima como un instrumento de propaganda en relación coa acción polo clima.».



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 15. Portal de acción climática de Galicia

1. A consellaría con competencia na materia de cambio climático porá en funcionamento, e actualizará permanentemente, o Portal de acción climática de Galicia, que permitirá á cidadanía participar de maneira informada nas accións climáticas de Galicia.

2. O Portal de acción climática de Galicia incluírá información sobre:

a) As emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia, por sectores.

b) Os progresos das medidas establecidas para reducir esas emisións.

c) O estado de execución dos instrumentos de acción e os seus resultados.

d) As metas e os compromisos internacionais a que Galicia estiver vinculada.

e) Os estudos e os proxectos de investigación e de desenvolvemento elaborados no ámbito do cambio climático desenvolvidos en Galicia.

f) As vías de participación e os proxectos abertos a ela.

g) Os proxectos de cooperación internacional na materia de cambio climático nos cales a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia estiver a participar.

h) As accións e os proxectos de formación e de sensibilización sobre o cambio climático desenvolvidos en Galicia.

i) As novas tecnoloxías de acción climática.



j) As versións vixentes e actualizadas da Estratexia galega de cambio climático e dos plans rexionais integrados de acción climática.

k) O seguimento da execución dos obxectivos e das medidas do Plan rexional integrado de acción climática.

m) As iniciativas e os eventos desenvolvidos no marco da Alianza Galega polo Clima.

n) Os documentos de referencia para integrar a perspectiva climática na planificación sectorial.

ñ) Calquera outra que se considerar relevante para tomar decisións informadas na materia de cambio climático .

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 15. Portal de acción climática de Galicia

1. A consellaría con competencia na materia de cambio climático porá en funcionamento, e actualizará permanentemente, o Portal de acción climática de Galicia, que permitirá á cidadanía participar de maneira informada nas accións climáticas de Galicia.

2. O Portal de acción climática de Galicia incluírá información sobre:

a) As emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia, por sectores.

b) Os progresos das medidas establecidas para reducir esas emisións.

c) O estado de execución dos instrumentos de acción e os seus resultados.

d) As metas e os compromisos internacionais a que Galicia estiver vinculada.

e) Os estudos e os proxectos de investigación e de desenvolvemento elaborados no ámbito do cambio climático desenvolvidos en Galicia.



- f) As vías de participación e os proxectos abertos a ela.
- g) Os proxectos de cooperación internacional na materia de cambio climático nos cales a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia estiver a participar.
- g bis)* Os informes xerais sobre o clima e as proxeccións climáticas.
- h) As accións e os proxectos de formación e de sensibilización sobre o cambio climático desenvolvidos en Galicia.
- i) As novas tecnoloxías de acción climática.
- j) As versións vixentes e actualizadas da Estratexia galega de cambio climático e dos plans rexionais integrados de acción climática.
- k) O seguimento da execución dos obxectivos e das medidas do Plan rexional integrado de acción climática.
- l) As iniciativas e os eventos desenvolvidos no marco da Alianza Galega polo Clima.
- m) Os documentos de referencia para integrar a perspectiva climática na planificación sectorial.
- n) Calquera outra que se considerar relevante para tomar decisións informadas na materia de cambio climático.

EMENDAS PRESENTADAS:

TRANSACC.

PARCIAL g bis) -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 25, ao apartado 2, de Adición

Débase engadir ao final do punto 2 do artigo 15 o seguinte texto:



«-g bis) Os informes xerais e sectoriais sobre o clima e as proxeccións climáticas.

REXEITAMENTO

DOS DE MAIS

GUIONS - ñ ter) As auditorías enerxéticas das administracións.

-ñ quarter) O Inventario de emisións e de sumidoiros de carbono.

-ñ quinqies) O Inventario e a pegada de carbono.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 26, de Adición

Débase engadir un novo artigo 15 *bis*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 15 *bis*. *Observatorio Galego para o Cambio Climático*

1. No prazo máximo dun ano, o departamento con competencias en cambio climático formulará unha proposta para crear o Observatorio Galego para o Cambio Climático, entendido como unha rede especializada de información, de seguimento, de avaliación e de previsión sobre os cambios no clima e os seus efectos sobre a saúde, a seguranza, as desigualdades, o acceso á enerxía, o medio, a biodiversidade, os recursos, a produción de alimentos e as actividades económicas, entre outros ámbitos.

2. O citado observatorio deberá garantir a análise e o seguimento territorializado e por sectores.

3. Farán parte do Observatorio as administracións públicas, as universidades públicas galegas e o Comité Científico sobre o Cambio Climático.».



TEXTO DO PROXECTO:

TÍTULO II

Instrumentos de ordenación e de acción climática

INFORME DE PONENCIA:

TÍTULO II

Instrumentos de ordenación e de acción climática

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



TEXTO DO PROXECTO:

CAPÍTULO I

Instrumentos de acción climática

INFORME DE PONENCIA:

CAPÍTULO I

Instrumentos de acción climática

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 16. Tipos de instrumentos

1. Os instrumentos de acción climática son os seguintes:

- a) A Estratexia galega de cambio climático.
- b) O Plan rexional integrado de acción climática.
- c) O Plan de acción local polo clima.

2. Os instrumentos de acción climática de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia serán publicados no Portal de acción climática de Galicia, no prazo dun mes despois de seren aprobados.

3. A consellaría con competencias na materia de cambio climático elaborará un informe sobre os resultados agregados dos plans de acción local polo clima que se publicará actualizado no Portal de acción climática de Galicia.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 16. Tipos de instrumentos

1. Os instrumentos de acción climática son os seguintes:

- a) A Estratexia galega de cambio climático.
- b) O Plan rexional integrado de acción climática.
- c) O Plan de acción local polo clima.

2. Os instrumentos de acción climática de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia serán publicados no Portal de acción climática de Galicia, no prazo dun mes despois de seren aprobados.



3. A consellaría con competencias na materia de cambio climático elaborará un informe sobre os resultados agregados dos plans de acción local polo clima que se publicará actualizado no Portal de acción climática de Galicia.

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 17. Estratexia galega de cambio climático

1. A Estratexia galega de cambio climático constitúe o instrumento xeral de planificación da Comunidade Autónoma de Galicia fronte ao cambio climático e é o marco integrado e transversal de ordenación e de planificación de obxectivos, de políticas e de accións que permiten cumprir os obxectivos desta lei.

2. A Estratexia galega de cambio climático será revisada con motivo da aprobación periódica do Plan rexional integrado de acción climática, coa finalidade de avaliar os seus resultados e, se for o caso, de redefinir os obxectivos, tendo en conta o avance do coñecemento científico e tecnolóxico e regulamentario nesta materia.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 17. Estratexia galega de cambio climático

1. A Estratexia galega de cambio climático constitúe o instrumento xeral de planificación da Comunidade Autónoma de Galicia fronte ao cambio climático e é o marco integrado e transversal de ordenación e de planificación de obxectivos, de políticas e de accións que permiten cumprir os obxectivos desta lei.

2. A Estratexia galega de cambio climático será revisada con motivo da aprobación periódica do Plan rexional integrado de acción climática, coa finalidade de avaliar os seus resultados e, se for o caso, de redefinir os obxectivos, tendo en conta o avance do coñecemento científico e tecnolóxico e regulamentario nesta materia.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 27, ao apartado 2 bis), de Adición



Débese engadir un novo punto 2 *bis*) no artigo 17, que terá o seguinte contido:

«2 *bis*). O Consello da Xunta aprobará e enviará ao Parlamento, para o debate, a formulación de propostas e a aprobación da Estratexia galega de cambio climático.

O documento da Estratexia galega de cambio climático deberase elaborar de modo participativo e deberase aprobar no prazo máximo de dezoito meses.

A Estratexia contará con informes do Foro de Acción Climática, da Asemblea Cidadá para a Acción polo Clima e do Comité Científico sobre o Cambio Climático.».



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 18. Plan rexional integrado de acción climática

1. O Consello da Xunta de Galicia aprobará o Plan rexional integrado de acción climática, que establecerá as medidas específicas que permitan desenvolver as liñas de actuación establecidas para acadar os obxectivos da Estratexia galega de cambio climático.

2. O Plan rexional integrado será revisado e actualizado cada cinco anos e disporá dun sistema de indicadores para a súa avaliación e seguimento.

3. O contido do Plan rexional integrado recollerá as medidas na materia de mitigación, de adaptación, de investigación e de carácter social, de gobernanza e de sensibilización, conforme os obxectivos da Estratexia galega de cambio climático.

4. O Plan rexional integrado poderá establecer obxectivos de emisión por áreas estratéxicas e por sectores económicos, en coordinación con outros plans estratéxicos sectoriais. Para estes efectos, deberán ser tidos en conta, entre outros factores, o coñecemento científico, o impacto nos diferentes sectores e o potencial de redución de cada un, as circunstancias económicas e sociais, a competitividade, a política enerxética, os escenarios de emisións e a evolución da política regulamentaria da Unión Europea.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 18. Plan rexional integrado de acción climática

1. O Consello da Xunta de Galicia aprobará o Plan rexional integrado de acción climática, que establecerá as medidas específicas que permitan desenvolver as liñas de actuación establecidas para acadar os obxectivos da Estratexia galega de cambio climático.



2. O Plan rexional integrado será revisado e actualizado cada cinco anos e disporá dun sistema de indicadores para a súa avaliación e seguimento.

3. O contido do Plan rexional integrado recollerá as medidas na materia de mitigación, de adaptación, de investigación e as medidas de carácter social, de gobernanza e de sensibilización, conforme os obxectivos da Estratexia galega de cambio climático.

4. O Plan rexional integrado poderá establecer obxectivos de emisión por áreas estratéxicas e por sectores económicos, en coordinación con outros plans estratéxicos sectoriais. Para estes efectos, deberán ser tidos en conta, entre outros factores, o coñecemento científico, o impacto nos diferentes sectores e o potencial de redución de cada un, as circunstancias económicas e sociais, a competitividade, a política enerxética, os escenarios de emisións e a evolución da política regulamentaria da Unión Europea.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 28, ao apartado 4, de Modificación

Débase substituír, no punto 4 do artigo 18, o termo «podará» polo termo «deberá».

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 29, ao apartado 4 bis), de Adición

Débase engadir un novo punto 4 *bis*) ao final do artigo 18, que terá o seguinte contido:

«4 *bis*). O Consello da Xunta aprobará e enviará ao Parlamento, para o debate, a formulación de propostas e a aprobación do Plan Rexional Integrado de Acción Climática.



O documento do Plan deberase elaborar de maneira participativa e contará con informes do Foro de Acción Climática, da Asemblea Cidadá para a Acción polo Clima e do Comité Científico sobre o Cambio Climático.».



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 19. Plans de acción local polo clima

1. As entidades locais poderán aprobar, no marco das súas competencias, un plan de acción local polo clima, de conformidade coa Estratexia galega de cambio climático e co Plan rexional integrado e no marco da iniciativa do Pacto das alcaldías para o clima e a enerxía.

2. Os concellos de máis de vinte mil habitantes estarán obrigados, en calquera caso, a aprobar o plan de acción polo clima indicado.

3. Os plans de acción polo clima deben ter o contido recollido nas guías de referencia previstas no marco da iniciativa do Pacto das alcaldías para o clima e a enerxía, e no mínimo:

a) Unha definición dos obxectivos estratéxicos de longo prazo e dos obxectivos específicos na materia de mitigación e de adaptación ao cambio climático.

b) Un inventario de referencia de emisións.

c) Unha avaliación de riscos e de vulnerabilidades ambientais, sociais e económicos, referida aos principais riscos climáticos.

d) As medidas e as accións previstas nos ámbitos da mitigación, da adaptación e da pobreza enerxética.

4. As entidades locais poderán elaborar estes programas individualmente ou agrupadas mediante a presentación dun plan conxunto. Neste último caso, a agrupación terá como finalidade principal facilitar o mellor cumprimento dos obxectivos desta lei.

No caso de entidades locais supramunicipais e de agrupacións de entidades locais, o inventario de emisións deberá ser elaborado por cada un dos concellos participantes. A avaliación de riscos e de vulnerabilidades fronte ao cambio climático deberá ser realizada para o conxunto dos concellos.



5. Os plans de acción local polo clima serán aprobados mediante unha ordenanza. Despois de os aprobar, serán comunicados polas entidades locais á consellaría con competencias na materia de cambio climático da Xunta de Galicia, de acordo cos medios que se determinaren, e serán rexistrados no marco da iniciativa do Pacto das alcaldías para o clima e a enerxía.

6. Os plans de acción local polo clima terán unha duración inicial de dous anos. Cada dous anos, as entidades locais deberán elaborar e aprobar un informe de seguimento do grao de cumprimento do seu plan no marco da iniciativa do Pacto das alcaldías para o clima e a enerxía, e deberán remitilo á consellaría con competencias na materia de cambio climático. No referente a entidades locais supramunicipais e a agrupacións de entidades locais, o informe será acompañado por unha declaración responsable de cada un dos concellos participantes.

7. As deputacións provinciais, no seu marco de competencias, poderán prestar apoio aos concellos para estes aprobaren e aplicaren os plans de acción local polo clima.

8. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico poderán establecer unhas liñas específicas de fomento para apoiaren as actuacións das entidades locais dirixidas a cumprir os compromisos que comportan os plans de acción local polo clima.

Nas convocatorias de subvencións en réxime de concorrencia competitiva realizadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou por calquera entidade do sector público autonómico, dirixidas ás entidades locais galegas e destinadas a investimentos e a gastos previstos polos plans de acción local polo clima, as bases da convocatoria poderán introducir un criterio de valoración específico que no baremo de puntuación supoña, cando menos, o dez por cento do total a favor das actuacións desenvolvidas por aqueles concellos que dispuxeren dun plan de acción local polo clima rexistrado.



9. A elaboración e a aplicación dos plans de acción local polo clima poderán ser financiadas cos fondos para a transición climática e circular de Galicia, recollidos no artigo 34 desta lei, se os concellos aplicaren medidas fiscais ou outras regulacións ao seu alcance que incentiven as boas prácticas, favorecendo a mitigación e diminuindo a vulnerabilidade.

10. A consellaría con competencias na materia de cambio climático establecerá regulamentariamente os prazos e a forma para as entidades locais comunicaren os plans de acción local polo clima.

Sen prexuízo do previsto neste artigo, para elaboraren o seu plan, as entidades locais seguirán as guías de referencia, e igualmente os procedementos de seguimento previstos no marco da iniciativa do Pacto das alcaldías para o clima e a enerxía.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 19. Plans de acción local polo clima

1. As entidades locais poderán aprobar, no marco das súas competencias, un plan de acción local polo clima, de conformidade coa Estratexia galega de cambio climático e co Plan rexional integrado e no marco da iniciativa do Pacto das alcaldías para o clima e a enerxía.

2. Os concellos de máis de vinte mil habitantes estarán obrigados, en calquera caso, a aprobar o plan de acción polo clima indicado.

3. Os plans de acción polo clima deben ter o contido recollido nas guías de referencia previstas no marco da iniciativa do Pacto das alcaldías para o clima e a enerxía, e no mínimo:

a) Unha definición dos obxectivos estratéxicos de longo prazo e dos obxectivos específicos na materia de mitigación e de adaptación ao cambio climático.

b) Un inventario de referencia de emisións.



c) Unha avaliación de riscos e de vulnerabilidades ambientais, sociais e económicos, referida aos principais riscos climáticos.

d) As medidas e as accións previstas nos ámbitos da mitigación, da adaptación e da pobreza enerxética.

4. As entidades locais poderán elaborar estes programas individualmente ou agrupadas mediante a presentación dun plan conxunto. Neste último caso, a agrupación terá como finalidade principal facilitar o mellor cumprimento dos obxectivos desta lei.

No caso de entidades locais supramunicipais e de agrupacións de entidades locais, o inventario de emisións deberá ser elaborado por cada un dos concellos participantes. A avaliación de riscos e de vulnerabilidades fronte ao cambio climático deberá ser realizada para o conxunto dos concellos.

5. Os plans de acción local polo clima serán aprobados mediante unha ordenanza. Despois de os aprobar, serán comunicados polas entidades locais á consellaría con competencias na materia de cambio climático da Xunta de Galicia, de acordo cos medios que se determinaren, e serán rexistrados no marco da iniciativa do Pacto das alcaldías para o clima e a enerxía.

6. Os plans de acción local polo clima terán unha duración inicial de dous anos. Cada dous anos, as entidades locais deberán elaborar e aprobar un informe de seguimento do grao de cumprimento do seu plan no marco da iniciativa do Pacto das alcaldías para o clima e a enerxía, e deberán remitilo á consellaría con competencias na materia de cambio climático. No referente a entidades locais supramunicipais e a agrupacións de entidades locais, o informe será acompañado por unha declaración responsable de cada un dos concellos participantes.

7. As deputacións provinciais, no seu marco de competencias, poderán prestar apoio aos concellos para estes aprobaren e aplicaren os plans de acción local polo clima.



8. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico poderán establecer unhas liñas específicas de fomento para apoiaren as actuacións das entidades locais dirixidas a cumprir os compromisos que comportan os plans de acción local polo clima.

Nas convocatorias de subvencións en réxime de concorrencia competitiva realizadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ou por calquera entidade do sector público autonómico, dirixidas ás entidades locais galegas e destinadas a investimentos e a gastos previstos polos plans de acción local polo clima, as bases da convocatoria poderán introducir un criterio de valoración específico que no baremo de puntuación supoña, cando menos, o dez por cento do total a favor das actuacións desenvolvidas por aqueles concellos que dispuxeren dun plan de acción local polo clima rexistrado.

9. A elaboración e a aplicación dos plans de acción local polo clima poderán ser financiadas cos fondos para a transición climática e circular de Galicia, recollidos no artigo 34 desta lei, se os concellos aplicaren medidas fiscais ou outras regulacións ao seu alcance que incentiven as boas prácticas, favorecendo a mitigación e diminuindo a vulnerabilidade.

10. A consellaría con competencias na materia de cambio climático establecerá regulamentariamente os prazos e a forma para as entidades locais comunicaren os plans de acción local polo clima.

Sen prexuízo do previsto neste artigo, para elaboraren o seu plan, as entidades locais seguirán as guías de referencia, e igualmente os procedementos de seguimento previstos no marco da iniciativa do Pacto das alcaldías para o clima e a enerxía.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia



Emenda nº 26, ao apartado 3. d), de Modificación

Na alínea d) do punto 3 do artigo 19, *in fine*, onde di: «...da adaptación e da pobreza enerxética.», debe dicir: «...da adaptación da transición e da pobreza enerxética.».

REXEITADA

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 30, ao apartado 6, de Modificación

Débese substituír, no punto 6 do artigo 19, o texto: «...terán unha duración inicial de dous anos.», polo seguinte: «...terán unha duración inicial de catro anos.».

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 27, ao apartado 8, de Modificación

Débese substituír o contido do punto 8 do artigo 19 polo seguinte texto:

«8. Co fin de garantir o cumprimento efectivo dos obxectivos de mitigación e de adaptación ao cambio climático e a transición enerxética recollidos nos plans de acción climática elaborados polas entidades locais, ao abeiro do previsto nesta lei, a Xunta de Galicia deberá establecer instrumentos de colaboración financeira dirixidos a apoiar a súa execución.».

REXEITADA

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 31, ao apartado 9, de Modificación



Débese substituír, no punto 9 do artigo 19, a expresión: «...poderán ser financiadas...», pola seguinte: «...financiaranse...».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 28, de Adición

Débase crear un novo artigo 19 *bis*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 19 *bis*

A colaboración financeira da Xunta de Galicia será formalizada a través da habilitación de liñas de financiamento específicas, de convocatorias de subvencións, de convenios de colaboración ou doutros mecanismos xurídicos que aseguren unha distribución equitativa e eficiente dos recursos, tendo en conta criterios de poboación, capacidade técnica e económica das entidades beneficiarias, vulnerabilidade climática e impacto potencial das actuacións propostas. As actuacións financiáveis ao abeiro do previsto neste artigo deberán estar aliñadas cos obxectivos e coas prioridades incluídos nesta lei, ben como nos instrumentos de planificación climática e enerxética vixentes a niveis autonómico, estatal e europeo.

A Xunta de Galicia poderá establecer mecanismos de seguimento, de avaliación e de control do grao de execución das actuacións subvencionadas, co fin de garantir a eficacia das medidas adoptadas e a aplicación correcta dos fondos públicos. A dotación orzamentaria para cumprir o previsto neste artigo



será recollida anualmente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da posible captación e utilización de fondos europeos ou doutros mecanismos de financiamento supranacional.».



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 20. Proxeccións climáticas

1. O órgano con competencia na materia de cambio climático da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia elaborará e revisará as proxeccións climáticas de Galicia. Estas proxeccións son a base de coñecemento para revisar e actualizar a Estratexia galega de cambio climático e o Plan rexional integrado de acción climática.

2. Estas proxeccións climáticas proporcionarán información sistematizada, elaborada especificamente para Galicia e facilmente comprensible, para integrar a perspectiva climática na actividade administrativa, nomeadamente nos plans e nos programas sectoriais autonómicos.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 20. Proxeccións climáticas

1. O órgano con competencia na materia de cambio climático da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia elaborará e revisará as proxeccións climáticas de Galicia. Estas proxeccións son a base de coñecemento para revisar e actualizar a Estratexia galega de cambio climático e o Plan rexional integrado de acción climática.

2. Estas proxeccións climáticas proporcionarán información sistematizada, elaborada especificamente para Galicia e facilmente comprensible, para integrar a perspectiva climática na actividade administrativa, nomeadamente nos plans e nos programas sectoriais autonómicos.

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



TEXTO DO PROXECTO:

CAPÍTULO II

Perspectiva climática na actividade administrativa sectorial

INFORME DE PONENCIA:

CAPÍTULO II

Perspectiva climática na actividade administrativa sectorial

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

**TEXTO DO PROXECTO:**

Artigo 21. *Integración da perspectiva climática na actividade administrativa*

As consellarías competentes nas áreas estratéxicas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia terán en conta a perspectiva climática na elaboración dos plans e dos programas sectoriais e na súa aprobación, no proceso de preparación de contratos públicos, cando o seu obxecto e natureza o permitiren, e nas convocatorias de subvencións públicas con impacto nos obxectivos de neutralidade climática, en coherencia cos obxectivos previstos nesta lei, na Estratexia galega de cambio climático e nos plans rexionais integrados de acción climática .

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 21. *Integración da perspectiva climática na actividade administrativa*

As consellarías competentes nas áreas estratéxicas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia terán en conta a perspectiva climática na elaboración dos plans e dos programas sectoriais e na súa aprobación, no proceso de preparación de contratos públicos, cando o seu obxecto e natureza o permitiren, e nas convocatorias de subvencións públicas con impacto nos obxectivos de neutralidade climática, en coherencia cos obxectivos previstos nesta lei, na Estratexia galega de cambio climático e nos plans rexionais integrados de acción climática.

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 32, de Adición

Débase engadir un novo artigo 21 *bis*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 21 *bis*. *Perspectiva climática nos orzamentos*

1. Os orzamentos da Comunidade Autónoma incorporarán a perspectiva climática a partir da aprobación desta lei.
2. Os orzamentos incluírán programas de actuación e partidas destinadas a mitigar e a se adaptar ao cambio climático.
3. Os concellos de máis de dez mil habitantes incorporarán a perspectiva climática nos orzamentos no prazo máximo de tres anos.».



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 22. Perspectiva climática na planificación sectorial autonómica

1. Os plans e os programas sectoriais autonómicos, e as súas modificacións, terán en consideración a Estratexia galega de cambio climático e o Plan rexional integrado de acción climática en vigor, e darán cumprimento aos obxectivos e ás medidas destes instrumentos de acción climática que afectaren o seu ámbito de aplicación.

2. A planificación sectorial autonómica específica con especial incidencia no territorio terá en conta as proxeccións climáticas reguladas no artigo 20, coa finalidade de mellorar a capacidade de adaptación, de fortalecer a resiliencia e de reducir a vulnerabilidade.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 22. Perspectiva climática na planificación sectorial autonómica

1. Os plans e os programas sectoriais autonómicos, e as súas modificacións, terán en consideración a Estratexia galega de cambio climático e o Plan rexional integrado de acción climática en vigor, e darán cumprimento aos obxectivos e ás medidas destes instrumentos de acción climática que afectaren o seu ámbito de aplicación.

2. A planificación sectorial autonómica específica con especial incidencia no territorio terá en conta as proxeccións climáticas reguladas no artigo 20, coa finalidade de mellorar a capacidade de adaptación, de fortalecer a resiliencia e de reducir a vulnerabilidade.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 29, ao apartado 1, de Modificación

Proponse unha nova redacción para o punto 1 do artigo 22, que terá o seguinte contido:



«1. Os plans e os programas sectoriais da Administración autonómica, así como as súas modificacións, deberán ter en conta a Estratexia galega de cambio climático e o Plan Rexional Integrado de Acción Climática vixentes, e darán cumprimento aos obxectivos e ás medidas establecidos nestes instrumentos de acción climática, na medida en que sexan aplicables ao seu ámbito de actuación. No seu contido deberanse establecer, entre outros aspectos, as directrices e os obxectivos na materia de mitigación e de transición enerxética, os sectores e as estratexias de adaptación ao cambio climático, os colectivos potencialmente afectados, as medidas de transición xusta, ben como as oportunidades de desenvolvemento tecnolóxico e empresarial e os investimentos asociados.».



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 23. Avaliación climática estratéxica de plans e de programas

1. Os plans e os programas con impacto na xeración de emisións de gases de efecto invernadoiro e aqueles que recollan accións de adaptación ao cambio climático, e as súas modificacións, que adoptaren ou aprobaren a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades locais, e que estiveren sometidos a avaliación ambiental estratéxica, deberán integrar a perspectiva climática, que incorporará, ao menos, unha análise do seu impacto sobre as emisións de gases de efecto invernadoiro, directas e indirectas, e medidas destinadas a minimizalas ou compensalas no caso de non se poderen evitar.

2. A consellaría con competencia na materia de cambio climático deberá elaborar un documento técnico de referencia para a integración da perspectiva climática na elaboración dos plans e dos programas autonómicos e facilitar así o cumprimento do establecido no punto 1.

3. O documento técnico de referencia, indicado no punto 2, será tomado en consideración necesariamente na elaboración do estudo ambiental estratéxico, que deberá integrar unha sección xustificativa neste sentido, no caso dos plans e dos programas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. No que atinxe a plans e a programas das entidades locais, na elaboración do estudo ambiental estratéxico, con perspectiva climática, poderán tomarse en consideración os documentos técnicos de referencia ou outras orientacións aprobados pola Comisión Europea, pola Administración xeral do Estado ou definidas por normas técnicas de referencia.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 23. Avaliación climática estratéxica de plans e de programas



1. Os plans e os programas con impacto na xeración de emisións de gases de efecto invernadoiro e aqueles que recollan accións de adaptación ao cambio climático, e as súas modificacións, que adoptaren ou aprobaren a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades locais, e que estiveren sometidos a avaliación ambiental estratéxica, deberán integrar a perspectiva climática, que incorporará, ao menos, unha análise do seu impacto sobre as emisións de gases de efecto invernadoiro, directas e indirectas, e medidas destinadas a minimizalas ou compensalas no caso de non se poderen evitar.
2. A consellaría con competencia na materia de cambio climático deberá elaborar un documento técnico de referencia para a integración da perspectiva climática na elaboración dos plans e dos programas autonómicos e facilitar así o cumprimento do establecido no punto 1.
3. O documento técnico de referencia, indicado no punto 2, será tomado en consideración necesariamente na elaboración do estudo ambiental estratéxico, que deberá integrar unha sección xustificativa neste sentido, no caso dos plans e dos programas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
4. No que atinxe a plans e a programas das entidades locais, na elaboración do estudo ambiental estratéxico, con perspectiva climática, poderán tomarse en consideración os documentos técnicos de referencia ou outras orientacións aprobados pola Comisión Europea, pola Administración xeral do Estado ou definidas por normas técnicas de referencia.

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 24. Avaliación de impacto de proxectos

1. Os proxectos de competencia autonómica, e as súas modificacións, que estiveren sometidos a avaliación de impacto ambiental ordinaria de proxectos deberán integrar a perspectiva climática na súa avaliación.

2. A integración da perspectiva climática será realizada a través do procedemento de avaliación de impacto ambiental, de acordo co que establece a lexislación básica do Estado na materia de avaliación ambiental e a lexislación autonómica vixente na materia.

Nos informes que emita a consellaría con competencias na materia de cambio climático neste procedemento, avaliarase o potencial impacto directo e inducido das emisións de gases de efecto invernadoiro e a normativa vixente na materia de cambio climático.

3. Os documentos técnicos de referencia que se puxeren á disposición para elaborar estudos de impacto ambiental establecerán indicacións sobre como incorporar a perspectiva climática na elaboración dos estudos de impacto ambiental de proxectos para dar cumprimento aos obxectivos desta lei.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 24. Avaliación de impacto de proxectos

1. Os proxectos de competencia autonómica, e as súas modificacións, que estiveren sometidos a avaliación de impacto ambiental ordinaria de proxectos deberán integrar a perspectiva climática na súa avaliación.

2. A integración da perspectiva climática será realizada a través do procedemento de avaliación de impacto ambiental, de acordo co que



establece a lexislación básica do Estado na materia de avaliación ambiental e a lexislación autonómica vixente na materia.

Nos informes que emita a consellaría con competencias na materia de cambio climático neste procedemento, avaliarase o potencial impacto, directo e inducido, das emisións de gases de efecto invernadoiro e a normativa vixente na materia de cambio climático.

3. Os documentos técnicos de referencia que se puxeren á disposición para elaborar estudos de impacto ambiental establecerán indicacións sobre como incorporar a perspectiva climática na elaboración dos estudos de impacto ambiental de proxectos para dar cumprimento aos obxectivos desta lei.

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 30, de Adición

- Débese crear un novo capítulo II *bis*, dentro do título II, que terá o seguinte título:

CAPÍTULO II *bis*

Neutralidade climática

**INFORME DE PONENCIA:**

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 31, de Adición

Débase crear unha nova sección primeira, logo do
CAPÍTULO II *bis*, que terá o seguinte título:

Sección 1ª. Transición enerxética



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 32, de Adición

Débase crear un novo artigo 24 *bis*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 24 *bis*. *Directrices xerais da transición enerxética*

1. A Administración autonómica establecerá as directrices básicas para orientar a transición enerxética cara a un sistema enerxético descarbonizado, eficiente e baseado nas fontes renovables, e aquelas se deberán recoller de forma expresa nos plans e nos programas sectoriais e territoriais.

2. Estas directrices integrarán uns criterios de eficiencia, de substitución progresiva de combustibles fósiles, de integración de enerxías renovables, de electrificación e de consumo final, e de participación e coherencia territorial.

3. A consecución destas directrices incorpórase como obxectivo estratéxico da política enerxética autonómica, en sintonía coa adaptación aos efectos do cambio climático e coa resiliencia do territorio.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 33, de Adición

- Débese crear un novo artigo 24 *ter*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 24 *ter*. *Obxectivos de eficiencia enerxética*

1. Establécense obxectivos vinculantes de mellora da eficiencia enerxética nos usos finais para o horizonte 2030 e 2040, e igualmente unha meta de longo prazo para o ano 2050, co fin de reducir o consumo de enerxía primario e final.

2. Os plans sectoriais integrarán metas cuantificadas, por sector de actividade ou por tipoloxía de consumo, e medidas de incentivos e tamén normativa que faciliten a súa consecución.

3. A Administración autonómica promoverá mecanismos de diagnóstico periódico do cumprimento dos obxectivos e información pública sobre os progresos.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 34, de Adición

Débese engadir un novo artigo 24 *quater*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 24. *Obxectivos en enerxías renovables*

1. Fixaranse uns obxectivos (de curto, de medio e de longo prazo) para incrementar a produción e a participación das enerxías renovables no consumo enerxético total da comunidade, e tamén para o autoconsumo, as microrredes e a comunidade enerxética.

2. As administracións autonómica e locais fomentarán a integración destas fontes de enerxía renovable na edificación, nas infraestruturas, nos procesos industriais e nos servizos públicos, con especial atención aos territorios con menor cobertura ou con maior necesidade de desenvolvemento.

3. Os plans territoriais de ordenación enerxética deberán prever a identificación, a promoción e a protección dos espazos e das instalacións susceptibles de acoller proxectos de enerxía renovable, respectando os valores ambientais, paisaxísticos e sociais.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 35, de Adición

Débesse crear un novo artigo 24 *quinquies*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 24 *quinquies*. *Directrices sobre enerxías renovables*

1. Serán aprobadas, mediante unha norma autonómica, as directrices que definan os criterios para a localización, o planeamento e a autorización das infraestruturas de produción de enerxía renovable, procurando a máxima coherencia co desenvolvemento sustentable, coa ordenación do territorio e coa normativa ambiental.

2. As instalacións renovables darán prioridade á integración paisaxística e ambiental, á minimización de impactos adversos e á maximización das oportunidades de emprego e de desenvolvemento local.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 36, de Adición

Débase crear un novo artigo 24 *sexies*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 24 *sexies*. *Fomento e xestión das enerxías renovables*

1. A Administración autonómica e as administracións locais promoverán programas de impulso e de financiamento para o desenvolvemento de enerxías renovables, incluídas as redes de distribución innovadoras, de autoconsumo, de comunidades enerxéticas e de sistemas híbridos con almacenamento.

2. Estableceranse uns mecanismos de coordinación administrativa, de simplificación normativa e de apoio técnico ás entidades promotoras de renovables, así como unhas liñas de achega pública ou de estímulo fiscal para facilitar a transición.

3. As promocións deberán incluír obrigatoriamente a avaliación social e ambiental, ben como a inclusión de plans de formación e emprego para as persoas e os colectivos máis vulnerables ou afectados pola transición.»



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 37, de Adición

- Débese crear un novo artigo 24 *septies*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 24 septies. Concesións, autorizacións e dereitos de superficie

1. Para implantar instalacións de enerxía renovable en solo público ou en infraestruturas preexistentes da Administración autonómica, serán establecidos procedementos de concesión ou dereitos de superficie adaptados ao novo marco de transición enerxética, procurando maximizar o beneficio público e local.

2. Os procedementos garantirán a tramitación simplificada sempre que se cumpran os criterios ambientais, sociais e territoriais definidos nas directrices anteriores e nos plans vixentes.

3. As administracións públicas poderán reservar unhas proporcións de autoconsumo ou de participación local nas instalacións impulsadas nos seus ámbitos de titularidade.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 38, de Adición

- Débese engadir un novo artigo 24 *octies*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 24 octies. Promoción da participación local en proxectos de enerxía renovable

1. Os plans autonómicos e sectoriais fomentarán activamente a participación das comunidades locais e municipais, inclusive as comunidades enerxéticas cidadás, como axente chave da transición.
2. Crearase un rexistro autonómico de comunidades enerxéticas e de iniciativas cidadás de enerxías renovables, co fin de facilitar o seu acceso, asesoramento e financiamento.
3. As administracións locais disporán de liñas preferentes de apoio para a súa participación activa e o beneficio das comunidades no desenvolvemento e na explotación de proxectos renovables.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 39, de Adición

Débase crear un novo artigo 24 *nonies*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 24 *nonies*. *Abandono de enerxías non-renovables por parte da Administración*

1. A Administración autonómica e as entidades do sector público deberán elaborar, como parte dos seus plans de transición interna, o calendario de abandono paulatino das enerxías derivadas de combustibles fósiles en todas as súas instalacións, operacións e compra enerxética, consonte os obxectivos de neutralidade climática previamente establecidos.

2. Este proceso incluírá, entre outros elementos: a substitución de instalacións térmicas por renovables, a eliminación progresiva de contratos con combustibles fósiles e a priorización de contratos de enerxía cen por cento renovable.

3. A tramitación e a execución destes plans deberán transmitirse á cidadanía mediante uns informes periódicos e accesibles.



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 40, de Adición

Débase engadir un novo artigo 24 *decies*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 24 *decies*. *Fomento de renovables de proximidade na edificación*

1. Nos programas de rehabilitación de edificación e nos novos proxectos de edificación promovidos ou autorizados pola Administración autonómica ou local deberá ser fomentada a instalación de sistemas de enerxías renovables integradas, tales como paneis fotovoltaicos, aerotermia, xeotermia ou proxectos de calefacción ou refrixeración de distrito, con prioridade para os edificios públicos ou de titularidade pública.

2. Establécense uns incentivos para o sector privado incorporar e acometer estas instalacións, especialmente no parque residencial con menor eficiencia, e procederase a definir unhas liñas de axuda, bonificacións ou reducións fiscais en función da intensidade da renovación enerxética.

3. As administracións locais deberán incluír, no seu planeamento urbano, os criterios que faciliten a integración de renovables de proximidade e o alugueiro ou o uso compartido de infraestruturas enerxéticas.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 41, de Adición

Débase engadir un novo artigo 24 *undecies*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 24 *undecies*. *Mobilidade sustentable*

1. A Xunta de Galicia, en coordinación coas administracións locais, promoverá unha transición cara a unha mobilidade sustentable, eficiente e descarbonizada, mediante a electrificación do transporte, o fomento da mobilidade activa e o emprego compartido, a intermodalidade e as infraestruturas de recarga para vehículos eléctricos.

2. Defínense obxectivos de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro e de consumo de combustibles fósiles no sector transporte para o horizonte 2030 e 2040, coa revisión periódica nos instrumentos de planificación correspondentes.

3. As administracións locais acondicionarán o seu planeamento urbanístico para favorecer sistemas de transporte público limpo, de carrís bici e peonís, de zonas de baixas emisións e doutras medidas que impulsen a mobilidade urbana sustentable.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 42, de Adición

Débese crear unha sección segunda, que terá o seguinte título:

Sección 2ª. Outras políticas sectoriais e territoriais que contribúan para a neutralidade



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 43, de Adición

Débase crear un novo artigo 24 *duodecies*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 24 *duodecies*. *Economía circular*

1. A adopción dunha economía circular será un dos piares da neutralidade climática, mediante a prevención, a reutilización, a reciclaxe e a valorización de residuos, a mellora da eficiencia de recursos e a promoción de cadeas produtivas de baixo impacto.
2. As políticas autonómicas e locais deberán integrar obxectivos concretos de redución do uso de recursos primarios e de mellora da eficiencia, establecendo indicadores e prazos para os sectores económicos.
3. Incentivarase a innovación e a transformación empresarial cara a modelos circulares, e as administracións deberán facilitar o acceso a instrumentos de financiamento, de asesoramento técnico e de formación.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 44, de Adición

Débase introducir un novo artigo 24 *terdecies*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 24 *terdecies*. *Descarbonización de procesos industriais*

1. No sector industrial deberanse adoptar plans de descarbonización que inclúan, entre outras medidas: a mellora da eficiencia enerxética nos procesos, a substitución de combustibles fósiles, a electrificación, a captura ou valorización de carbono e a optimización de fluxos de calor.

2. Estes plans deberanse integrar na planificación autonómica e nas autorizacións sectoriais correspondentes, e igualmente nos instrumentos de financiamento público para a modernización industrial.

3. A Administración fomentará os *clusters* e as redes de cooperación entre empresas para acelerar a adopción de tecnoloxías limpas e de baixo carbono, e promoverá a formación e a recualificación de persoal industrial para esta transición.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 45, de Adición

Débase crear un novo artigo 24 *quaterdecies*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 24 *quaterdecies*. *Actividades do comercio, do turismo e do resto de subsectores de servizos*

1. Os sectores de comercio, de turismo, de hostalaría e doutros servizos iniciais deberán integrar criterios de eficiencia enerxética, de emprego de renovables, de mobilidade sustentable e de compensación de emisións nos seus procesos de actividade.

2. A Xunta de Galicia establecerá unhas liñas de axuda e de programas específicos para impulsar a transformación destes sectores cara a modelos de servizos sustentables e resilientes.

3. Os plans locais de clima e de enerxía e os instrumentos sectoriais deberán incluír medidas que favorezan estes sectores nas zonas rurais, insulares ou con menor densidade poboacional, garantindo a transición xusta.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 46, de Adición

«Débese crear un novo artigo 24 *quindecies*, que terá o seguinte contido:

Artigo 24 quindecies. Actividades agrícolas, gandeiras, forestais e pesqueiras

1. Nos sectores primario e forestal considerarase a mitigación e a adaptación ao cambio climático como un eixe estratéxico, mediante medidas de eficiencia enerxética, a incorporación de renovables, o aproveitamento da biomasa residual, a captura de carbono e a xestión sustentable dos ecosistemas.
2. Estimularase a transición cara a modos de produción agroecolóxicos, baixos en carbono e resilientes ao clima, ben como a implantación de sistemas de “agricultura precisa” e de tecnoloxías dixitais con menos impacto ambiental.
3. Nos ámbitos pesqueiro e acuícola promoverase a eficiencia enerxética, a redución de combustibles fósiles e a adaptación aos efectos do cambio climático, garantindo a sustentabilidade das cadeas produtivas e das comunidades de costa.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 47, de Adición

Débase crear un novo artigo 24 *sexdecies*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 24 *sexdecies*. *Xestión patrimonial natural*

1. A Administración autonómica garantirá conservar, restaurar e xestionar eficazmente os espazos naturais, as masas forestais, os humedais, as ribeiras e os ecosistemas mariños, como instrumentos fundamentais para a captura de carbono, para a resiliencia territorial e para a biodiversidade.

2. As políticas de xestión deberán integrar obxectivos cuantificables de absorción de carbono e de mellora dos servizos ecosistémicos, coa participación das entidades locais, das comunidades forestais e da sociedade civil.

3. Promoveranse esquemas de “pagamento por servizos ecosistémicos” e instrumentos de mercado que recoñezan o valor da función reguladora dos ecosistemas na loita contra o cambio climático.»



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 48, de Adición

Débase crear un novo artigo 24 *septendecies*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 24 *septendecies*. *Sumidoiros de carbono*

1. Serán considerados sumidoiros de carbono, como poden ser os solos agrícolas, as masas forestais, os humedais, os ecosistemas mariños e outros sistemas naturais ou seminaturais, como un compoñente esencial na economía das rexións de cara á neutralidade de carbono.

2. A Administración promoverá a identificación, a mellora, o mantemento e a ampliación destes sumidoiros, mediante plans específicos, e integrará nos instrumentos de planificación a súa capacidade, o seu seguimento e a súa valorización económica.

3. Estableceranse requisitos e incentivos para as xestións que incrementen a capacidade de captura de carbono, e as administracións facilitarán o acceso das entidades territoriais, das empresas e das comunidades locais aos instrumentos de financiamento habilitados.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 49, de Adición

Débese crear un novo artigo 24 *octodecies*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 24 octodecies. Ordenación do territorio, planeamento urbanístico e rexeneración urbana

1. O ordenamento do territorio e o planeamento urbanístico deberán integrar a transición enerxética e a adaptación ao cambio climático como elementos centrais para reducir a vulnerabilidade fronte aos riscos climáticos e para promover a eficiencia enerxética, as fontes renovables de proximidade, a mobilidade sustentable e a infraestrutura verde.
2. Nos procesos de rexeneración urbana e nos novos desenvolvementos requirirase a elaboración de estratexias de adaptación, de integración de espazos verdes, de permeabilidade, de mitigación de illas de calor e de potenciación de servizos ecosistémicos urbanos.
3. As administracións locais coordinarán os seus instrumentos de planeamento coa escala supramunicipal e autonómica, garantindo a coherencia global e a participación social nos procesos de transformación.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 50, de Adición

Débase crear un novo artigo 24 *novodecies*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 24 *novodecies*. *Edificación e rehabilitación de edificios*

1. Nos novos edificios e nas actuacións de rehabilitación será obrigatorio incorporar criterios de eficiencia enerxética, de emprego de enerxías renovables de proximidade e de redución de emisións, conforme os prazos e os estándares que a normativa autonómica determine.

2. Serán establecidas unhas condicións mínimas de eficiencia e de integración de renovables para os edificios públicos e para os privados que optaren a beneficios ou a subvencións autonómicas.

3. Será implementado un programa autonómico para apoiar a rehabilitación enerxética, centrado nos barrios vulnerables, no parque edificatorio antigo, con especial atención á accesibilidade social e á inclusión da transición xusta.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 51, de Adición

- Débese crear un novo artigo 24 *vicies*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 24 vicies. Infraestruturas e equipamentos de titularidade pública

1. Os proxectos de infraestruturas e de equipamentos de titularidade pública deberán avaliar, no seu proxecto e ciclo de vida, os efectos sobre o consumo de combustibles fósiles, de auga e das emisións de gases de efecto invernadoiro directas e indirectas, así como os custos enerxéticos correspondentes ao seu ciclo de vida.
2. A Administración autonómica establecerá coeficientes ou criterios de referencia para esa avaliación e promoverá a contratación pública verde e a utilización de metodoloxías de ciclo de vida e de compra pública innovadora.
3. As administracións locais deberán aplicar estas directrices nos seus programas de investimento, de planificación e de concesión de contratos públicos.».

**TEXTO DO PROXECTO:****TÍTULO III****Instrumentos económicos e de fomento****INFORME DE PONENCIA:****TÍTULO III****Instrumentos económicos e de fomento****EMENDAS PRESENTADAS:****NON SE PRESENTARON EMENDAS**



TEXTO DO PROXECTO:

CAPÍTULO I

Medidas de contratación pública e xestión patrimonial

INFORME DE PONENCIA:

CAPÍTULO I

Medidas de contratación pública e xestión patrimonial

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 25. Integración de criterios climáticos na contratación pública

1. Os órganos da Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia integrarán, de forma progresiva, criterios climáticos na contratación pública. Para iso incluírán, naqueles contratos para os que exista unha ficha no catálogo de cláusulas climáticas ao cal se refire o artigo seguinte, algúns dos criterios ou das cláusulas de redución das emisións de gases de efecto invernadoiro que se recollan na ficha referida, sempre que teñan relación co obxecto do contrato.

2. A integración da perspectiva climática na preparación dos contratos públicos poderá levarse a cabo mediante a incorporación de criterios ou de cláusulas nos pregos de prescricións técnicas particulares e/ou de criterios de solvencia técnico-profesional, de criterios de adxudicación ou de condicións especiais de execución do contrato nos pregos de cláusulas administrativas particulares.

A incorporación de criterios climáticos debe gardar relación co obxecto do contrato. Para estes efectos, os criterios climáticos terán que producir unha mellora no rendemento climático da prestación efectivamente contratada, xerando beneficios á sociedade, mediante a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro ou mediante o apoio ao resto dos obxectivos de mitigación e de adaptación climática desta lei.

3. Para cumprir co punto 1 deste artigo, na preparación das licitacións de contratos públicos do sector público autonómico teranse en conta, para alén das fichas do catálogo de cláusulas climáticas, os criterios comúns e os obxectivos de compra pública verde aprobados pola Comisión Europea.

Os documentos actualizados dos criterios comúns da Comisión Europea de compra pública verde e os catálogos de cláusulas



climáticas deberán ser publicados de forma que sexan clara e facilmente accesibles para o persoal dos órganos de contratación.

4. Os órganos da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia garantirán que, cando se formalizaren contratos sometidos a regulación harmonizada cuxo obxecto tiver unha repercusión no ámbito do cambio climático, se aplique o principio de «primeiro, a eficiencia enerxética» e se adquiran produtos, servizos, edificios e obras que teñan un alto rendemento enerxético, de conformidade coa Directiva (UE) 2023/1791 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de setembro de 2023, relativa á eficiencia enerxética e coa normativa estatal de transposición.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 25. Integración de criterios climáticos na contratación pública

1. Os órganos da Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia integrarán, de forma progresiva, criterios climáticos na contratación pública. Para iso incluírán, naqueles contratos para os que exista unha ficha no catálogo de cláusulas climáticas ao cal se refire o artigo 26, algúns dos criterios ou das cláusulas de redución das emisións de gases de efecto invernadoiro que se recollan na ficha referida, sempre que teñan relación co obxecto do contrato.

2. A integración da perspectiva climática na preparación dos contratos públicos poderá levarse a cabo mediante a incorporación de criterios ou de cláusulas nos pregos de prescricións técnicas particulares e/ou de criterios de solvencia técnico-profesional, de criterios de adxudicación ou de condicións especiais de execución do contrato nos pregos de cláusulas administrativas particulares.

A incorporación de criterios climáticos debe gardar relación co obxecto do contrato. Para estes efectos, os criterios climáticos terán que producir unha mellora no rendemento climático da prestación efectivamente contratada, xerando beneficios á sociedade, mediante a



redución de emisións de gases de efecto invernadoiro ou mediante o apoio ao resto dos obxectivos de mitigación e de adaptación climática desta lei.

3. Para cumprir co punto 1 deste artigo, na preparación das licitacións de contratos públicos do sector público autonómico teranse en conta, para alén das fichas do catálogo de cláusulas climáticas, os criterios comúns e os obxectivos de compra pública verde aprobados pola Comisión Europea.

Os documentos actualizados dos criterios comúns da Comisión Europea de compra pública verde e os catálogos de cláusulas climáticas deberán ser publicados de forma que sexan clara e facilmente accesibles para o persoal dos órganos de contratación.

4. Os órganos da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia garantirán que, cando se formalizaren contratos sometidos a regulación harmonizada cuxo obxecto tiver unha repercusión no ámbito do cambio climático, se aplique o principio de «primeiro, a eficiencia enerxética» e se adquiran produtos, servizos, edificios e obras que teñan un alto rendemento enerxético, de conformidade coa Directiva (UE) 2023/1791 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de setembro de 2023, relativa á eficiencia enerxética, e coa normativa estatal de transposición.

4 *bis*. Nos procedementos de adquisición e de contratación de medicamentos e produtos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia, darase prioridade a aqueles que xeren un impacto ambiental menor, sempre que manteñan os mesmos niveis de eficacia e de seguranza para os pacientes.

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA -Do G.P Popular de Galicia

Emenda nº 3, ao apartado 4 bis, de Adición



No artigo 25, débese engadir un novo punto, 4 *bis*, que terá o seguinte contido:

«4 *bis*. Nos procedementos de adquisición e contratación de medicamentos e produtos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia, darase prioridade a aqueles que xeren un impacto ambiental menor, sempre que manteñan os mesmos niveis de eficacia e de seguranza para os pacientes. ».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 33, de Adición

Débase engadir un novo artigo 25 *bis*, co seguinte texto:

«Artigo 25 bis. Utilización de modos sustentables e combustibles alternativos en vehículos propios

A partir da entrada en vigor desta lei, as administracións públicas de Galicia e o sector público deberán licitar a adquisición ou o arrendamento de vehículos cuxo sistema de propulsión non utilice combustibles fósiles.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 34, de Adición

Débese engadir un novo artigo 25 *ter*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 25 *ter*. Na organización de eventos e de actos públicos que realice o sector público institucional serán incorporados uns criterios de sustentabilidade, de redución de emisións e de prevención e redución de residuos.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 35, de Adición

Débese engadir un novo artigo 25 *quater*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 25 *quater*. *Servizos de comedor, de hostalaría e catering*

Nos contratos de servizos de hostalaría, de *catering* e de restauración, e nos contratos de subministración de alimentos, nomeadamente no caso de centros sociais, educativos e de saúde, promoveranse uns criterios de adxudicación que tiveren en conta a produción ecolóxica, a proximidade dos produtos, os circuitos curtos de distribución, a redución da pegada de carbono na produción e no transporte, a eficiencia enerxética dos procesos e a redución do refugallo alimentario.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 36, de Adición

Débese engadir un novo artigo 25 *quinquies*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 25 *quinquies*. *Orixe renovable do consumo eléctrico e do autoabastecemento*

1. As administracións públicas de Galicia promoverán que, desde a entrada en vigor desta lei, os contratos de subministración eléctrica foren de enerxía certificada de orixe renovable.

2. Establécese tamén a substitución progresiva dos equipamentos de uso público que empreguen enerxías fósiles por outros que utilicen enerxías de orixe renovable, de acordo cos plans de descarbonización que se deberán aprobar no prazo máximo de dous anos.

3. As administracións públicas aprobarán plans para o autobastecemento dos seus equipamentos e servizos mediante diferentes fontes de enerxía renovable. Fixarase un obxectivo temporal para desconectar a rede eléctrica dos edificios e dos equipamentos das administracións públicas.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 37, de Adición

Débase engadir un novo artigo 25 *sexies*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 25 *sexies*. *Construción, rehabilitación e adquisición de inmobles*

1. Nos edificios públicos de nova construción, as administracións públicas asumirán compromisos normativos e obxectivos concretos para:

a) Empregar técnicas de construción híbrida, co uso de solucións e de materiais con baixa pegada de carbono;

b) Incrementar a construción en madeira con fins estruturais e funcionais.

c) Aproveitar materiais reutilizables, de produtos reciclados e de bens e servizos de proximidade.

2. Co obxecto de incrementar gradualmente a construción sustentable, o Goberno galego impulsará a aprobación de normativa técnica, de formación e de asesoramento na redacción de proxectos e de informes de avaliación para garantir a calidade e a durabilidade dos materiais.



3. Os criterios de sustentabilizade serán utilizados tamén na rehabilitación de inmobles, excepto no caso de bens de interese histórico ou arquitectónico senlleiros que non puideren cumprir os requisitos mencionados.

4. No caso da adquisición e do arrendamento de inmobles para equipamentos públicos será valorado como criterio de adxudicación o feito de que sexan enerxeticamente eficientes.».



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 26. Catálogos de cláusulas climáticas para a contratación pública

1. A Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático elaborará, no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, un programa de contratación pública verde que planifique o desenvolvemento progresivo da integración de criterios climáticos na contratación pública e que defina os medios de asesoramento e de apoio técnico aos órganos de contratación do sector público autonómico, ben como o programa formativo correspondente. O programa será revisado cada catro anos.

2. En virtude do que o citado programa de contratación pública verde estableza, a consellaría competente na materia de coordinación da contratación pública, por proposta da consellaría competente na materia de cambio climático, elaborará un catálogo de cláusulas climáticas, que incluírá instrucións para a súa incorporación adecuada nos pregos contractuais, como guía e apoio ao órgano de contratación.

3. O catálogo de cláusulas de contratación pública climática e circular constará dunha listaxe de fichas que estarán referidas aos tipos de prestación cualificadas como prioritarias, de acordo co previsto no punto 4. As fichas por tipoloxía contractual integrarán propostas motivadas de utilización clara de criterios e cláusulas ambientais dentro do proceso de preparación contractual, ben sexa como prescricións técnicas, como criterios de adxudicación, como criterios de solvencia técnico-profesional ou como condicións especiais de execución do contrato. As fichas incluírán os medios de verificación e de control dos criterios respectivos e unhas cláusulas ambientais e, de ser o caso, unhas metodoloxías de custo do ciclo de vida.

4. Para a elaboración de fichas do catálogo de cláusulas climáticas, terán a consideración de prioritarios os seguintes contratos:

a) Os contratos de servizos para a redacción de proxectos de obras, de contratos de obras e de concesións de obras, coa finalidade de



fomentar a eficiencia enerxética das obras e edificacións e as enerxías renovables, de promover o emprego de produtos de construción procedentes da economía circular ou sustentables, particularmente a madeira, e os sistemas de certificación da sustentabilidade das edificacións.

b) Os contratos de servizos ou de subministracións que tiveren por obxecto prestacións ligadas á adquisición de produtos alimenticios, coa finalidade de favorecer a adquisición de produtos ecolóxicos, frescos e de tempada e a compra de produtos de cadeas curtas de distribución; o emprego de envases con baixa pegada de carbono (uso de madeira e de produtos derivados desta, así como as súas reciclaxes); e o cumprimento do resto de obxectivos da Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia.

c) Os contratos de servizos vinculados á organización de eventos e de espectáculos públicos.

d) Os contratos identificados como prioritarios pola Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático, por proposta da Oficina de Cambio Climático de Galicia ou de calquera consellaría representada na súa composición.

5. As fichas do catálogo serán revisadas por períodos sucesivos cada catro anos ou polo período alternativo que establecer o programa de contratación pública verde, para actualizar o contido dos criterios e das cláusulas, de acordo coa evolución regulamentaria e coa evolución do mercado, dos custos das prestacións e dos avances técnicos.

6. A consellaría con competencias na materia de cambio climático, coa colaboración da consellaría competente na materia de coordinación da contratación pública, poderá promover un espazo de boas prácticas de contratación pública verde, no cal se recollan experiencias das entidades do sector público autonómico e das entidades locais de Galicia, nomeadamente daquelas de máis de vinte mil habitantes.



INFORME DE PONENCIA:

Artigo 26. Catálogos de cláusulas climáticas para a contratación pública

1. A Comisión Interdepartamental para o Impulso e a Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático elaborará, no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, un programa de contratación pública verde que planifique o desenvolvemento progresivo da integración de criterios climáticos na contratación pública e que defina os medios de asesoramento e de apoio técnico aos órganos de contratación do sector público autonómico, ben como o programa formativo correspondente. O programa será revisado cada catro anos.
2. En virtude do que o citado programa de contratación pública verde estableza, a consellaría competente na materia de coordinación da contratación pública, por proposta da consellaría competente na materia de cambio climático, elaborará un catálogo de cláusulas climáticas que incluírá instrucións para a súa incorporación adecuada nos pregos contractuais, como unha guía e un apoio ao órgano de contratación.
3. O catálogo de cláusulas de contratación pública climática e circular constará dunha listaxe de fichas que estarán referidas aos tipos de prestación cualificadas como prioritarias, de acordo co previsto no punto 4. As fichas por tipoloxía contractual integrarán propostas motivadas de utilización clara de criterios e cláusulas ambientais dentro do proceso de preparación contractual, ben sexa como prescricións técnicas, como criterios de adxudicación, como criterios de solvencia técnico-profesional ou como condicións especiais de execución do contrato. As fichas incluírán os medios de verificación e de control dos criterios respectivos e unhas cláusulas ambientais e, de ser o caso, unhas metodoloxías de custo do ciclo de vida.
4. Para a elaboración de fichas do catálogo de cláusulas climáticas, terán a consideración de prioritarios os seguintes contratos:



a) Os contratos de servizos para a redacción de proxectos de obras, de contratos de obras e de concesións de obras, coa finalidade de fomentar a eficiencia enerxética das obras e edificacións e as enerxías renovables, de promover o emprego de produtos de construción procedentes da economía circular ou sustentables, particularmente a madeira, e os sistemas de certificación da sustentabilidade das edificacións.

b) Os contratos de servizos ou de subministracións que tiveren por obxecto prestacións ligadas á adquisición de produtos alimenticios, coa finalidade de favorecer a adquisición de produtos ecolóxicos, frescos e de tempada e a compra de produtos de cadeas curtas de distribución; o emprego de envases con baixa pegada de carbono (uso de madeira e de produtos derivados desta, así como as súas reciclaxes); e o cumprimento do resto de obxectivos da Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia.

c) Os contratos de servizos vinculados á organización de eventos e de espectáculos públicos.

d) Os contratos identificados como prioritarios pola Comisión Interdepartamental para o Impulso e a Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático, por proposta da Oficina de Cambio Climático de Galicia ou de calquera consellaría representada na súa composición.

5. As fichas do catálogo serán revisadas por períodos sucesivos cada catro anos ou polo período alternativo que establecer o programa de contratación pública verde, para actualizar o contido dos criterios e das cláusulas, de acordo coa evolución regulamentaria e coa evolución do mercado, dos custos das prestacións e dos avances técnicos.

6. A consellaría con competencias na materia de cambio climático, coa colaboración da consellaría competente na materia de coordinación da contratación pública, poderá promover un espazo de boas prácticas de contratación pública verde, no cal se recollan experiencias das



entidades do sector público autonómico e das entidades locais de Galicia, nomeadamente daquelas de máis de vinte mil habitantes.

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 38, de Adición

Débase engadir un novo artigo 26 *bis*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 26 *bis*. *Plan de compra pública verde 2030*

1. O Goberno galego aprobará, no prazo máximo dun ano, o Plan de compra pública verde 2030, elaborado de modo participativo. O Plan incluírá uns obxectivos anuais e plurianuais nos seguintes ámbitos: no número de entidades públicas adheridas ao programa; no número de entidades privadas adheridas ao programa (entidades compradoras); no obxectivo de Desenvolvemento Sustentable (indicador 12.7.1, relativo á contratación con criterios ambientais); na porcentaxe de compra pública verde nas categorías priorizadas no Programa e no total da contratación.

2. Establécense as seguintes categorías prioritarias no Plan de compra pública verde 2030: obra civil e infraestruturas; edificación e urbanización; mobiliario; téxtiles; alimentación; xardinaxe e espazos verdes; enerxía eléctrica; iluminación pública; vehículos lixeiros; vehículos pesados; equipamentos informáticos e equipamentos de impresión.



3. O Goberno galego presentará un informe anual de avaliación e de seguimento do cumprimento dos obxectivos do Plan de compra pública verde.».



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 27. Utilización da pegada de carbono na preparación de contratos públicos

1. A pegada de carbono da prestación pode ser utilizada para definir especificacións técnicas, criterios de adxudicación e condicións especiais de execución do contrato, sempre que se dispoña de datos de referencia e de metodoloxías aplicables, accesibles para todas as partes licitadoras, para garantir o cumprimento dos principios da contratación pública.

A pegada de carbono da organización, especialmente as certificacións vinculadas a rexistros oficiais, só se poderán utilizar como un medio non exclusivo de acreditación da solvencia técnica e profesional para a xestión das emisións de gases de efecto invernadoiro na execución contractual.

2. Os pregos de cláusulas administrativas poderán establecer criterios de adxudicación de avaliación automática para identificar as ofertas con mellor rendemento climático, co seguinte contido:

a) Que permitan a comparación da pegada de carbono asociada, de maneira estimada, ás ofertas presentadas, sempre que, tendo en conta a prestación concreta, se dispoña de datos e de metodoloxías que permitan unha comparación obxectiva das ofertas, o cal deberá ser xustificado adecuadamente no expediente. Deberanse determinar na configuración do propio criterio o alcance, os datos de referencia e as metodoloxías aplicables para calcular a pegada de carbono, de modo que todos os licitadores empreguen as mesmas referencias técnicas para o cálculo e os medios de acreditación por parte do licitador. O criterio poderá estar referido a parte do ciclo de vida da oferta, como, por exemplo, ás emisións asociadas ao transporte de produtos nos contratos de subministración, de servizos ou de obras.

b) Que impliquen a asunción do compromiso, durante a execución contractual, de medir a pegada de carbono e, se for o caso, de reducir



e/ou de compensar as emisións de gases de efecto invernadoiro. Deberanse determinar na configuración do propio criterio os datos e as metodoloxías aplicables para calcular a pegada de carbono e os medios de acreditación por parte do contratista na execución contractual.

3. Nos contratos de servizo para a elaboración de proxectos de obra, de obras ou de concesión de obras, fomentarase a integración de especificacións técnicas referidas á utilización de produtos procedentes da economía circular ou sustentables, como a madeira, preferentemente de orixe local ou que cumpra os estándares dos sistemas de etiquetaxe ecolóxica, ou á eficiencia ou ao aforro enerxético. Nos contratos de servizo para a elaboración de proxectos de obra, poderase establecer a obriga de calcular e/ou de analizar a pegada de carbono, coa finalidade de escoller as alternativas de deseño de obras e de edificacións de maior rendemento enerxético e climático e de menor custo do ciclo de vida.

4. A consellaría competente na materia de cambio climático, en colaboración coa consellaría con competencias na materia de coordinación da contratación pública, elaborará unha guía metodolóxica para o uso da pegada de carbono na contratación pública, coherente co marco normativo e coas orientacións técnicas da Unión Europea e respectando os principios da contratación pública. Esta guía será actualizada periodicamente para integrar os avances na materia de dispoñibilidade de datos e de metodoloxías aplicables. Estas metodoloxías estarán aliñadas coa normativa e coas recomendacións da Unión Europea que se estableceren nesta materia.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 27. Utilización da pegada de carbono na preparación de contratos públicos

1. A pegada de carbono da prestación pode ser utilizada para definir especificacións técnicas, criterios de adxudicación e condicións especiais de execución do contrato, sempre que se dispoña de datos



de referencia e de metodoloxías aplicables, accesibles para todas as partes licitadoras, para garantir o cumprimento dos principios da contratación pública.

A pegada de carbono da organización, especialmente as certificacións vinculadas a rexistros oficiais, só se poderán utilizar como un medio non exclusivo de acreditación da solvencia técnica e profesional para a xestión das emisións de gases de efecto invernadoiro na execución contractual.

2. Os pregos de cláusulas administrativas poderán establecer criterios de adxudicación de avaliación automática para identificar as ofertas con mellor rendemento climático, co seguinte contido:

a) Que permitan a comparación da pegada de carbono asociada, de maneira estimada, ás ofertas presentadas, sempre que, tendo en conta a prestación concreta, se dispoña de datos e de metodoloxías que permitan unha comparación obxectiva das ofertas, o cal deberá ser xustificado adecuadamente no expediente. Deberanse determinar na configuración do propio criterio o alcance, os datos de referencia e as metodoloxías aplicables para calcular a pegada de carbono, de modo que todas as partes licitadoras empreguen as mesmas referencias técnicas para o cálculo e os medios de acreditación por parte do licitador. O criterio poderá estar referido a parte do ciclo de vida da oferta, como, por exemplo, ás emisións asociadas ao transporte de produtos nos contratos de subministración, de servizos ou de obras.

b) Que impliquen a asunción do compromiso, durante a execución contractual, de medir a pegada de carbono e, se for o caso, de reducir e/ou de compensar as emisións de gases de efecto invernadoiro. Deberanse determinar na configuración do propio criterio os datos e as metodoloxías aplicables para calcular a pegada de carbono e os medios de acreditación por parte do contratista na execución contractual.

3. Nos contratos de servizo para a elaboración de proxectos de obra, de obras ou de concesión de obras, fomentarase a integración de



especificacións técnicas referidas á utilización de produtos procedentes da economía circular ou sustentables, como a madeira, preferentemente de orixe local ou que cumpra os estándares dos sistemas de etiquetaxe ecolóxica, ou á eficiencia ou ao aforro enerxético. Nos contratos de servizo para a elaboración de proxectos de obra, poderase establecer a obriga de calcular e/ou de analizar a pegada de carbono, coa finalidade de escoller as alternativas de deseño de obras e de edificacións de maior rendemento enerxético e climático e de menor custo do ciclo de vida.

4. A consellaría competente na materia de cambio climático, en colaboración coa consellaría con competencias na materia de coordinación da contratación pública, elaborará unha guía metodolóxica para o uso da pegada de carbono na contratación pública, coherente co marco normativo e coas orientacións técnicas da Unión Europea e respectando os principios da contratación pública. Esta guía será actualizada periodicamente para integrar os avances na materia de dispoñibilidade de datos e de metodoloxías aplicables. Estas metodoloxías estarán aliñadas coa normativa e coas recomendacións da Unión Europea que se estableceren nesta materia.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 39, ao apartado 3, de Modificación

Débese substituír, no punto 3 do artigo 27, a expresión: «...poderase establecer a obriga...», pola seguinte: «...establécese a obriga...».



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 28. Utilización da pegada de carbono na execución de contratos públicos

1. Nas licitacións en que se inclúan criterios de adxudicación dos previstos no punto 2 do artigo 27, os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán recoller, como condición especial de execución, a obriga da parte contratista de medir a pegada de carbono na execución contractual para dispor de datos sobre o nivel de emisións na execución contractual, para verificar o cumprimento dos compromisos asumidos pola parte licitadora e, de ser o caso, para determinar o alcance das medidas de compensación das emisións verificadas. Deberanse determinar os datos e as metodoloxías aplicables para calcular a pegada de carbono.

2. Estas condicións especiais de execución poderán establecer obrigas de compensación de emisións de gases de efecto invernadoiro xerados na execución da obra ou do servizo obxecto do contrato. Poderase exixir que o cumprimento de medidas de compensación se estableza mediante o investimento en proxectos de absorción de carbono ou de redución da emisión de gases de efecto invernadoiro, ligados ao Sistema voluntario de créditos de carbono, segundo as previsións da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

3. No caso previsto no punto 1 deste artigo, a parte contratista deberá presentar un informe que indique o cálculo da pegada de carbono, coa periodicidade que sinale o prego de cláusulas administrativas particulares, e, en calquera caso, ao finalizar o contrato, co fin de comprobar o cumprimento efectivo do compromiso asumido pola parte contratista. Nos contratos do sector público de valor estimado igual ou superior a dous millóns de euros, o informe de verificación deberá ser emitido por un verificador independente.



O órgano de contratación poderá realizar con medios propios ou licitar, como un lote do contrato, unha auditoría sobre a pegada de carbono na execución do contrato. Neste último caso, limitarase a participación de empresas licitadoras na prestación principal para garantir a independencia da adxudicación da auditoría. Nos contratos de obras, a dirección facultativa da obra asumirá, entre as súas funcións, a dirección da auditoría.

4. Para garantir que na fase de execución se cumpran os compromisos ofertados pola parte licitadora e as condicións de execución do contrato ligadas á pegada de carbono, o prego de cláusulas administrativas particulares deberá prever as correspondentes penalidades por incumprimento, que deberán ser proporcionadas ao peso do criterio na valoración das ofertas.

5. Naqueles contratos de servizos que tiveren por obxecto a satisfacción de necesidades de tracto sucesivo, poderase incentivar, a través dun sistema de primas, a redución da pegada de carbono durante os anos da execución do contrato. Só será posible aplicar este pagamento por rendemento cando for posible determinar datos de referencia e metodoloxías de aplicación obxectiva para o cálculo da pegada de carbono.

6. Os órganos de contratación poderán exixir ás partes contratistas, como condición especial de execución, que faciliten información sobre a pegada de carbono, sobre o emprego de materiais con baixas emisións de carbono e sobre a circularidade dos materiais utilizados nos edificios novos e nos que teñan que ser obxecto de renovación. Os órganos de contratación poderán pór esta información á disposición do público para os contratos, nomeadamente no caso dos edificios novos cunha superficie superior a dous mil metros cadrados.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 28. Utilización da pegada de carbono na execución de contratos públicos



1. Nas licitacións en que se inclúan criterios de adxudicación dos previstos no punto 2 do artigo 27, os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán recoller, como condición especial de execución, a obriga da parte contratista de medir a pegada de carbono na execución contractual para dispor de datos sobre o nivel de emisións na execución contractual, para verificar o cumprimento dos compromisos asumidos pola parte licitadora e, de ser o caso, para determinar o alcance das medidas de compensación das emisións verificadas. Deberanse determinar os datos e as metodoloxías aplicables para calcular a pegada de carbono.

2. Estas condicións especiais de execución poderán establecer obrigas de compensación de emisións de gases de efecto invernadoiro xerados na execución da obra ou do servizo obxecto do contrato. Poderase exixir que o cumprimento de medidas de compensación se estableza mediante o investimento en proxectos de absorción de carbono ou de redución da emisión de gases de efecto invernadoiro, ligados ao Sistema voluntario de créditos de carbono, segundo as previsións da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

3. No caso previsto no punto 1 deste artigo, a parte contratista deberá presentar un informe que indique o cálculo da pegada de carbono, coa periodicidade que sinala o prego de cláusulas administrativas particulares, e, en calquera caso, ao finalizar o contrato, co fin de comprobar o cumprimento efectivo do compromiso asumido pola parte contratista. Nos contratos do sector público de valor estimado igual ou superior a dous millóns de euros, o informe de verificación deberá ser emitido por un verificador independente.

O órgano de contratación poderá realizar con medios propios ou licitar, como un lote do contrato, unha auditoría sobre a pegada de carbono na execución do contrato. Neste último caso, limitarase a participación de empresas licitadoras na prestación principal para garantir a independencia da adxudicación da auditoría. Nos contratos de obras,



a dirección facultativa da obra asumirá, entre as súas funcións, a dirección da auditoría.

4. Para garantir que na fase de execución se cumpran os compromisos ofertados pola parte licitadora e as condicións de execución do contrato ligadas á pegada de carbono, o prego de cláusulas administrativas particulares deberá prever as correspondentes penalidades por incumprimento, que deberán ser proporcionadas ao peso do criterio na valoración das ofertas.

5. Naqueles contratos de servizos que tiveren por obxecto a satisfacción de necesidades de tracto sucesivo, poderase incentivar, a través dun sistema de primas, a redución da pegada de carbono durante os anos da execución do contrato. Só será posible aplicar este pagamento por rendemento cando for posible determinar datos de referencia e metodoloxías de aplicación obxectiva para o cálculo da pegada de carbono.

6. Os órganos de contratación poderán exixir ás partes contratistas, como condición especial de execución, que faciliten información sobre a pegada de carbono, sobre o emprego de materiais con baixas emisións de carbono e sobre a circularidade dos materiais utilizados nos edificios novos e nos que teñan que ser obxecto de renovación. Os órganos de contratación poderán pór esta información á disposición do público para os contratos, nomeadamente no caso dos edificios novos cunha superficie superior a dous mil metros cadrados.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 40, ao apartado 3, de Modificación

Débese substituír, no punto 3 do artigo 28, o seguinte texto:



«O órgano de contratación poderá realizar con medios propios ou licitar, como un lote do contrato, unha auditoría sobre a pegada de carbono na execución do contrato.», polo seguinte texto: «O órgano de contratación realizará con medios propios ou licitará, como un lote do contrato, unha auditoría sobre a pegada do carbono na execución do contrato.»



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 29. Compra pública baixa en carbono por razón da proximidade

1. Os órganos de contratación do sector público autonómico e das entidades locais promoverán a adquisición de prestacións que xeren unha menor pegada de carbono na súa provisión, por razón da proximidade dos produtos ou dos servizos utilizados na súa execución, co fin de reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro.

2. Para facilitar o disposto no punto 1, o catálogo de cláusulas climáticas establecerá unhas cláusulas e uns criterios, vinculados ao obxecto do contrato, que cumpran os requisitos do punto 1 e que sexan respectuosos cos principios da contratación pública. Estas cláusulas darán preferencia ás condicións de execución do contrato e aos criterios de adxudicación que deban cumprirse na fase de execución do contrato e que non supoñan, en consecuencia, un límite no acceso á licitación.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 29. Compra pública baixa en carbono por razón da proximidade

1. Os órganos de contratación do sector público autonómico e das entidades locais promoverán a adquisición de prestacións que xeren unha menor pegada de carbono na súa provisión, por razón da proximidade dos produtos ou dos servizos utilizados na súa execución, co fin de reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro.

2. Para facilitar o disposto no punto 1, o catálogo de cláusulas climáticas establecerá unhas cláusulas e uns criterios, vinculados ao obxecto do contrato, que cumpran os requisitos do punto 1 e que sexan respectuosos cos principios da contratación pública. Estas cláusulas darán preferencia ás condicións de execución do contrato e aos criterios de adxudicación que deban cumprirse na fase de execución do contrato e que non supoñan, en consecuencia, un límite no acceso á licitación.



EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 30. Integración da perspectiva climática na xestión patrimonial

1. Sempre que for posible, nos procedementos de adquisición con concorrancia e publicidade de bens inmobles a título oneroso por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das súas entidades do sector público autonómico, utilizaranse criterios de adxudicación que fagan referencia á redución de gases de efecto invernadoiro das propostas ou dos proxectos.

2. O establecido no punto 1 tamén será aplicable aos procedementos de arrendamento de bens inmobles con concorrancia e publicidade que precisaren os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades do sector público autonómico.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 30. Integración da perspectiva climática na xestión patrimonial

1. Sempre que for posible, nos procedementos de adquisición con concorrancia e publicidade de bens inmobles a título oneroso por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das súas entidades do sector público autonómico, utilizaranse criterios de adxudicación que fagan referencia á redución de gases de efecto invernadoiro das propostas ou dos proxectos.

2. O establecido no punto 1 tamén será aplicable aos procedementos de arrendamento de bens inmobles con concorrancia e publicidade que precisaren os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades do sector público autonómico.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 41, de Supresión



Débese suprimir o texto do artigo 30.

**TEXTO DO PROXECTO:****CAPÍTULO II**

Medidas de fomento de proxectos e de iniciativas climáticas

INFORME DE PONENCIA:**CAPÍTULO II**

Medidas de fomento de proxectos e de iniciativas climáticas

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 31. Integración da perspectiva climática nas axudas públicas

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico convocarán axudas destinadas a fomentar proxectos e accións de mitigación e de adaptación climática para dar cumprimento aos obxectivos desta lei, de acordo coas liñas de actuación e coas medidas do Plan rexional integrado de acción climática.

2. As convocatorias de axudas da Xunta de Galicia poderán incorporar a perspectiva climática cando se prevexa fomentar actividades ou proxectos con impacto potencial nos obxectivos desta lei para apoiar os obxectivos de mitigación e de adaptación da Estratexia galega de cambio climático e do Plan rexional integrado de acción climática.

3. As convocatorias de axudas para financiar investimentos, financiadas total ou parcialmente con fondos europeos ou que executan medidas do Plan rexional integrado de acción climática, ou medidas de integración da perspectiva climática nos plans e nos programas sectoriais, deberán cumprir o principio de non causaren un prexuízo significativo aos obxectivos ambientais, de acordo co establecido nos artigos 9 e 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables, coas orientacións técnicas da Comisión Europea para aplicar o principio sinalado e, se for o caso, co que establecer a normativa da Unión Europea reguladora dos respectivos fondos aplicables.

4. O Consello da Xunta de Galicia poderá adoptar unhas directrices para a incorporación obrigatoria de criterios e de cláusulas específicos nas convocatorias de axudas do sector público autonómico.

INFORME DE PONENCIA:



Artigo 31. *Integración da perspectiva climática nas axudas públicas*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico convocarán axudas destinadas a fomentar proxectos e accións de mitigación e de adaptación climática para dar cumprimento aos obxectivos desta lei, de acordo coas liñas de actuación e coas medidas do Plan rexional integrado de acción climática.
2. As convocatorias de axudas da Xunta de Galicia poderán incorporar a perspectiva climática cando se prevexa fomentar actividades ou proxectos con impacto potencial nos obxectivos desta lei para apoiar os obxectivos de mitigación e de adaptación da Estratexia galega de cambio climático e do Plan rexional integrado de acción climática.
3. As convocatorias de axudas para financiar investimentos, financiadas total ou parcialmente con fondos europeos ou que executan medidas do Plan rexional integrado de acción climática, ou medidas de integración da perspectiva climática nos plans e nos programas sectoriais, deberán cumprir o principio de non causaren un prexuízo significativo aos obxectivos ambientais, de acordo co establecido nos artigos 9 e 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables, coas orientacións técnicas da Comisión Europea para aplicar o principio sinalado e, se for o caso, co que establecer a normativa da Unión Europea reguladora dos respectivos fondos aplicables.
4. O Consello da Xunta de Galicia poderá adoptar unhas directrices para a incorporación obrigatoria de criterios e de cláusulas específicos nas convocatorias de axudas do sector público autonómico.

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 32. Integración da perspectiva climática na fiscalidade

O Consello da Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias, promoverá a modificación dos instrumentos fiscais para incentivar no sector privado actuacións de apoio aos obxectivos de mitigación e de adaptación climática da Estratexia galega de cambio climático e ás liñas de actuación do Plan rexional integrado de acción climática e desta lei. Alén diso, fomentará que os entes locais tamén adapten os seus instrumentos fiscais na mesma liña.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 32. Integración da perspectiva climática na fiscalidade

O Consello da Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias, promoverá a modificación dos instrumentos fiscais para incentivar no sector privado actuacións de apoio aos obxectivos de mitigación e de adaptación climática da Estratexia galega de cambio climático e ás liñas de actuación do Plan rexional integrado de acción climática e desta lei. Alén diso, fomentará que os entes locais tamén adapten os seus instrumentos fiscais na mesma liña.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 42, de Modificación

Débese substituír o texto do artigo 32 polo que segue a continuación:

«Artigo 32. *Fiscalidade na materia de cambio climático*

1. O Goberno galego encomendará ao Comité Científico na Materia de Cambio Climático e ao



Sistema universitario galego unha proposta de fiscalidade verde que inclúa:

a) a creación de gravames sobre as actividades que contribúan para o incremento de emisións de gases de efecto invernadoiro, como, por exemplo as emisións de CO₂ de vehículos de tracción mecánica ou as emisións procedentes de instalacións industriais;

b) uns incentivos fiscais ás actividades e ás actuacións que favoreceren a mitigación, a adaptación e a captura de emisións.

2. A proposta de fiscalidade verde será trasladada ao Parlamento para a súa aprobación no prazo máximo de dezaioito meses.».



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 33. Integración da perspectiva climática nos orzamentos

1. Os obxectivos desta lei deberán ser incorporados nas normas orzamentarias anuais, coa finalidade de dispor de orzamentos climáticos. Esta obriga afectará os orzamentos das seguintes entidades:

a) Da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do sector público autonómico.

b) Dos concellos de máis de vinte mil habitantes.

c) Das deputacións provinciais.

2. A lei de orzamentos xerais de Galicia introducirá, cada ano, partidas dirixidas á adaptación e á mitigación do cambio climático en Galicia.

3. Para dar cumprimento a esta obriga, os proxectos de lei de orzamentos deberán ser acompañados dunha memoria que especifique os investimentos que executen medidas do Plan rexional integrado de acción climática ou que supoñan a integración da perspectiva climática noutros plans sectoriais, e que determine a contribución dos investimentos para os obxectivos climáticos.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 33. Integración da perspectiva climática nos orzamentos

1. Os obxectivos desta lei deberán ser incorporados nas normas orzamentarias anuais, coa finalidade de dispor de orzamentos climáticos. Esta obriga afectará os orzamentos das seguintes entidades:

a) Da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do sector público autonómico.



b) Dos concellos de máis de vinte mil habitantes.

b *bis*) Dos concellos de entre dez mil habitantes e vinte mil habitantes, a partir do ano 2028.

c) Das deputacións provinciais.

2. A lei de orzamentos xerais de Galicia introducirá, cada ano, partidas dirixidas á adaptación e á mitigación do cambio climático en Galicia.

3. Para dar cumprimento a esta obriga, os proxectos de lei de orzamentos deberán ser acompañados dunha memoria que especifique os investimentos que executen medidas do Plan rexional integrado de acción climática ou que supoñan a integración da perspectiva climática noutros plans sectoriais, e que determine a contribución dos investimentos para os obxectivos climáticos.

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 43, ao apartado 1. b bis), de Adición

Débese engadir unha nova alínea b *bis*) no artigo 33, co seguinte contido:

«b *bis*) Os concellos de entre dez mil habitantes e vinte mil habitantes a partir do ano 2028.».

REXEITADA

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 44, ao apartado 3 bis), de Adición

Débese engadir un novo punto 3 *bis*) no artigo 33, co seguinte contido:

«3 *bis*). A Administración pública autonómica presentará anualmente un informe do grao de



execución dos plans e dos programas relacionados cos obxectivos climáticos.».



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 34. Fondos para a transición climática e circular de Galicia

Os proxectos e as actuacións que foren coherentes cos obxectivos e coas medidas da Estratexia galega de cambio climático e cos dos plans rexionais integrados de acción climática poderán ser financiados, entre outros, cos seguintes recursos:

a) Cos recursos económicos que, de ser o caso, derivaren do Fondo social para o clima europeo, que se destinarán aos obxectivos e aos investimentos establecidos no Regulamento (UE) 2023/955 do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de maio de 2023, polo que se establece un Fondo social para o clima, ou a norma que o substituír, e das medidas previstas no correspondente Plan social polo clima de España.

b) Cos recursos económicos derivados da recadación dos tributos afectados ambientalmente nesta materia, dotados orzamentariamente.

c) Con calquera outra fonte de recursos económicos que se considerar adecuada para financiar eses proxectos e actuacións.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 34. Fondos para a transición climática e circular de Galicia

Os proxectos e as actuacións que foren coherentes cos obxectivos e coas medidas da Estratexia galega de cambio climático e cos dos plans rexionais integrados de acción climática poderán ser financiados, entre outros, cos seguintes recursos:

a) Cos recursos económicos que, de ser o caso, derivaren do Fondo social para o clima europeo, que se destinarán aos obxectivos e aos investimentos establecidos no Regulamento (UE) 2023/955 do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de maio de 2023, polo que se establece un Fondo social para o clima, ou a norma que o substituír,



e das medidas previstas no correspondente Plan social polo clima de España.

b) Cos recursos económicos derivados da recadación dos tributos afectados ambientalmente nesta materia, dotados orzamentariamente.

c) Con calquera outra fonte de recursos económicos que se considerar adecuada para financiar eses proxectos e actuacións.

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 52, de Adición

Débase crear un novo artigo 34 *bis*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 34 bis. Fiscalidade ambiental e instrumentos económicos ao servizo dos obxectivos da lei

1. As administracións públicas galegas competentes na materia tributaria promoverán, logo da consulta co departamento con competencias na materia de ambiente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o uso da fiscalidade ambiental e doutros instrumentos de política económica ambiental como medio para contribuír para cumprimento dos obxectivos establecidos nesta lei. Para este fin, poderán determinar nos seus orzamentos anuais a dotación dunha partida por un importe equivalente á recadación obtida a través destes instrumentos, especificamente destinada a protexer o ambiente, ben como a mitigar e adaptarse ao cambio climático.

2. As administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia poderán establecer, no ámbito das súas respectivas competencias, entre outras, as seguintes medidas fiscais e financeiras:

a) A creación de taxas pola emisión das autorizacións e das licenzas e pola recepción das comunicacións



previas ou das declaracións responsables previstas nesta lei.

b) A creación de tributos ou doutros instrumentos fiscais que graven o exercicio de actividades que xeren impactos negativos sobre o ambiente.

c) O establecemento de reducións, de bonificacións ou de exencións fiscais aplicables ás actividades que contribúan para cumprir os obxectivos desta lei e, en particular, aquelas orientadas á prevención e á preparación para a reutilización e a reciclaxe de residuos.»



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 35. *Rexistro galego de persoas promotoras da neutralidade climática*

1. O Rexistro galego de persoas promotoras da neutralidade climática, adscrito á consellaría con competencias na materia de cambio climático, ten como obxectivo facer constar publicamente os compromisos asumidos voluntariamente por organizacións, tanto públicas como privadas, con ou sen personalidade xurídica, e calquera iniciativa ou evento que, mediante a compensación da súa pegada de carbono, colaboren na consecución do obxectivo da neutralidade climática na nosa comunidade.

2. A inscrición no Rexistro será voluntaria e gratuíta. O ámbito de aplicación, de funcionamento, de contido e de condicións para a inscrición, e igualmente a posibilidade de as entidades rexistradas obtenen beneficios administrativos desenvolveranse regulamentariamente.

3. O Rexistro será público, nos termos que establece a normativa que regula os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza na materia de ambiente, sen prexuízo do que establece a lexislación sobre a protección de datos de carácter persoal.

4. De acordo co artigo 25.2 da Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia, o Instituto Galego de Estatística terá dereito a solicitar e obter os datos contidos no Rexistro para executar a planificación estatística.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 35. *Rexistro galego de persoas e entidades promotoras da neutralidade climática*



1. O Rexistro galego de persoas e entidades promotoras da neutralidade climática, adscrito á consellaría con competencias na materia de cambio climático, ten como obxectivo facer constar publicamente os compromisos asumidos voluntariamente por organizacións, tanto públicas como privadas, con ou sen personalidade xurídica, e calquera iniciativa ou evento que, mediante a compensación da súa pegada de carbono, colaboren na consecución do obxectivo da neutralidade climática na nosa comunidade.

2. A inscrición no Rexistro será voluntaria e gratuíta. O ámbito de aplicación, de funcionamento, de contido e de condicións para a inscrición, e igualmente a posibilidade de as entidades rexistradas obteren beneficios administrativos, desenvolveranse regulamentariamente.

3. O Rexistro será público, nos termos que establece a normativa que regula os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza na materia de ambiente, sen prexuízo do que establece a lexislación sobre a protección de datos de carácter persoal.

4. De acordo co artigo 25.2 da Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia, o Instituto Galego de Estatística terá dereito a solicitar e a obter os datos contidos no Rexistro para executar a planificación estatística.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 45, de Supresión

Débese suprimir o texto do artigo 35.



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 36. Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia

1. A Xunta de Galicia fomentará o desenvolvemento de proxectos e de actividades encamiñados a incrementar a absorción de carbono e a redución da emisión de gases de efecto invernadoiro, mediante o Sistema voluntario de créditos de carbono, previsto na Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

2. Nas bases reguladoras e nas convocatorias de axudas e de subvencións que realice a Administración autonómica para desenvolver proxectos ou actividades que foren susceptibles de absorber carbono ou de eliminar a emisión de gases de efecto invernadoiro, poderán establecerse criterios que teñan en conta os créditos de carbono xerados por medio das devanditas actuacións e recoñecidos no marco do Sistema voluntario de créditos de carbono.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 36. Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia

1. A Xunta de Galicia fomentará o desenvolvemento de proxectos e de actividades encamiñados a incrementar a absorción de carbono e a reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro, mediante o Sistema voluntario de créditos de carbono, previsto na Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

2. Nas bases reguladoras e nas convocatorias de axudas e de subvencións que realice a Administración autonómica para desenvolver proxectos ou actividades que foren susceptibles de absorber carbono ou de eliminar a emisión de gases de efecto invernadoiro, poderanse establecer criterios que teñan en conta os créditos de carbono xerados por medio das devanditas actuacións e recoñecidos no marco do Sistema voluntario de créditos de carbono.



EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 46, ao apartado 2 bis), de Adición

Débese engadir un novo punto 2 *bis* no artigo 36, que terá o seguinte contido:

«2 *bis*. O sistema de créditos de carbono será aplicado exclusivamente para proxectos que supuxeren uns beneficios na materia de servizos ecosistémicos. Establecerase un procedemento de avaliación e de auditoría para evitar aqueles proxectos ou actividades de *greenwashing*.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 53, de Adición

Débase crear un novo artigo 36 *bis*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 36 bis. Uso lexítimo dos créditos de carbono e prevención do branqueamento climático

1. Os créditos de carbono xerados no marco do Sistema voluntario de compensación de emisións da Comunidade Autónoma de Galicia deberán ser utilizados conforme os principios de adicionalidade, de verificabilidade, de transparencia, de rastrexabilidade e de integridade ambiental.

2. A adquisición ou a utilización destes créditos non poderá, en ningún caso:

a) Substituír o cumprimento das obrigas legais de redución de emisións ou de demais requisitos ambientais establecidos na normativa autonómica, na estatal ou na europea.

b) Empregarse para xustificar, para manter ou para encubrir prácticas empresariais ou institucionais ambientalmente insustentables ou contrarias aos obxectivos desta lei.

c) Ser utilizada de forma que induza en erro sobre o comportamento ambiental real dunha entidade, dun



proxecto, dun produto ou dun servizo, tanto en comunicacións públicas como comerciais.

3. Calquera comunicación pública, corporativa ou institucional relativa á compra, ao uso ou á posesión de créditos de carbono deberá incorporar, de maneira clara, verificable e accesible:

a) A identificación do proxecto que xerou o crédito, a metodoloxía empregada, o organismo verificador e a data de emisión.

b) A cantidade de emisións compensadas, o período temporal correspondente e o estado do crédito no Rexistro galego de créditos de carbono (vixente, cancelado, retirado ou vencido).

c) A relación entre a compensación realizada e a pegada de carbono total da entidade, da actividade ou do produto, especificando o grao de redución directa efectivamente atinxido.

4. A consellaría competente na materia de cambio climático poderá establecer, mediante unha disposición regulamentaria:

a) Un sistema de categorías de calidade dos créditos de carbono, en función da súa adicionalidade, da permanencia, da metodoloxía e dos beneficios sociais e ambientais.

b) As limitacións ou as condicións específicas para o seu uso, no acceso a procedementos administrativos, a contratación pública, a liñas de fomento ou a obtención de selos ou de distintivos ambientais.



c) Un código de boas prácticas para o uso lexítimo dos créditos de carbono, que poderá ter carácter obrigatorio para as entidades que accedan a beneficios públicos vinculados ao sistema.

5. O uso indebido, fraudulento ou enganoso dos créditos de carbono poderá dar lugar ás responsabilidades previstas pola normativa vixente na materia de publicidade, de defensa das persoas consumidoras, de competencia desleal e de protección ambiental, sen prexuízo das sancións e das accións complementarias que puideren corresponder.».



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 37. Sistema de recoñecemento de iniciativas de excelencia climática

1. Regulamentariamente establecerase un Sistema de recoñecemento de iniciativas de excelencia climática baseado en selos, en distintivos ou en premios autonómicos para recompensar o compromiso da cidadanía, das empresas e das entidades públicas e privadas coa mitigación do cambio climático, ben como outras medidas e iniciativas climáticas.

2. Regulamentariamente poderanse establecer e regular os distintivos e as cualificacións que recoñecen aqueles municipios que conseguiren obxectivos de redución de emisións, de adaptación climática e de fomento da produción e do consumo de proximidade.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 37. Sistema de recoñecemento de iniciativas de excelencia climática

1. Regulamentariamente establecerase un Sistema de recoñecemento de iniciativas de excelencia climática baseado en selos, en distintivos ou en premios autonómicos para recompensar o compromiso da cidadanía, das empresas e das entidades públicas e privadas coa mitigación do cambio climático, ben como outras medidas e iniciativas climáticas.

2. Regulamentariamente poderanse establecer e regular os distintivos e as cualificacións que recoñecen aqueles municipios que conseguiren obxectivos de redución de emisións, de adaptación climática e de fomento da produción e do consumo de proximidade.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 47, de Supresión



Débese suprimir o texto do artigo 37.



TEXTO DO PROXECTO:

TÍTULO IV

Instrumentos de sensibilización, de educación e de investigación

INFORME DE PONENCIA:

TÍTULO IV

Instrumentos de sensibilización, de educación e de investigación

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



TEXTO DO PROXECTO:

CAPÍTULO I

Sensibilización dos actores sociais

INFORME DE PONENCIA:

CAPÍTULO I

Sensibilización dos actores sociais

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 38. Campañas de información sobre o cambio climático

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o resto de entidades do sector público autonómico promoverán campañas de sensibilización cidadá sobre o cambio climático e as medidas de mitigación e de adaptación que se puideren aplicar desde os ámbitos públicos e privados. Para este efecto, promoverán, en colaboración coas entidades locais e con outras entidades, accións de educación non formal para sensibilizaren a poboación en xeral, dando especial énfase á mocidade.

2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración coas entidades locais, desenvolverá ferramentas de coñecemento e de divulgación destinadas a museos, a centros de ciencia, a bibliotecas e a outros medios de comunicación e de divulgación.

3. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración cos órganos competentes da Comunidade Autónoma na materia de cultura e deporte, promoverá campañas de sensibilización e de divulgación de boas prácticas. Neste sentido, promoveranse acordos de colaboración coa industria cultural e coas organizacións deportivas para acadar unha redución da pegada de carbono nos seus eventos, e tamén nas instalacións onde se realizaren as competicións e os eventos deportivos, e desenvolveranse eventos e iniciativas deportivas e artísticas de sensibilización.

4. As entidades locais poderán desenvolver campañas de sensibilización no marco do plan municipal de cambio climático.

5. A consellaría competente na materia de cambio climático levará a cabo estudos periódicos sobre o coñecemento e a percepción social en relación co cambio climático e creará, en colaboración coas entidades locais, canles de diálogo entre a cidadanía e as institucións,



como base para deseñar unhas políticas públicas e unhas estratexias de sensibilización e de comunicación máis efectivas.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 38. Campañas de información sobre o cambio climático

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o resto de entidades do sector público autonómico promoverán campañas de sensibilización cidadá sobre o cambio climático e as medidas de mitigación e de adaptación que se puideren aplicar desde os ámbitos públicos e privados. Para este efecto, promoverán, en colaboración coas entidades locais e con outras entidades, accións de educación non formal para sensibilizaren a poboación en xeral, dando especial énfase á mocidade.

2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración coas entidades locais, desenvolverá ferramentas de coñecemento e de divulgación destinadas a museos, a centros de ciencia, a bibliotecas e a outros medios de comunicación e de divulgación.

3. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración cos órganos competentes da Comunidade Autónoma na materia de cultura e deporte, promoverá campañas de sensibilización e de divulgación de boas prácticas. Neste sentido, promoveranse acordos de colaboración coa industria cultural e coas organizacións deportivas para acadar unha redución da pegada de carbono nos seus eventos, e tamén nas instalacións onde se realizaren as competicións e os eventos deportivos, e desenvolveranse eventos e iniciativas deportivas e artísticas de sensibilización.

4. As entidades locais poderán desenvolver campañas de sensibilización no marco do plan municipal de cambio climático.

5. A consellaría competente na materia de cambio climático levará a cabo estudos periódicos sobre o coñecemento e a percepción social en



relación co cambio climático e creará, en colaboración coas entidades locais, canles de diálogo entre a cidadanía e as institucións, como base para deseñar unhas políticas públicas e unhas estratexias de sensibilización e de comunicación máis efectivas.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 48, de Adición

Débese engadir no artigo 38, *in fine*, o seguinte texto:

«No marco da Estratexia galega de educación ambiental, o Goberno galego desenvolverá un programa específico de formación na materia de acción polo clima.».



TEXTO DO PROXECTO:

CAPÍTULO II

**Educación, investigación e colaboración cos actores sociais de
xeración de coñecemento climático**

INFORME DE PONENCIA:

CAPÍTULO II

**Educación, investigación e colaboración cos actores sociais de
xeración de coñecemento climático**

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 39. Integración da perspectiva climática na educación

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia procurará introducir en todos os niveis do sistema educativo e universitario de Galicia programas de formación dirixidos a proporcionar coñecementos, aptitudes e comportamentos que permitan o avance cara á neutralidade en carbono e cara á adaptación ao cambio climático, así como cara a unha sociedade resiliente.

2. A consellaría competente na materia de educación, en colaboración cos órganos competentes na materia de emprego e de cambio climático, revisará o tratamento do cambio climático nos diversos itinerarios formativos da educación formal e informal, para que fomente a capacitación para avanzar na materia de cambio climático, impulsando a formación do profesorado. Neste proceso de revisión e de adaptación dos itinerarios formativos, teranse necesariamente en consideración a perspectiva e as necesidades de coñecemento técnico dos actores económicos e sociais.

3. As administracións públicas de Galicia promoverán a profesionalización e a formación continuada do persoal do sector público autonómico implicado na xestión, directa ou indirecta, dos obxectivos e das medidas desta lei.

4. No caso de segmentos da poboación concretos, para garantir unha transición xusta, poranse en marcha accións para fomentar a actualización e o desenvolvemento das capacidades e dos coñecementos das persoas.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 39. Integración da perspectiva climática na educación

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia procurará introducir en todos os niveis do sistema educativo e



universitario de Galicia programas de formación dirixidos a proporcionar coñecementos, aptitudes e comportamentos que permitan o avance cara á neutralidade en carbono e cara á adaptación ao cambio climático, así como cara a unha sociedade resiliente.

2. A consellaría competente na materia de educación, en colaboración cos órganos competentes na materia de emprego e de cambio climático, revisará o tratamento do cambio climático nos diversos itinerarios formativos da educación formal e informal, para que fomente a capacitación para avanzar na materia de cambio climático, impulsando a formación do profesorado. Neste proceso de revisión e de adaptación dos itinerarios formativos, teranse necesariamente en consideración a perspectiva e as necesidades de coñecemento técnico dos actores económicos e sociais.

3. As administracións públicas de Galicia promoverán a profesionalización e a formación continuada do persoal do sector público autonómico implicado na xestión, directa ou indirecta, dos obxectivos e das medidas desta lei.

4. No caso de segmentos da poboación concretos, para garantir unha transición xusta, poranse en marcha accións para fomentar a actualización e o desenvolvemento das capacidades e dos coñecementos das persoas.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 54, de Modificación

No punto 1 do artigo 39, onde di: «...procurará introducir...», debe dicir: «...deberá introducir...».

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 49, ao apartado 1, de Modificación



Débese substituír, no punto 1 do artigo 39, a expresión: «...procurará introducir...», pola seguinte: «...presentará, no prazo máximo dun ano, un plan destinado a introducir...».



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 40. Integración da perspectiva climática na investigación

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o resto de entidades do sector público autonómico adoptarán medidas para aumentar a capacidade de Galicia en investigación e en innovación na materia de cambio climático e para fomentar unha transferencia de coñecemento activa e eficaz, a través da consecución dos seguintes obxectivos:

a) Reforzar o sistema de vixilancia e de seguimento dos efectos do cambio climático.

b) Desenvolver modelos climáticos e oceanográficos como ferramenta de apoio á planificación e á toma de decisións.

c) Reforzar o coñecemento e as capacidades de I+D en cambio climático e dos seus impactos en Galicia, con particular atención á xestión de recursos hídricos, á biodiversidade, ás enerxías renovables, á agricultura sustentable, á protección dos ecosistemas e á resiliencia das infraestruturas, así como á mellora dos recursos forestais e a súa transformación industrial.

d) Impulsar o estudo e as proxeccións dos efectos do cambio climático nos ecosistemas terrestres, mariños e costeiros; nos recursos hídricos; no sector primario (agrario, forestal, marisqueiro e pesqueiro); no medio urbano e rural; e na saúde.

e) Desenvolver instrumentos e estratexias para impulsar a acción climática na xestión do patrimonio natural de Galicia.

f) Promover a investigación aplicada para a adaptación climática do sector primario galego (agrario, forestal, marisqueiro e pesqueiro) ante as proxeccións de curto e de medio prazo do cambio climático.

g) Incorporar a perspectiva do cambio climático nos plans de apoio á investigación e á innovación de Galicia.



h) Pór en funcionamento liñas de financiamento e de apoio de proxectos de interese de xestión do coñecemento e de I+D para impulsar a transferencia de resultados de investigación cara a aplicacións industriais e cara á participación en programas europeos.

i) Integrar os resultados e os avances da investigación na planificación sectorial e xeral de Galicia fronte ao cambio climático.

j) Impulsar a compra pública innovadora para desenvolver novas solucións fronte ao cambio climático.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 40. Integración da perspectiva climática na investigación

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o resto de entidades do sector público autonómico adoptarán medidas para aumentar a capacidade de Galicia en investigación e en innovación na materia de cambio climático e para fomentar unha transferencia de coñecemento activa e eficaz, a través da consecución dos seguintes obxectivos:

a) Reforzar o sistema de vixilancia e de seguimento dos efectos do cambio climático.

b) Desenvolver modelos climáticos e oceanográficos como ferramenta de apoio á planificación e á toma de decisións.

c) Reforzar o coñecemento e as capacidades de I+D en cambio climático e dos seus impactos en Galicia, con particular atención á xestión de recursos hídricos, á biodiversidade, ás enerxías renovables, á agricultura sustentable, á protección dos ecosistemas e á resiliencia das infraestruturas, así como á mellora dos recursos forestais e a súa transformación industrial.

d) Impulsar o estudo e as proxeccións dos efectos do cambio climático nos ecosistemas terrestres, mariños e costeiros; nos recursos hídricos;



no sector primario (agrario, forestal, marisqueiro e pesqueiro); no medio urbano e rural; e na saúde.

e) Desenvolver instrumentos e estratexias para impulsar a acción climática na xestión do patrimonio natural de Galicia.

f) Promover a investigación aplicada para a adaptación climática do sector primario galego (agrario, forestal, marisqueiro e pesqueiro) ante as proxeccións de curto e de medio prazo do cambio climático.

g) Incorporar a perspectiva do cambio climático nos plans de apoio á investigación e á innovación de Galicia.

h) Pór en funcionamento liñas de financiamento e de apoio de proxectos de interese de xestión do coñecemento e de I+D para impulsar a transferencia de resultados de investigación cara a aplicacións industriais e cara á participación en programas europeos.

i) Integrar os resultados e os avances da investigación na planificación sectorial e xeral de Galicia fronte ao cambio climático.

j) Impulsar a compra pública innovadora para desenvolver novas solucións fronte ao cambio climático.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 55, de Modificación

No primeiro parágrafo do artigo 40, onde di: «...na materia de cambio climático e para fomentar unha transferencia de coñecemento activa e eficaz,», debe dicir: «...na materia de cambio climático, transición enerxética, avance cara á neutralidade en carbono e resiliencia do territorio...».

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia



Emenda nº 56, ao apartado j bis), de Adición

Débase engadir unha nova letra j *bis*) no artigo 40, que terá o seguinte contido:

j *bis*) Terase en conta a distinta situación e posición de mulleres e homes no ámbito da investigación e da innovación vinculada á transición ecolóxica, ao cambio climático e á enerxía, e promoverase activamente a participación das mulleres investigadoras nos grupos de investigación, así como o seu liderado como investigadoras principais. Para este fin, adoptaranse accións positivas encamiñadas a garantir a igualdade de oportunidades, a visibilizar as achegas das mulleres e a eliminar barreiras estruturais que dificulten a súa participación plena neste ámbito.».

**TEXTO DO PROXECTO:****TÍTULO V****Meteoroloxía, climatoloxía e calidade do aire****INFORME DE PONENCIA:****TÍTULO V****Meteoroloxía, climatoloxía e calidade do aire****EMENDAS PRESENTADAS:****NON SE PRESENTARON EMENDAS**



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 41. A Rede de observación meteorolóxica e climatolóxica de Galicia

1. A Rede de observación meteorolóxica e climatolóxica de Galicia é o conxunto de infraestruturas necesarias para prestar correctamente os servizos meteorolóxicos e climatolóxicos referidos neste título.

2. Esta rede debe estar conformada, cando menos, polas seguintes infraestruturas:

a) Por radares meteorolóxicos.

b) Por estacións meteorolóxicas automáticas que cubran todo o territorio da Comunidade.

c) Por boias mariñas.

d) Por detectores de raios.

e) Por cámaras web.

f) Por un equipamento de radiosondaxe.

g) Por un sistema de recepción de imaxes e de produtos de satélites meteorolóxicos.

INFORME DE PONENCIA:

Artigo 41. A Rede de observación meteorolóxica e climatolóxica de Galicia

1. A Rede de observación meteorolóxica e climatolóxica de Galicia é o conxunto de infraestruturas necesarias para prestar correctamente os servizos meteorolóxicos e climatolóxicos referidos neste título.

2. Esta rede debe estar conformada, cando menos, polas seguintes infraestruturas:

a) Por radares meteorolóxicos.



- b) Por estacións meteorolóxicas automáticas que cubran todo o territorio da Comunidade.
- c) Por boias mariñas.
- d) Por detectores de raios.
- e) Por cámaras web.
- f) Por un equipamento de radiosondaxe.
- g) Por un sistema de recepción de imaxes e de produtos de satélites meteorolóxicos.

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

**TEXTO DO PROXECTO:***Artigo 42. A Rede de calidade do aire de Galicia*

A Rede de calidade do aire de Galicia está integrada por todas as estacións de calidade do aire, fixas e móbiles, situadas tanto en aglomeracións urbanas como en zonas rurais en que exista unha obriga de control da calidade do aire consonte o establecido na lexislación vixente.

Para os efectos funcionais, a Rede está constituída por todas as estacións de medición equipadas con analizadores automáticos e manuais, de titularidade pública ou privada, existentes no territorio da Comunidade Autónoma e que sempre deben cumprir cos criterios de implantación, de mantemento e de calidade previstos regulamentariamente.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia definirá os criterios que deben seguirse canto ao número e á localización das estacións de calidade do aire, conforme a normativa vixente. Estas pasarán a facer parte da Rede de calidade do aire de Galicia.

INFORME DE PONENCIA:*Artigo 42. A Rede de calidade do aire de Galicia*

A Rede de calidade do aire de Galicia está integrada por todas as estacións de calidade do aire, fixas e móbiles, situadas tanto en aglomeracións urbanas como en zonas rurais en que exista unha obriga de control da calidade do aire, consonte o establecido na lexislación vixente.

Para os efectos funcionais, a Rede está constituída por todas as estacións de medición equipadas con analizadores automáticos e manuais, de titularidade pública ou privada, existentes no territorio da Comunidade Autónoma e que sempre deben cumprir cos criterios de



implantación, de mantemento e de calidade previstos regulamentariamente.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia definirá os criterios que deben seguirse canto ao número e á localización das estacións de calidade do aire, conforme a normativa vixente. Estas pasarán a facer parte da Rede de calidade do aire de Galicia.

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 43. Os servizos meteorolóxicos, climatolóxicos e de calidade do aire de Galicia

1. Os servizos meteorolóxicos, climatolóxicos e de calidade do aire de Galicia subministrarán datos e información nos eidos da meteoroloxía, da climatoloxía, da calidade do aire e das ciencias afíns, tanto ao sector público como á cidadanía e ao tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, pondo especial atención á información relativa ao ámbito das emerxencias. Desenvolverán, entre outras, as seguintes actividades:

a) A elaboración, a subministración e a difusión das informacións meteorolóxicas e das predicións de interese xeral para a cidadanía no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, incluíndo previsións no ámbito terrestre e no mariño e previsións específicas para diferentes situacións ou actividades, como poden ser as previsións para os Camiños de Santiago, para portos e confrarías, para praias ou para o índice ultravioleta (UV).

b) O prognóstico de situacións meteorolóxicas de risco. Para iso realizarán partes de aviso correspondentes que serán difundidos á poboación e ás diferentes administracións, nomeadamente ás institucións competentes na materia de protección civil. Deberán realizar o seguimento deses fenómenos de risco e prestar un asesoramento nesas situacións de risco a calquera departamento da Administración que o requirir e, en especial, ás autoridades de Protección Civil.

c) O desenvolvemento e o mantemento operativo de modelos meteorolóxicos, tanto deterministas como por conxuntos, de modelos hidrodinámicos, de modelos de ondas e de modelos da calidade do aire.

d) O apoio na procura de solucións específicas para as persoas usuarias finais: na loita contra os incendios forestais; na prevención de



asolagamentos ou secas; no apoio aos plans de xestión de contaminación mariña; nos episodios de calor ou frío; nos prognósticos do índice UV; nas previsións agrometeorolóxicas; na navegación; no turismo costeiro; na pesca; nas enerxías renovables, na afección á atmosfera dos accidentes industriais; e en calquera outra que for precisa.

e) A mellora continuada dos diferentes dispositivos de predición, mediante as mellores técnicas dispoñibles en cada momento, nomeadamente aquelas relacionadas cos modelos de datos baseados na intelixencia artificial.

f) A elaboración de informes e de estudos de carácter meteorolóxico e climatolóxico baixo demanda, tanto de particulares como das diferentes administracións públicas.

g) A elaboración e a actualización das proxeccións de cambio climático .

h) O mantemento e a xestión da Rede de observación meteorolóxica.

i) A verificación, a validación, o almacenamento e a distribución dos datos remitidos pola Rede de observación meteorolóxica.

j) O almacenamento e a distribución dos datos remitidos pola Rede de seguimento dos niveis de caudal dos ríos de Augas de Galicia.

k) A xestión da información meteorolóxica proveniente doutras redes de observación.

l) A depuración de series e a elaboración e distribución da información climatolóxica derivada da Rede de observación.

m) A xeración de produtos e de servizos meteorolóxicos e climatolóxicos relacionados, entre outros, coa hidroloxía, cos incendios forestais, co sector agrícola e co da saúde.



n) A formación e a sensibilización en cuestións meteorolóxicas, climáticas e de calidade do aire.

o) A xestión de proxectos nacionais e internacionais sobre meteoroloxía e clima nos cales participe a consellaría competente na materia de ambiente e cambio climático.

p) A elaboración de propostas de participación, de xestión e de posta en marcha de iniciativas innovadoras nas materias de meteoroloxía, de calidade do aire, de clima e de cambio climático que se puideren implantar ou desenvolver en Galicia.

q) O apoio na dinamización de iniciativas innovadoras nas materias de meteoroloxía, de calidade do aire e de clima que se implantaren ou se desenvolveren en Galicia, incluíndo a organización de eventos, de xornadas e de congresos.

r) O deseño, a implantación e a xestión da Rede de calidade do aire de Galicia segundo a lexislación vixente.

s) O mantemento das estacións de calidade do aire da titularidade da Xunta de Galicia.

t) A verificación, a validación, o control de calidade e a xestión dos datos remitidos en tempo real polas estacións da Rede de calidade do aire de Galicia.

u) A comunicación dos datos en tempo real aos organismos establecidos segundo a lexislación vixente.

v) O establecemento e a revisión da zonificación e a avaliación da calidade do aire de Galicia conforme a lexislación aplicable.

w) O mantemento e o control do Sistema de comunicacións da Rede de calidade do aire de Galicia.

x) A realización de campañas de medición indicativa coas unidades móbiles da Xunta de Galicia.



y) A xestión, a supervisión e a avaliación das campañas de medición indicativa de contaminantes non maioritarios.

z) O control e o seguimento da aplicación dos requisitos exixidos pola normativa aplicable.

aa) A elaboración dos informes da calidade do aire dentro dos procedementos de avaliación ambiental; de informes estatísticos e de cumprimento dos valores límite; de información sobre a calidade do aire; e do Informe anual de avaliación da calidade do aire de Galicia.

bb) A colaboración na elaboración e no seguimento de plans de mellora da calidade do aire, de follas de ruta e de plans de acción de curto prazo, nas situacións previstas na lexislación vixente.

cc) A atención ante alarmas xeradas polo Sistema de xestión de datos das estacións de calidade e o soporte na análise dos datos asociados ás alertas recibidas, segundo o procedemento establecido.

dd) O seguimento e a análise de episodios de contaminación atmosférica, de acordo co procedemento establecido.

ee) A verificación do modelo de predición da calidade do aire, contrastando datos reais e datos da predición.

ff) A atención ás solicitudes de información sobre o estado e sobre os datos da calidade do aire de Galicia.

gg) A subministración de información da calidade do aire á cidadanía e a colaboración con outros departamentos e administracións.

2. Estes servizos serán realizados sen prexuízo dos que corresponderen ao Estado, no ámbito das súas competencias.

INFORME DE PONENCIA:



Artigo 43. Os servizos meteorolóxicos, climatolóxicos e de calidade do aire de Galicia

1. Os servizos meteorolóxicos, climatolóxicos e de calidade do aire de Galicia subministrarán datos e información nos eidos da meteoroloxía, da climatoloxía, da calidade do aire e das ciencias afíns, tanto ao sector público como á cidadanía e ao tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, pondo especial atención á información relativa ao ámbito das emerxencias. Desenvolverán, entre outras, as seguintes actividades:

- a) A elaboración, a subministración e a difusión das informacións meteorolóxicas e das predicións de interese xeral para a cidadanía no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, incluíndo previsións no ámbito terrestre e no mariño e previsións específicas para diferentes situacións ou actividades, como poden ser as previsións para os Camiños de Santiago, para portos e confrarías, para praias ou para o índice ultravioleta (UV).
- b) O prognóstico de situacións meteorolóxicas de risco. Para iso realizarán partes de aviso correspondentes que serán difundidos á poboación e ás diferentes administracións, nomeadamente ás institucións competentes na materia de protección civil. Deberán realizar o seguimento deses fenómenos de risco e prestar un asesoramento nesas situacións de risco a calquera departamento da Administración que o requirir e, en especial, ás autoridades de Protección Civil.
- c) O desenvolvemento e o mantemento operativo de modelos meteorolóxicos, tanto deterministas como por conxuntos, de modelos hidrodinámicos, de modelos de ondas e de modelos da calidade do aire.
- d) O apoio na procura de solucións específicas para as persoas usuarias finais: na loita contra os incendios forestais; na prevención de asolagamentos ou secas; no apoio aos plans de xestión de contaminación mariña; nos episodios de calor ou frío; nos prognósticos



do índice UV; nas previsións agrometeorolóxicas; na navegación; no turismo costeiro; na pesca; nas enerxías renovables; na afección á atmosfera dos accidentes industriais; e en calquera outra que for precisa.

e) A mellora continuada dos diferentes dispositivos de predición, mediante as mellores técnicas dispoñibles en cada momento, nomeadamente aquelas relacionadas cos modelos de datos baseados na intelixencia artificial.

f) A elaboración de informes e de estudos de carácter meteorolóxico e climatolóxico baixo demanda, tanto de particulares como das diferentes administracións públicas.

g) A elaboración e a actualización das proxeccións de cambio climático.

h) O mantemento e a xestión da Rede de observación meteorolóxica.

i) A verificación, a validación, o almacenamento e a distribución dos datos remitidos pola Rede de observación meteorolóxica.

j) O almacenamento e a distribución dos datos remitidos pola Rede de seguimento dos niveis de caudal dos ríos de Augas de Galicia.

k) A xestión da información meteorolóxica proveniente doutras redes de observación.

l) A depuración de series e a elaboración e distribución da información climatolóxica derivada da Rede de observación.

m) A xeración de produtos e de servizos meteorolóxicos e climatolóxicos relacionados, entre outros, coa hidroloxía, cos incendios forestais, co sector agrícola e co da saúde.

n) A formación e a sensibilización en cuestións meteorolóxicas, climáticas e de calidade do aire.



ñ) A xestión de proxectos nacionais e internacionais sobre meteoroloxía e clima nos cales participe a consellaría competente na materia de ambiente e cambio climático.

o) A elaboración de propostas de participación, de xestión e de posta en marcha de iniciativas innovadoras nas materias de meteoroloxía, de calidade do aire, de clima e de cambio climático que se puideren implantar ou desenvolver en Galicia.

p) O apoio na dinamización de iniciativas innovadoras nas materias de meteoroloxía, de calidade do aire e de clima que se implantaren ou se desenvolveren en Galicia, incluíndo a organización de eventos, de xornadas e de congresos.

q) O deseño, a implantación e a xestión da Rede de calidade do aire de Galicia segundo a lexislación vixente.

r) O mantemento das estacións de calidade do aire da titularidade da Xunta de Galicia.

s) A verificación, a validación, o control de calidade e a xestión dos datos remitidos en tempo real polas estacións da Rede de calidade do aire de Galicia.

t) A comunicación dos datos en tempo real aos organismos establecidos segundo a lexislación vixente.

u) O establecemento e a revisión da zonificación e a avaliación da calidade do aire de Galicia conforme a lexislación aplicable.

v) O mantemento e o control do Sistema de comunicacións da Rede de calidade do aire de Galicia.

w) A realización de campañas de medición indicativa coas unidades móbiles da Xunta de Galicia.

x) A xestión, a supervisión e a avaliación das campañas de medición indicativa de contaminantes non maioritarios.



y) O control e o seguimento da aplicación dos requisitos exixidos pola normativa aplicable.

z) A elaboración dos informes da calidade do aire dentro dos procedementos de avaliación ambiental; de informes estatísticos e de cumprimento dos valores límite; de información sobre a calidade do aire; e do Informe anual de avaliación da calidade do aire de Galicia.

aa) A colaboración na elaboración e no seguimento de plans de mellora da calidade do aire, de follas de ruta e de plans de acción de curto prazo, nas situacións previstas na lexislación vixente.

bb) A atención ante alarmas xeradas polo Sistema de xestión de datos das estacións de calidade e o soporte na análise dos datos asociados ás alertas recibidas, segundo o procedemento establecido.

cc) O seguimento e a análise de episodios de contaminación atmosférica, de acordo co procedemento establecido.

dd) A verificación do modelo de predición da calidade do aire, contrastando datos reais e datos da predición.

ee) A atención ás solicitudes de información sobre o estado e sobre os datos da calidade do aire de Galicia.

ff) A subministración de información da calidade do aire á cidadanía e a colaboración con outros departamentos e administracións.

2. Estes servizos serán realizados sen prexuízo dos que corresponderen ao Estado, no ámbito das súas competencias.

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 44. Fins dos servizos meteorolóxicos, climatolóxicos e de calidade do aire de Galicia

Os servizos meteorolóxicos, climatolóxicos e de calidade do aire de Galicia perseguirán os seguintes fins xerais:

- a) Elaboraren predicións a diferentes prazos (moi curto, curto e de medio prazo) para Galicia.
- b) Realizaren avisos por fenómenos meteorolóxicos adversos.
- c) Manteren e xestionaren os modelos operacionais de predición meteorolóxica, oceanográfica e da calidade do aire.
- d) Manteren e xestionaren unha rede de observación meteorolóxica e de calidade do aire.
- e) Trataren, explotaren e divulgaren os datos procedentes da rede referida e dos modelos de predición operacionais.
- f) Promoveren actividades de formación, de sensibilización e de investigación nas materias meteorolóxica, climatolóxica e de calidade do aire.
- g) Asistiren e asesoraren a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico nas materias meteorolóxica, climatolóxica e de calidade do aire.
- h) Prestaren servizos de valor engadido e realizaren as actividades de consultoría meteorolóxica e climatolóxica que demandaren outras entidades públicas ou privadas.

INFORME DE PONENCIA:



Artigo 44. Fins dos servizos meteorolóxicos, climatolóxicos e de calidade do aire de Galicia

Os servizos meteorolóxicos, climatolóxicos e de calidade do aire de Galicia perseguirán os seguintes fins xerais:

- a) Elaboraren predicións a diferentes prazos (de moi curto, de curto e de medio prazo) para Galicia.
- b) Realizaren avisos por fenómenos meteorolóxicos adversos.
- c) Manteren e xestionaren os modelos operacionais de predición meteorolóxica, oceanográfica e da calidade do aire.
- d) Manteren e xestionaren unha rede de observación meteorolóxica e de calidade do aire.
- e) Trataren, explotaren e divulgaren os datos procedentes da rede referida e dos modelos de predición operacionais.
- f) Promoveren actividades de formación, de sensibilización e de investigación nas materias meteorolóxica, climatolóxica e de calidade do aire.
- g) Asistiren e asesoraren a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico nas materias meteorolóxica, climatolóxica e de calidade do aire.
- h) Prestaren servizos de valor engadido e realizaren as actividades de consultoría meteorolóxica e climatolóxica que demandaren outras entidades públicas ou privadas.

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



INFORME DE PONENCIA:

Artigo 44 bis. *Axencia Galega para o Clima e a Meteoroloxía*

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 50, de Adición

Débese engadir un novo artigo 44 *bis*, que terá o seguinte contido:

«Artigo 44 *bis*. *Axencia Galega para o Clima e a Meteoroloxía*

No prazo máximo dun ano, o Goberno galego creará a Axencia Galega para o Clima e a Meteoroloxía, que asumirá as funcións relacionadas co cambio climático, cos servizos meteorolóxicos e coa calidade do aire. Esta axencia desenvolverá análises, estudos, informes e propostas de actuación relacionados coa incidencia das alteracións climáticas nas emerxencias, na saúde, na biodiversidade, nas infraestruturas, no litoral e nos sectores económicos.».



TEXTO DO PROXECTO:

Disposición adicional primeira. *Financiamento do Foro de Acción Climática de Galicia*

A constitución do Foro de Acción Climática de Galicia e a súa posta en funcionamento non xerarán incremento ningún das consignacións orzamentarias da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

INFORME DE PONENCIA:

Disposición adicional primeira. *Financiamento do Foro de Acción Climática de Galicia*

A constitución do Foro de Acción Climática de Galicia e a súa posta en funcionamento non xerarán incremento ningún das consignacións orzamentarias da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 51, de Supresión

Débesse suprimir o texto da disposición adicional primeira.

REXEITADA -Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 57, de Adición

Proponse unha nova redacción para a disposición adicional primeira, que terá o seguinte contido.

«Disposición adicional primeira. *Financiamento das políticas de cambio climático e transición xusta*

1. Nos orzamentos anuais da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia crearase unha



partida orzamentaria para cumprir esta lei, que será dotada con fondos propios e cos recursos económicos que, de ser o caso, proveñan do Fondo social para o clima da Unión Europea, así como doutros instrumentos de financiamento europeos, estatais ou internacionais, co fin de servir como instrumento para executar estas políticas e as accións de mitigación e de adaptación ao cambio climático, e tamén para promover unha transición enerxética xusta.

2. A Xunta de Galicia establecerá regulamentariamente, no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, os criterios de provisión, de xestión, de organización e de distribución dos recursos económicos previstos no punto 1 desta disposición.

3. Para dar cumprimento aos obxectivos establecidos nesta lei, dispónse que, no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor, o departamento competente na materia de enerxía e o componente na materia de cambio climático, en coordinación co departamento competente na materia orzamentaria, elaborarán as directrices necesarias para indentificar e crear as partidas orzamentarias destinadas á súa execución.

4. As administracións públicas galegas competentes na materia tributaria promoverán, logo de consultar co departamento competente na materia ambiental da Xunta de Galicia, o uso da fiscalidade ambiental e doutros instrumentos de política económica sustentable para contribuír para os obxectivos desta lei. Igualmente, poderán establecer nos seus orzamentos anuais unha partida específica, cun



importe equivalente á recadación obtida mediante devanditas medidas, destinada a financiar actuacións vinculadas á protección ambiental, á mitigación e adaptación ao cambio climático e ao impulso dunha transición xusta.».



INFORME DE PONENCIA:

Disposición adicional primeira bis. *Rede de refuxios climáticos*

No prazo máximo dun ano, o Goberno galego presentará unha proposta de rede de refuxios climáticos, que será sometida a un procedemento de participación pública e de negociación coas entidades locais antes de a aprobar definitivamente.

EMENDAS PRESENTADAS:

TRANSACC. -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 55, de Adición

Débese engadir unha nova disposición adicional primeira *quinquies*, que terá o seguinte contido:

«Disposición adicional primeira *quinquies*. *Rede de refuxios climáticos*

No prazo máximo de seis meses, o Goberno galego presentará unha proposta de rede de refuxios climáticos que será sometida a un procedemento de participación pública e de negociación coas entidades locais antes da súa aprobación definitiva.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 52, de Adición

Débese engadir unha nova disposición adicional primeira *bis*, que terá o seguinte contido:

«Disposición adicional primeira *bis*. *Avaliación e seguimento*

No prazo máximo de seis meses, o Goberno galego aprobará un plan de avaliación e de seguimento de todos os plans, os programas e as medidas en relación co cambio climático.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 53, de Adición

Débese engadir unha nova disposición adicional primeira *ter*, que teráo seguinte contido:

«Disposición adicional primeira ter. *Inspección e réxime sancionador*

No prazo máximo dun ano, o Goberno galego aprobará unha normativa sobre a inspección e o réxime sancionador na materia de cambio climático.».



INFORME DE PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 54, de Adición

Débese engadir unha nova disposición adicional primeira *quater*, que terá o seguinte contido:

«Disposición adicional primeira *quater*. *Emerxencias e cambio climático*

O Goberno galego encargará ao Sistema universitario galego unha proposta para adaptar o sistema de emerxencias e protección civil aos riscos derivados do cambio climático.».



TEXTO DO PROXECTO:

Disposición adicional segunda. *Correlación dos instrumentos de acción climática*

A Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, aprobada o 3 de outubro de 2019, e o Plan rexional integrado de enerxía e clima 2030, aprobado o 20 de xaneiro de 2025, dan cumprimento, durante a súa vixencia, ao establecido no artigo 16 en relación cos instrumentos de acción climática.

Os plans de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES) aprobados darán cumprimento, durante a súa vixencia, ao establecido no artigo 16 en referencia aos plans de acción local polo clima.

INFORME DE PONENCIA:

Disposición adicional segunda. *Correlación dos instrumentos de acción climática*

A Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, aprobada o 3 de outubro de 2019, e o Plan rexional integrado de enerxía e clima 2030, aprobado o 20 de xaneiro de 2025, dan cumprimento, durante a súa vixencia, ao establecido no artigo 16 en relación cos instrumentos de acción climática.

Os plans de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES) aprobados darán cumprimento, durante a súa vixencia, ao establecido no artigo 16 en referencia aos plans de acción local polo clima.

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITADA -Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 56, de Supresión

Débesse suprimir o texto da disposición adicional segunda.



INFORME DE PONENCIA:

Disposición adicional segunda bis. *Medidas ambientais na incorporación de tecnoloxías sanitarias no Sistema Galego de Saúde*

As administracións responsables da prestación farmacéutica do Servizo galego de saúde avaliarán o impacto ambiental das tecnoloxías sanitarias e darán prioridade a aquelas que, coa mesma eficacia e seguranza que as alternativas dispoñibles, acheguen beneficios para o ambiente.

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA -Do G.P Popular de Galicia

Emenda nº 4, de Adición

Débese engadir unha nova disposición adicional, co seguinte texto:

«Disposición adicional segunda bis. *Medidas ambientais na incorporación de tecnoloxías sanitarias no Sistema galego de saúde*

As administracións responsables da prestación farmacéutica do Servizo galego de saúde avaliarán o impacto ambiental das tecnoloxías sanitarias e darán prioridade a aquelas que, coa mesma eficacia e seguranza que as alternativas dispoñibles, acheguen beneficios para o ambiente.».

**TEXTO DO PROXECTO:**

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opuxeren ao disposto nesta lei.

INFORME DE PONENCIA:

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opuxeren ao disposto nesta lei.

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

**TEXTO DO PROXECTO:**

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia para ditar todas as disposicións que foren precisas para desenvolver esta lei .

INFORME DE PONENCIA:

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia para ditar todas as disposicións que foren precisas para desenvolver esta lei.

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

**TEXTO DO PROXECTO:**

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor vinte días despois da súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG).

INFORME DE PONENCIA:

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor vinte días despois da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia (DOG)*.

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS



TEXTO DO PROXECTO:

Exposición de motivos.

I

O cambio climático é un fenómeno amplamente estudado pola comunidade científica en todo o mundo, e ten consecuencias nas esferas ambiental, económica e social.

O resumo do VI Informe de avaliación do Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático (pola súa sigla en inglés, IPCC —Intergovernmental Panel on Climate Change—), publicado en 2023, destaca que o cambio climático afecta todo o planeta e se está a acelerar e a intensificar. Establece, sen ningún xénero de dúbidas, que o cambio climático se debe á acumulación na atmosfera de gases de efecto invernadoiro (en adiante, GEI), resultado de diferentes actividades humanas.

O Informe do IPCC sinala que é urxente tomar medidas máis ambiciosas en todos os sectores e en todos os niveis, xa que aínda é posible garantir un futuro sustentable e habitable, pois dispónse das ferramentas necesarias para reducir, ao menos á metade, as emisións mundiais antes do ano 2030. A maior contribución para lograr estes obxectivos provirá da xeración eléctrica a partir de fontes renovables, como a enerxía eólica ou a enerxía solar, e tamén da protección e da restauración dos bosques e doutros ecosistemas.

O Informe tamén indica que a transformación necesaria non será posible sen equidade e sen xustiza social, integrando a acción climática coas políticas que puideren acadar un desenvolvemento sustentable, con baixas emisións e con medidas de protección social .

Na Conferencia das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, coñecida como a COP21 de París, desenvolvida en decembro de 2015, adoptouse un acordo histórico para combater o cambio climático e destacouse a importancia de se adaptar aos efectos adversos do



cambio climático, establecendo para iso o obxectivo de manter o aumento da temperatura media global moi por debaixo de 2 graos centígrados con respecto aos niveis preindustriais, alén de proseguir os esforzos para limitar o incremento referido a 1,5 graos centígrados.

Neste contexto de transición encádranse, por unha parte, as políticas de mitigación, que buscan reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e aumentar a capacidade de sumidoiro de dióxido de carbono; e por outra parte, as políticas de adaptación, que perseguen reducir os riscos que orixina o cambio climático para o ambiente, para a economía e para a sociedade no seu conxunto.

En Galicia, a visión actual de longo prazo ten como reto avanzar cara á neutralidade climática, cun modelo socioeconómico cada vez máis sustentable. Nese sentido, a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050 estableceu, no ano 2019, unha folla de ruta para lograr a neutralidade climática en Galicia antes do ano 2050. Esta estratexia definiu un marco integral para mitigar as emisións de gases de efecto invernadoiro e para se adaptar aos seus impactos. Este compromiso estratéxico integra os obxectivos de redución de emisións e as accións de investigación e de gobernanza social, coa principal finalidade de garantir unha transición xusta e inclusiva cara a unha sociedade resiliente e baixa en carbono.

A Estratexia desenvolveuse nun I Plan rexional integrado de enerxía e clima 2019-2023 (I PRIEC), que, segundo o Informe de avaliación aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do día 17 de xuño de 2024, reflectiu uns resultados de execución de 139 medidas, máis do oitenta por cento do total e máis do noventa por cento do orzamento aprobado neste I PRIEC.

A última actualización deste marco estratéxico sobre o cambio climático concretouse coa aprobación, o 20 de xaneiro de 2025, do II Plan rexional integrado de enerxía e clima 2030 (II PRIEC) que aborda os retos climáticos, con accións concretas e con obxectivos amplos. O II PRIEC baséase nunha planificación detallada que combina a



mitigación, a adaptación, a investigación e a sensibilización social, e destaca polo seu enfoque participativo, ao integrar a Administración pública, o sector privado e a cidadanía nun esforzo colectivo.

A Unión Europea actualizou a súa contribución para o Acordo de París, en decembro de 2020, e comprometeuse a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro nun mínimo do 55 por cento para o ano 2030 en comparación cos niveis de 1990. O Regulamento (UE) 2021/1119 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de xuño de 2021, tamén coñecido como a «lei europea sobre o clima», estableceu un marco vinculante para acadar a neutralidade climática na Unión Europea para o ano 2050. Este regulamento inclúe obxectivos específicos, como a redución interna neta das emisións de gases de efecto invernadoiro nun mínimo do 55 por cento para o 2030 en comparación cos niveis de 1990, en sectores tan diversos como o transporte, a enerxía, a agricultura e a construción. Fixa que os Estados membros e a Unión Europea deben aumentar a súa capacidade de adaptación, fortalecer a resiliencia e reducir a vulnerabilidade ao cambio climático.

Neste contexto, preténdese situar o clima como o eixo central das políticas públicas en Galicia para atinxir a neutralidade climática no horizonte do ano 2040; para reducir as emisións netas de gases de efecto invernadoiro, cando menos, nun 75 por cento no ano 2030 con respecto aos niveis de 1990; e para dar cumprimento aos obxectivos que se definan para o ano 2040 no marco do Acordo de París.

A planificación e a execución das políticas públicas e o exercicio das competencias que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia en múltiples materias, entre as cales poden ser mencionadas a saúde pública, a educación, as augas interiores e costeiras, a ordenación do territorio, as emerxencias e protección civil ou a prevención e a extinción dos incendios forestais, están estreitamente relacionados coa meteoroloxía e coa climatoloxía, nomeadamente desde a perspectiva da prevención dos riscos ante unha posible emerxencia.



Nese sentido, establécense os fins e os servizos meteorolóxicos e de calidade do aire que teñen unha vinculación directa coa prevención de catástrofes naturais, ben como cos efectos derivados das mudanzas no clima.

Nese contexto, tórnase preciso mellorar a coordinación dos órganos e das entidades do sector público autonómico de Galicia para os cales teñen unha especial relevancia os servizos meteorolóxicos, climatolóxicos e de calidade do aire, e igualmente potenciar e reforzar estes servizos, co fin de eles poderen cumprir con eficacia a súa función de subministrar datos e información nos ámbitos da meteoroloxía, da climatoloxía, da calidade do aire e das ciencias afíns, tanto ao sector público como á cidadanía e ao tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia.

II

Esta lei está estruturada nun título preliminar e cinco títulos, dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O título preliminar recolle as disposicións xerais, referidas aos obxectivos, aos principios, ao ámbito de aplicación e ás definicións. Os obxectivos xerais da lei contribúen para cumprir cos compromisos internacionais sobre a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, para facilitar a descarbonización de todos os sectores da economía galega e para promover a adaptación aos impactos do cambio climático.

Os obxectivos específicos da lei son, en primeiro lugar, atinxir a neutralidade climática en Galicia no horizonte do ano 2040, empregando para iso as actuacións de descarbonización recollidas nesta lei, xunto cos mecanismos de financiamento que soporten estas actuacións; en segundo lugar, a lei persegue reducir as emisións netas de gases de efecto invernadoiro, cando menos, nun 75 por cento no ano 2030 en relación cos niveis de 1990, e busca dar cumprimento aos



obxectivos que se definiren para o ano 2040 no marco do Acordo de París.

Os principios que guían a interpretación e a aplicación desta lei inclúen a «integración da perspectiva climática» nas decisións administrativas, garantindo que todas as políticas sectoriais e as actividades das administracións públicas de Galicia consideren o seu impacto no clima. Dáse carta de natureza ao principio de «non-regresión ambiental» e ao principio de «non causar danos significativos» aos obxectivos de mitigación e de adaptación. A lei integra os principios de «primeiro, eficiencia enerxética» e de eficiencia no uso de recursos como a auga e as materias primas, e de «quen contamina, paga», coa finalidade de os responsables da xeración de riscos e de impactos climáticos internalizaren os custos ambientais. Como expresión deste principio na redacción da lei, resalta a importancia dada no seu texto aos instrumentos económicos e de fomento, co fin de incentivar as iniciativas públicas e privadas coherentes cos obxectivos de transición climática e circular, de promover o uso racional dos recursos e de impulsar sectores económicos e modelos de negocios coherentes cos obxectivos desta lei.

O ámbito de aplicación da lei abrangue todas as administracións públicas de Galicia, así como as persoas físicas e xurídicas que desenvolveren actividades no territorio da Comunidade Autónoma. A integración da perspectiva climática no deseño e na aplicación das políticas sectoriais e da xestión administrativa vai requirir unha administración pública con suficientes recursos e capacidade, profesionalizada e baseada en datos e en coñecemento de calidade, de modo que poida dar unha resposta áxil, técnica, efectiva e transformadora á realización dos obxectivos de interese público desta lei.

O título I, «Gobernanza climática», aborda a estrutura da gobernanza climática en Galicia, asignando funcións específicas á Xunta de Galicia e á consellaría responsable na materia de cambio



climático. Establécense os órganos administrativos de xestión, de participación e de consulta, como a Oficina de Cambio Climático de Galicia e o Foro de Acción Climática. Garántense a coordinación interdepartamental e a integración da perspectiva climática na xestión administrativa das áreas estratéxicas, e tamén o impulso e a consolidación da Rede Local polo Clima e da Alianza Galega polo Clima. Créase o Portal de acción climática de Galicia, como unha ferramenta de información climática e de transparencia na política e na xestión administrativa autonómica na materia de cambio climático.

O título II, «Instrumentos de ordenación e de acción climática», detalla os instrumentos de acción climática, como a Estratexia galega de cambio climático, os plans rexionais integrados de acción climática e os plans de acción local polo clima.

A Estratexia galega de cambio climático establece o marco integrado e transversal de ordenación e de planificación de obxectivos, de políticas e de accións, mentres que o Plan rexional integrado de acción climática define as medidas específicas e as liñas de acción para alcanzar os obxectivos fixados na Estratexia.

Os plans de acción local polo clima, aprobados polas entidades locais, comprenden inventarios de emisións, avaliacións de riscos e medidas de mitigación e de adaptación, e serán desenvolvidos no marco da iniciativa do Pacto das alcaldías para o clima e a enerxía. Recóllese a obriga de os concellos de máis de vinte mil habitantes aprobaren estes plans.

O capítulo II do título II establece a integración da perspectiva climática na actividade administrativa sectorial. As consellarías con competencias nas áreas estratéxicas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia deberán incorporar a perspectiva climática na elaboración e na aprobación dos plans e dos programas sectoriais, na preparación dos contratos públicos e nas convocatorias de subvencións públicas, en conformidade cos obxectivos da lei, da



Estratexia galega de cambio climático e dos plans rexionais integrados de acción climática.

Os plans e os programas sectoriais terán en consideración a Estratexia galega de cambio climático e o Plan rexional integrado de acción climática, e integrarán, se for o caso, a perspectiva climática, mediante a avaliación ambiental estratéxica. Os proxectos sometidos a avaliación de impacto ambiental de proxectos deberán integrar igualmente a perspectiva climática, seguindo as indicacións dos documentos técnicos de referencia para elaborar os estudos de impacto ambiental.

O título III, «Instrumentos económicos e de fomento», enfócase nas medidas económicas e de fomento para apoiar a transición climática, incluíndo a integración de criterios climáticos na contratación pública e na xestión patrimonial.

O capítulo I do título III regula a contratación pública climática e circular e a integración da perspectiva climática na xestión patrimonial.

A contratación pública representa aproximadamente o catorce por cento do produto interior bruto en España, polo que é un instrumento tractor de especial relevancia para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro do sector público e para fomentar o desenvolvemento de modelos de negocio circulares e climáticos, impulsando así a competitividade da economía galega.

A lei dispón que os órganos da Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia integrarán, de forma progresiva, criterios climáticos en toda a contratación pública. Coa finalidade de concretar esta obriga na preparación das licitacións de contratos públicos do sector público autonómico, serán tidos en conta os criterios comúns de compra pública verde aprobados pola Comisión Europea e as fichas dos catálogos de cláusulas ambientais aprobados polo Consello da Xunta de Galicia.



A lei prevé que a consellaría competente na materia de contratación pública, en colaboración coa consellaría competente na materia de cambio climático, elaborará un catálogo de cláusulas climáticas en que dará prioridade aos contratos que fomenten a eficiencia enerxética, a adquisición de produtos ecolóxicos e a organización de eventos sustentables, e promoverá a eficiencia enerxética na contratación pública, mediante a incorporación das previsións da Directiva (UE) 2023/1791 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de setembro de 2023, relativa á eficiencia enerxética, na materia de contratación pública ecolóxica. A norma fomenta a utilización da pegada de carbono na preparación e na execución de contratos públicos, sempre que se dispoña dos datos e das metodoloxías que garantan o cumprimento dos principios da contratación pública.

Finalmente, a xestión patrimonial da Administración xeral e das entidades do sector público autonómico deberá integrar criterios climáticos na adquisición e no arrendamento de bens inmoables.

O capítulo II do título III regula as medidas de fomento de proxectos e de iniciativas climáticas.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico convocarán axudas para proxectos de mitigación e de adaptación climática, de acordo cos obxectivos desta lei e do Plan rexional integrado de acción climática. As axudas da Xunta de Galicia poderán incorporar a perspectiva climática, nomeadamente para actividades con impacto potencial nos obxectivos de mitigación e de adaptación da Estratexia galega de cambio climático. A lei prevé a promoción da modificación dos instrumentos fiscais para incentivar actuacións de apoio aos obxectivos climáticos, tanto a nivel autonómico como local.

A perspectiva climática deberá ser integrada nas normas orzamentarias anuais da Comunidade Autónoma de Galicia, dos concellos de máis de vinte mil habitantes e das deputacións



provinciais. A lei de orzamentos xerais de Galicia incluírá partidas para adaptar e mitigar o cambio climático, acompañadas dunha memoria que especifique os investimentos e a súa contribución para os obxectivos climáticos.

Para a execución de políticas e accións de mitigación e de adaptación ao cambio climático e de fomento da economía circular, así como para o investimento en proxectos de investigación e de innovación e para o desenvolvemento de medidas de sensibilización, de información e de educación sobre o cambio climático, a lei prevé os fondos para a transición climática e circular de Galicia. Estes recursos económicos integrarán, ao menos, os que corresponderen do Fondo social para o clima europeo, consonte o establecido no Regulamento (UE) 2023/955, do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de maio de 2023, e tamén os dotados orzamentariamente derivados da recadación dos tributos afectados ambientalmente nesta materia.

A lei crea o Rexistro galego de persoas promotoras da neutralidade climática, que ten como obxectivo facer constar publicamente os compromisos asumidos voluntariamente por organizacións, tanto públicas como privadas, con ou sen personalidade xurídica, e calquera iniciativa ou evento que, mediante a compensación da súa pegada de carbono, colaboren para conseguir o obxectivo da neutralidade climática na nosa comunidade. O Rexistro actuará como un medio para impulsar os obxectivos do Sistema voluntario de créditos de carbono, previsto na Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia. Finalmente, o Sistema de recoñecemento de iniciativas de excelencia climática é introducido na lei como unha medida de fomento para incentivar o compromiso dos actores sociais cos obxectivos desta lei.

O título IV, «Instrumentos de sensibilización, de educación e de investigación», dispón, no seu capítulo I, que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá campañas de sensibilización cidadá acerca do cambio climático. Para iso colaborará



coas entidades locais e con outras organizacións para desenvolver ferramentas de divulgación e de educación non formal. Ademais, fomentaranse acordos coa industria cultural e deportiva para reducir a pegada de carbono nos seus eventos e realizaranse estudos periódicos sobre a percepción social do cambio climático, creando canles de diálogo entre a cidadanía e as institucións.

O capítulo II aborda a integración da perspectiva climática na educación e na investigación. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia procurará introducir programas de formación en todos os niveis educativos para avanzar cara á neutralidade en carbono e á adaptación ao cambio climático. Alén diso, promoveranse a profesionalización e a formación continuada do persoal do sector público e adoptaranse medidas para aumentar a capacidade de investigación e de innovación na materia de cambio climático. Isto inclúe, entre outros, o desenvolvemento de modelos climáticos, o estudo dos efectos do cambio climático e as súas proxeccións, a promoción da investigación aplicada para promover a adaptación do sector primario e a integración dos resultados da investigación nos instrumentos de acción climática e sectorial de Galicia.

No título V regúlanse os servizos meteorolóxicos, climatolóxicos e de calidade do aire de Galicia e recóllese a descrición da Rede de observación meteorolóxica e climatolóxica de Galicia e da Rede de calidade do aire de Galicia.

Esta lei finaliza con dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

A disposición adicional primeira regula que a constitución do Foro de Acción Climática de Galicia e súa posta en funcionamento non suporán un incremento orzamentario.

A disposición adicional segunda indica que a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, aprobada o 3 de outubro de 2019, e o Plan rexional integrado de enerxía e clima 2030, aprobado o 20 de xaneiro de 2025, dan cumprimento, durante a súa vixencia, ao



establecido no artigo 16, en relación cos instrumentos de acción climática, e que os plans de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES) aprobados darán cumprimento, durante a súa vixencia, ao establecido no artigo 16, en referencia aos plans de acción local polo clima.

A disposición derogatoria única declara derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opuxeren a esta lei.

A disposición derradeira primeira autoriza o Consello da Xunta de Galicia para ditar as normas necesarias para desenvolver e executar esta lei.

A disposición derradeira segunda establece que esta lei entrará en vigor aos vinte días naturais despois da súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG).

III

Esta lei axústase aos principios de boa regulación previstos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, en que se exige que en todas as iniciativas normativas se xustificará a adecuación destas aos principios de necesidade, de proporcionalidade, de seguranza xurídica, de transparencia, de accesibilidade, de simplicidade e de eficacia.

Desta maneira, o principio de necesidade desta iniciativa lexislativa vén determinado por canto as medidas propostas unicamente poden ser introducidas mediante unha norma con rango de lei, por afectaren materias que están reservadas a este tipo de norma.

Respéctase o principio de proporcionalidade, dado que a lei é útil para os obxectivos de redución das emisións de gases de efecto invernadoiro e deseñáronse os medios menos restritivos para alcanzar esta finalidade, mediante un esforzo de simplificación e de integración da normativa vixente.



Préstase especial atención á efectividade do principio de seguranza xurídica, directamente conectado coa integración coherente da nova norma na ordenación xurídica vixente, de modo que o resultado sexa un marco normativo estable, claro, integrado e de certeza; e ao principio de transparencia, promovendo a participación máis ampla da cidadanía, en xeral, e, en particular, dos operadores técnicos e xurídicos implicados na materia, tanto na elaboración da propia lei como na fase de planificación, e sen menoscabo dos procedementos de participación que puideren estar previstos noutras normas; ben como ao principio de accesibilidade, garantindo o acceso a toda a información de que dispoña a Administración na materia obxecto de regulación.

Finalmente, en virtude dos principios de simplicidade e de eficacia, e dentro do obxectivo de simplificación administrativa e da normativa aplicable, evítanse as cargas administrativas innecesarias ou accesorias, o que supón a racionalización dos recursos públicos asociados á tramitación dos procedementos administrativos relacionados con elas.

O artigo 45 da Constitución Española recoñece o dereito de todas as persoas a gozaren dun ambiente adecuado ao seu desenvolvemento, tendo como contrapartida o deber de o conservaren. Este artigo impón ás autoridades públicas o deber de aseguraren o uso racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e de defender e restaurar o ambiente. Para iso apoiaranse na indispensable solidariedade colectiva.

Esta lei é ditada ao amparo da competencia atribuída á Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 27.30 do Estatuto de autonomía na materia de «Normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23ª». Alén diso, cómpre indicar que a Comunidade Autónoma ten recoñecidas competencias en diversas materias cuxo desenvolvemento está intimamente vinculado coa meteoroloxía e co clima. Tal é o caso das



competencias que posúe na materia de obras públicas que non teñan a cualificación de interese xeral do Estado (artigo 27.7); de vías férreas e estradas non incorporadas á rede do Estado e o transporte efectuado por estes medios (artigo 27.8); os portos, aeroportos e heliportos non cualificados de interese xeral polo Estado, e os portos de refuxio e portos e aeroportos deportivos (artigo 27.9); aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos cando as augas discorran integramente dentro do territorio da Comunidade, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.22º da Constitución (artigo 27.12); instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía eléctrica cando este transporte non saia do seu territorio (artigo 27.13); a pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo e a acuicultura (artigo 27.15); o fomento da investigación (artigo 27.19); e sobre normas adicionais sobre protección do medio ambiente (artigo 27.30). Tamén ten competencias, en execución da lexislación do Estado, na materia de salvamento marítimo (artigo 29.3) e sobre verteduras industriais e contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ao litoral galego (artigo 29.4); e por último, tamén corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva, de acordo coas bases e coa ordenación da actuación económica, na materia de agricultura e gandería (artigo 30.1.3).

Na tramitación do proxecto de lei foron observadas todas as garantías exixidas pola lexislación vixente na materia de participación pública, e promoveuse unha participación pública real e efectiva durante o procedemento. Ademais, na súa tramitación, emitiron informe os principais órganos competentes na materia de orzamentos, de función pública, de igualdade, de avaliación e reforma administrativa, ben como a Xunta Consultiva de Contratación, e deuse conta ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. O proxecto tamén conta co informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

INFORME DE PONENCIA:

Exposición de motivos.



I

O cambio climático é un fenómeno amplamente estudado pola comunidade científica en todo o mundo, que ten consecuencias nas esferas ambiental, económica e social.

O resumo do VI Informe de avaliación do Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático (pola súa sigla en inglés, IPCC — Intergovernmental Panel on Climate Change—), publicado en 2023, destaca que o cambio climático afecta todo o planeta e se está a acelerar e a intensificar. Establece, sen ningún xénero de dúbidas, que o cambio climático se debe á acumulación na atmosfera de gases de efecto invernadoiro (en adiante, GEI), resultado de diferentes actividades humanas. O Informe do IPCC sinala que é urxente tomar medidas máis ambiciosas en todos os sectores e en todos os niveis, xa que aínda é posible garantir un futuro sustentable e habitable, pois dispónse das ferramentas necesarias para reducir, ao menos á metade, as emisións mundiais antes do ano 2030. A maior contribución para lograr estes obxectivos provirá da xeración eléctrica a partir de fontes renovables, como a enerxía eólica ou a enerxía solar, e tamén da produción e da utilización de gases renovables, como o hidróxeno, o biogás e o biometano, ben como da protección e da restauración dos bosques e doutros ecosistemas. O Informe tamén indica que a transformación necesaria non será posible sen equidade e sen xustiza social, integrando a acción climática coas políticas que puideren acadar un desenvolvemento sustentable, con baixas emisións e con medidas de protección social.

Na Conferencia das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, coñecida como a COP21 de París, desenvolvida en decembro de 2015, adoptouse un acordo histórico para combater o cambio climático e destacouse a importancia de se adaptar aos efectos adversos do cambio climático, establecendo para iso o obxectivo de manter o aumento da temperatura media global moi por debaixo de 2 graos centígrados con respecto aos niveis preindustriais, alén de proseguir os esforzos para limitar o incremento referido a 1,5 graos centígrados.



Neste contexto de transición encádranse, por unha parte, as políticas de mitigación, que buscan reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e aumentar a capacidade de sumidoiro de dióxido de carbono; e por outra parte, as políticas de adaptación, que perseguen reducir os riscos que orixina o cambio climático para o ambiente, para a economía e para a sociedade no seu conxunto.

En Galicia, a visión actual de longo prazo ten como reto avanzar cara á neutralidade climática, cun modelo socioeconómico cada vez máis sustentable. Nese sentido, a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050 estableceu, no ano 2019, unha folla de ruta para lograr a neutralidade climática en Galicia antes do ano 2050. Esta estratexia definiu un marco integral para mitigar as emisións de gases de efecto invernadoiro e para se adaptar aos seus impactos. Este compromiso estratéxico integra os obxectivos de redución de emisións e as accións de investigación e de gobernanza social, coa principal finalidade de garantir unha transición xusta e inclusiva cara a unha sociedade resiliente e baixa en carbono.

A Estratexia desenvolveuse nun I Plan rexional integrado de enerxía e clima 2019-2023 (I PRIEC), que, segundo o Informe de avaliación aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do día 17 de xuño de 2024, reflectiu uns resultados de execución de 139 medidas, máis do oitenta por cento do total e máis do noventa por cento do orzamento aprobado neste I PRIEC.

A última actualización deste marco estratéxico sobre o cambio climático concretouse coa aprobación, o 20 de xaneiro de 2025, do II Plan rexional integrado de enerxía e clima 2030 (II PRIEC) que aborda os retos climáticos, con accións concretas e con obxectivos amplos. O II PRIEC baséase nunha planificación detallada que combina a mitigación, a adaptación, a investigación e a sensibilización social, e destaca polo seu enfoque participativo, ao integrar a Administración pública, o sector privado e a cidadanía nun esforzo colectivo.



A Unión Europea actualizou a súa contribución para o Acordo de París, en decembro de 2020, e comprometeuse a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro nun mínimo do 55 por cento para o ano 2030 en comparación cos niveis de 1990. O Regulamento (UE) 2021/1119 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de xuño de 2021, tamén coñecido como a «lei europea sobre o clima», estableceu un marco vinculante para acadar a neutralidade climática na Unión Europea para o ano 2050. Este regulamento inclúe obxectivos específicos, como a redución interna neta das emisións de gases de efecto invernadoiro nun mínimo do 55 por cento para 2030 en comparación cos niveis de 1990, en sectores tan diversos como o transporte, a enerxía, a agricultura e a construción. Fixa que os Estados membros e a Unión Europea deben aumentar a súa capacidade de adaptación, fortalecer a resiliencia e reducir a vulnerabilidade ao cambio climático.

Neste contexto, preténdese situar o clima como o eixo central das políticas públicas en Galicia para atinxir a neutralidade climática no horizonte do ano 2040; para reducir as emisións netas de gases de efecto invernadoiro, cando menos, nun 75 por cento no ano 2030 con respecto aos niveis de 1990; e para dar cumprimento aos obxectivos que se definan para o ano 2040 no marco do Acordo de París.

A planificación e a execución das políticas públicas e o exercicio das competencias que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia en múltiples materias, entre as cales poden ser mencionadas a saúde pública, a educación, as augas interiores e costeiras, a ordenación do territorio, as emerxencias e protección civil ou a prevención e a extinción dos incendios forestais, están estreitamente relacionados coa meteoroloxía e coa climatoloxía, nomeadamente desde a perspectiva da prevención dos riscos ante unha posible emerxencia.

Nese sentido, establécense os fins e os servizos meteorolóxicos e de calidade do aire que teñen unha vinculación directa coa prevención de catástrofes naturais, ben como cos efectos derivados das mudanzas no clima.



Nese contexto, tórnase preciso mellorar a coordinación dos órganos e das entidades do sector público autonómico de Galicia para os cales teñen unha especial relevancia os servizos meteorolóxicos, climatolóxicos e de calidade do aire, e igualmente potenciar e reforzar estes servizos, co fin de eles poderen cumprir con eficacia a súa función de subministrar datos e información nos ámbitos da meteoroloxía, da climatoloxía, da calidade do aire e das ciencias afíns, tanto ao sector público como á cidadanía e ao tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia.

II

Esta lei está estruturada nun título preliminar e cinco títulos, catro disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O título preliminar recolle as disposicións xerais, referidas aos obxectivos, aos principios, ao ámbito de aplicación e ás definicións. Os obxectivos xerais da lei contribúen para cumprir cos compromisos internacionais sobre a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, para facilitar a descarbonización de todos os sectores da economía galega e para promover a adaptación aos impactos do cambio climático.

Os obxectivos específicos da lei son, en primeiro lugar, atinxir a neutralidade climática en Galicia no horizonte do ano 2040, empregando para iso as actuacións de descarbonización recollidas nesta lei, xunto cos mecanismos de financiamento que soporten estas actuacións; en segundo lugar, a lei persegue reducir as emisións netas de gases de efecto invernadoiro, cando menos, nun 75 por cento no ano 2030 en relación cos niveis de 1990, e busca dar cumprimento aos obxectivos que se definiren para o ano 2040 no marco do Acordo de París.

Os principios que guían a interpretación e a aplicación desta lei inclúen a «integración da perspectiva climática» nas decisións administrativas, garantindo que todas as políticas sectoriais e as actividades das



administracións públicas de Galicia consideren o seu impacto no clima. Dáse carta de natureza ao principio de «non-regresión ambiental» e ao principio de «non causar danos significativos» aos obxectivos de mitigación e de adaptación. A lei integra os principios de «primeiro, eficiencia enerxética» e de eficiencia no uso de recursos como a auga e as materias primas, e de «quen contamina, paga», coa finalidade de os responsables da xeración de riscos e de impactos climáticos internalizaren os custos ambientais. Como expresión deste principio na redacción da lei, resalta a importancia dada no seu texto aos instrumentos económicos e de fomento, co fin de incentivar as iniciativas públicas e privadas coherentes cos obxectivos de transición climática e circular, de promover o uso racional dos recursos e de impulsar sectores económicos e modelos de negocios coherentes cos obxectivos desta lei.

O ámbito de aplicación da lei abrangue todas as administracións públicas de Galicia, así como as persoas físicas e xurídicas que desenvolveren actividades no territorio da Comunidade Autónoma. A integración da perspectiva climática no deseño e na aplicación das políticas sectoriais e da xestión administrativa vai requirir unha administración pública con suficientes recursos e capacidade, profesionalizada e baseada en datos e en coñecemento de calidade, de modo que poida dar unha resposta áxil, técnica, efectiva e transformadora á realización dos obxectivos de interese público desta lei.

O título I, «Gobernanza climática», aborda a estrutura da gobernanza climática en Galicia, asignando funcións específicas á Xunta de Galicia e á consellaría responsable na materia de cambio climático. Establécense os órganos administrativos de xestión, de participación e de consulta, como a Oficina de Cambio Climático de Galicia e o Foro de Acción Climática. Garántense a coordinación interdepartamental e a integración da perspectiva climática na xestión administrativa das áreas estratéxicas, e tamén o impulso e a consolidación da Rede Local polo Clima e da Alianza Galega polo Clima. Créase o Portal de acción climática de Galicia, como unha ferramenta de información climática e



de transparencia na política e na xestión administrativa autonómica na materia de cambio climático.

O título II, «Instrumentos de ordenación e de acción climática», detalla os instrumentos de acción climática, como a Estratexia galega de cambio climático, os plans rexionais integrados de acción climática e os plans de acción local polo clima.

A Estratexia galega de cambio climático establece o marco integrado e transversal de ordenación e de planificación de obxectivos, de políticas e de accións, mentres que o Plan rexional integrado de acción climática define as medidas específicas e as liñas de acción para alcanzar os obxectivos fixados na Estratexia.

Os plans de acción local polo clima, aprobados polas entidades locais, comprenden inventarios de emisións, avaliacións de riscos e medidas de mitigación e de adaptación, e serán desenvolvidos no marco da iniciativa do Pacto das alcaldías para o clima e a enerxía. Recóllese a obriga de os concellos de máis de vinte mil habitantes aprobaren estes plans.

O capítulo II do título II establece a integración da perspectiva climática na actividade administrativa sectorial. As consellarías con competencias nas áreas estratéxicas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia deberán incorporar a perspectiva climática na elaboración e na aprobación dos plans e dos programas sectoriais, na preparación dos contratos públicos e nas convocatorias de subvencións públicas, en conformidade cos obxectivos da lei, da Estratexia galega de cambio climático e dos plans rexionais integrados de acción climática.

Os plans e os programas sectoriais terán en consideración a Estratexia galega de cambio climático e o Plan rexional integrado de acción climática, e integrarán, se for o caso, a perspectiva climática, mediante a avaliación ambiental estratéxica. Os proxectos sometidos a avaliación de impacto ambiental de proxectos deberán integrar igualmente a



perspectiva climática, seguindo as indicacións dos documentos técnicos de referencia para elaborar os estudos de impacto ambiental.

O título III, «Instrumentos económicos e de fomento», enfócase nas medidas económicas e de fomento para apoiar a transición climática, incluíndo a integración de criterios climáticos na contratación pública e na xestión patrimonial.

O capítulo I do título III regula a contratación pública climática e circular e a integración da perspectiva climática na xestión patrimonial.

A contratación pública representa aproximadamente o catorce por cento do produto interior bruto en España, polo que é un instrumento tractor de especial relevancia para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro do sector público e para fomentar o desenvolvemento de modelos de negocio circulares e climáticos, impulsando así a competitividade da economía galega.

A lei dispón que os órganos da Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia integrarán, de forma progresiva, criterios climáticos en toda a contratación pública. Coa finalidade de concretar esta obriga na preparación das licitacións de contratos públicos do sector público autonómico, serán tidos en conta os criterios comúns de compra pública verde aprobados pola Comisión Europea e as fichas dos catálogos de cláusulas ambientais aprobados polo Consello da Xunta de Galicia.

A lei prevé que a consellaría competente na materia de contratación pública, en colaboración coa consellaría competente na materia de cambio climático, elaborará un catálogo de cláusulas climáticas en que dará prioridade aos contratos que fomenten a eficiencia enerxética, a adquisición de produtos ecolóxicos e a organización de eventos sustentables, e promoverá a eficiencia enerxética na contratación pública, mediante a incorporación das previsións da Directiva (UE) 2023/1791 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de setembro de 2023, relativa á eficiencia enerxética, na materia de contratación pública ecolóxica. A norma fomenta a utilización da pegada de carbono



na preparación e na execución de contratos públicos, sempre que se dispoña dos datos e das metodoloxías que garantan o cumprimento dos principios da contratación pública.

Finalmente, a xestión patrimonial da Administración xeral e das entidades do sector público autonómico deberá integrar criterios climáticos na adquisición e no arrendamento de bens inmoables.

O capítulo II do título III regula as medidas de fomento de proxectos e de iniciativas climáticas.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico convocarán axudas para proxectos de mitigación e de adaptación climática, de acordo cos obxectivos desta lei e do Plan rexional integrado de acción climática. As axudas da Xunta de Galicia poderán incorporar a perspectiva climática, nomeadamente para actividades con impacto potencial nos obxectivos de mitigación e de adaptación da Estratexia galega de cambio climático. A lei prevé a promoción da modificación dos instrumentos fiscais para incentivar actuacións de apoio aos obxectivos climáticos, tanto a nivel autonómico como local.

A perspectiva climática deberá ser integrada nas normas orzamentarias anuais da Comunidade Autónoma de Galicia, dos concellos de máis de vinte mil habitantes e das deputacións provinciais. A lei de orzamentos xerais de Galicia incluírá partidas para adaptar e mitigar o cambio climático, acompañadas dunha memoria que especifique os investimentos e a súa contribución para os obxectivos climáticos.

Para contribuír para o cumprimento dos obxectivos establecidos nesta lei, prevese o uso da fiscalidade ambiental e doutros instrumentos de política económica ambiental.

Para a execución de políticas e accións de mitigación e de adaptación ao cambio climático e de fomento da economía circular, así como para o investimento en proxectos de investigación e de innovación e para o



desenvolvemento de medidas de sensibilización, de información e de educación sobre o cambio climático, a lei prevé os fondos para a transición climática e circular de Galicia. Estes recursos económicos integrarán, ao menos, os que corresponderen do Fondo social para o clima europeo, consonte o establecido no Regulamento (UE) 2023/955, do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de maio de 2023, e tamén os dotados orzamentariamente derivados da recadación dos tributos afectados ambientalmente nesta materia.

A lei crea o Rexistro galego de persoas e entidades promotoras da neutralidade climática, que ten como obxectivo facer constar publicamente os compromisos asumidos voluntariamente por organizacións, tanto públicas como privadas, con ou sen personalidade xurídica, e calquera iniciativa ou evento que, mediante a compensación da súa pegada de carbono, colaboren para conseguir o obxectivo da neutralidade climática na nosa comunidade. O Rexistro actuará como un medio para impulsar os obxectivos do Sistema voluntario de créditos de carbono, previsto na Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia. Finalmente, o Sistema de recoñecemento de iniciativas de excelencia climática é introducido na lei como unha medida de fomento para incentivar o compromiso dos actores sociais cos obxectivos desta lei.

O título IV, «Instrumentos de sensibilización, de educación e de investigación», dispón, no seu capítulo I, que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá campañas de sensibilización cidadá acerca do cambio climático. Para iso colaborará con entidades locais e con outras organizacións para desenvolver ferramentas de divulgación e de educación non formal. Ademais, fomentaranse acordos coa industria cultural e deportiva para reducir a pegada de carbono nos seus eventos e realizaranse estudos periódicos sobre a percepción social do cambio climático, creando canles de diálogo entre a cidadanía e as institucións.



O capítulo II aborda a integración da perspectiva climática na educación e na investigación. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia procurará introducir programas de formación en todos os niveis educativos para avanzar cara á neutralidade en carbono e á adaptación ao cambio climático. Alén diso, promoveranse a profesionalización e a formación continuada do persoal do sector público e adoptaranse medidas para aumentar a capacidade de investigación e de innovación na materia de cambio climático. Isto inclúe, entre outros, o desenvolvemento de modelos climáticos, o estudo dos efectos do cambio climático e as súas proxeccións, a promoción da investigación aplicada para promover a adaptación do sector primario e a integración dos resultados da investigación nos instrumentos de acción climática e sectorial de Galicia.

No título V regúlanse os servizos meteorolóxicos, climatolóxicos e de calidade do aire de Galicia e recóllese a descrición da Rede de observación meteorolóxica e climatolóxica de Galicia e da Rede de calidade do aire de Galicia.

Esta lei finaliza con catro disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

A disposición adicional primeira regula que a constitución do Foro de Acción Climática de Galicia e súa posta en funcionamento non suporán un incremento orzamentario.

A disposición adicional segunda establece a rede de refuxios climáticos.

A disposición adicional terceira indica que a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, aprobada o 3 de outubro de 2019, e o Plan rexional integrado de enerxía e clima 2030, aprobado o 20 de xaneiro de 2025, dan cumprimento, durante a súa vixencia, ao establecido no artigo 16, en relación cos instrumentos de acción climática, e que os plans de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES) aprobados darán cumprimento, durante a súa vixencia, ao



establecido no artigo 16, en referencia aos plans de acción local polo clima.

A disposición adicional cuarta refírese ás medidas ambientais na incorporación de tecnoloxías sanitarias no Sistema galego de saúde.

A disposición derogatoria única declara derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opuxeren a esta lei.

A disposición derradeira primeira autoriza o Consello da Xunta de Galicia para ditar as normas necesarias para desenvolver e executar esta lei.

A disposición derradeira segunda establece que esta lei entrará en vigor aos vinte días naturais despois da súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG).

III

Esta lei axústase aos principios de boa regulación previstos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, en que se exige que en todas as iniciativas normativas se xustificará a adecuación destas aos principios de necesidade, de proporcionalidade, de seguranza xurídica, de transparencia, de accesibilidade, de simplicidade e de eficacia.

Desta maneira, o principio de necesidade desta iniciativa lexislativa vén determinado por canto as medidas propostas unicamente poden ser introducidas mediante unha norma con rango de lei, por afectaren materias que están reservadas a este tipo de norma.

Respéctase o principio de proporcionalidade, dado que a lei é útil para os obxectivos de redución das emisións de gases de efecto invernadoiro e deseñáronse os medios menos restritivos para alcanzar esta finalidade, mediante un esforzo de simplificación e de integración da normativa vixente.



Préstase especial atención á efectividade do principio de seguranza xurídica, directamente conectado coa integración coherente da nova norma na ordenación xurídica vixente, de modo que o resultado sexa un marco normativo estable, claro, integrado e de certeza; e ao principio de transparencia, promovendo a participación máis ampla da cidadanía, en xeral, e, en particular, dos operadores técnicos e xurídicos implicados na materia, tanto na elaboración da propia lei como na fase de planificación, e sen menoscabo dos procedementos de participación que puideren estar previstos noutras normas; ben como ao principio de accesibilidade, garantindo o acceso a toda a información de que dispoña a Administración na materia obxecto de regulación.

Finalmente, en virtude dos principios de simplicidade e de eficacia, e dentro do obxectivo de simplificación administrativa e da normativa aplicable, evítanse as cargas administrativas innecesarias ou accesorias, o que supón a racionalización dos recursos públicos asociados á tramitación dos procedementos administrativos relacionados con elas.

O artigo 45 da Constitución Española reconece o dereito de todas as persoas a gozaren dun ambiente adecuado ao seu desenvolvemento, tendo como contrapartida o deber de o conservaren. Este artigo impón ás autoridades públicas o deber de aseguraren o uso racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e de defender e restaurar o ambiente. Para iso apoiaranse na indispensable solidariedade colectiva.

Esta lei é ditada ao amparo da competencia atribuída á Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 27.30 do Estatuto de autonomía na materia de «Normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23ª». Alén diso, cómpre indicar que a Comunidade Autónoma ten recoñecidas competencias en diversas materias cuxo desenvolvemento está intimamente vinculado coa meteoroloxía e co clima. Tal é o caso das competencias que posúe na materia de obras públicas que non teñan a cualificación de interese



xeral do Estado (artigo 27.7); de vías férreas e estradas non incorporadas á rede do Estado e o transporte efectuado por estes medios (artigo 27.8); os portos, aeroportos e heliportos non cualificados de interese xeral polo Estado, e os portos de refuxio e portos e aeroportos deportivos (artigo 27.9); aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos cando as augas discorran integramente dentro do territorio da Comunidade, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.22º da Constitución (artigo 27.12); instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía eléctrica cando este transporte non saia do seu territorio (artigo 27.13); a pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo e a acuicultura (artigo 27.15); o fomento da investigación (artigo 27.19); e sobre normas adicionais sobre protección do medio ambiente (artigo 27.30). Tamén ten competencias, en execución da lexislación do Estado, na materia de salvamento marítimo (artigo 29.3) e sobre verteduras industriais e contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ao litoral galego (artigo 29.4); e por último, tamén corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva, de acordo coas bases e coa ordenación da actuación económica, na materia de agricultura e gandería (artigo 30.1.3).

Na tramitación do proxecto de lei foron observadas todas as garantías exixidas pola lexislación vixente na materia de participación pública, e promoveuse unha participación pública real e efectiva durante o procedemento. Ademais, na súa tramitación, emitiron informe os principais órganos competentes na materia de orzamentos, de función pública, de igualdade, de avaliación e reforma administrativa, ben como a Xunta Consultiva de Contratación, e deuse conta ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. O proxecto tamén conta co informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA -Do G.P Popular de Galicia

Emenda nº 5, de Modificación



Débese modificar o 3º parágrafo da exposición de motivos, que quedará redactado como segue:

«A maior contribución para lograr estes obxectivos provirá da xeración eléctrica a partir de fontes renovables, como a enerxía eólica ou a enerxía solar, **e tamén da produción e da utilización de gases renovables, como o hidróxeno, o biogás e o biometano**, así como da protección e da restauración dos bosques e doutros ecosistemas.».

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 58, ao apartado I, de Adición

Débese engadir, logo do parágrafo 10 da epígrafe I da exposición de motivos, que remata en: "«...vulnerabilidade ao cambio climático.»", o seguinte texto:

«Esta lei ten como obxectivo principal guiar Galicia cara a un modelo de desenvolvemento sustentable, resiliente e neutro en carbono, co horizonte do ano 2030 como primeira etapa chave. Neste sentido, preténdese alcanzar unha redución do 30 por cento nas emisións de gases de efecto invernadoiro, incrementar a presenza das enerxías renovables ata representar, no mínimo, o 20 por cento do consumo final de enerxía, e garantir a capacidade de adaptación do territorio galego fronte aos impactos crecentes do cambio climático.

Galicia afronta este desafío cunha elevada dependencia enerxética do exterior, superior ao 75 por cento, e cun sistema produtivo en que a industria consome máis do 40 por cento da enerxía total, seguida polo transporte —o 30 por cento—, o sector residencial —o 20 por cento— e o sector terciario —o 10 por cento—. Alén diso, a maior parte



do consumo continúa a depender de derivados do petróleo e de gas natural, polo que urxe acelerar a transformación do modelo enerxético. A transición enerxética exixirá unha reforma profunda dos sectores industrial e primario, da edificación e do transporte, combinando medidas de aforro e de eficiencia co desenvolvemento de tecnoloxías limpas. Neste proceso, cómpre aproveitar as oportunidades económicas e laborais derivadas da innovación e do avance tecnolóxico, garantindo unha subministración enerxética diversificada, segura e a un prezo accesible.

O novo modelo deberase basear nun sistema descentralizado, cun protagonismo para o autoconsumo individual e colectivo, cun pulo das comunidades enerxéticas e cunha participación activa da cidadanía na redución do consumo e na xeración de enerxía limpa. As redes intelixentes, o almacenamento enerxético e a xestión da demanda serán piares fundamentais nesta nova estrutura. É imprescindible adoptar políticas enerxéticas integradas que combinen accións consolidadas, como o impulso das renovables e a eficiencia, con novas estratexias baseadas no desenvolvemento de vectores enerxéticos alternativos e na circularidade económica. Para iso, o compromiso de todas as institucións, axentes económicos e sociais será chave, asumindo a corresponsabilidade colectiva na loita contra o cambio climático.

Neste contexto, é prioritario destacar o papel estratéxico que o sector eólico desempeña en Galicia. O seu desenvolvemento tórnase esencial para avanzar na electrificación da economía e na substitución progresiva das fontes fósiles; por tanto,



requírese un impulso decidido e planificado para aproveitar plenamente o seu potencial.

Galicia debe asumir un papel de liderado climático ambicioso, ollando para máis aló do ano 2030 e propóndose o ano 2035 como horizonte estratéxico, do mesmo modo que países pioneiros como Finlandia. Soamente así se poderá posicionar como referente internacional na acción climática, cun compromiso claro co futuro ambiental, económico e social do país.».

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 59, ao apartado II, de Adición

Débese engadir, no parágrafo 9 da epígrafe II, que remata en: «...vinte mil habitantes aprobaren estes plans.», o seguinte:

«Esta lei regula a colaboración financeira do Goberno da Xunta cos concellos, co fin de estes poderen atinxir os obxectivos marcados naquela e avanzaren cara a unha neutralidade climática.».

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 60, ao apartado II, de Adición

Débese engadir, despois do parágrafo 11 da epígrafe II, que remata en: «...os estudos de impacto ambiental.», o seguinte parágrafo:

«O capítulo III do título II establece directrices básicas para acadar a neutralidade climática a través dunha transición enerxética cara a un sistema enerxético descarbonizado, eficiente e baseado nas fontes renovables.»

**ACEPTADA**

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 61, ao apartado II, de Adición

Débese engadir, despois do parágrafo 20 da epígrafe II, que remata en: «...a súa contribución para os obxectivos climáticos.», o seguinte texto:

«Para contribuír para o cumprimento dos obxectivos establecidos nesta lei, prevese o uso da fiscalidade ambiental e doutros instrumentos de política económica ambiental.».

REXEITADA

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda nº 62, ao apartado II, de Adición

Débese engadir, despois do parágrafo 26 da epígrafe II, que remata en: «...unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.», o seguinte parágrafo:

«A disposición adicional primeira regula diferentes fórmulas de financiamento das políticas de cambio climático e transición xusta que prevé esta lei.».

